CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Narrativa Recuperada

Uxío Carré Aldao

Obra narrativa en galego

Mario Romero Triñanes

XUNTA DE GALICIA

Uxío Carré Aldao

Obra narrativa en galego

Estudio, notas e edición de Mario Romero Triñanes

Edita

Xunta de Galicia

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Celso Currás fernández

Director Xeral de Política Lingüística

Xesús P. González Moreiras

Coordinador Científico

Constantino garcía

Director Técnico de Literatura

Anxo Tarrío varela

Deseño da cuberta:

José Luis Teófilo. Comunicación

Composición e montaxe

Gráficas Garabal, S.L.

Imprime

Gráficas Garabal, S.L. • Santiago

I.S.B.N.

84-453-3000-4

Dep. Legal

C-2423/2000

Índice

Presentación 3
Uxío Carré Aldao. Apuntamentos biobibliográficos 11
Aproximación ós textos 21
Brétemas 23
Raiolas 25
Contos da forxa 27
Outros relatos 27
Análise dos contos 28
A terra chama 35
Valoración. A obra de Carré Aldao no contexto do seu tempo . 38
Presentación lingüística 41
Criterios de edición 49
Bibliografía 53
Brétemas 55
¡Miña xoia! 57
Un home 60
Raiolas 63
Axúdate que Dios che axudará 65
Padre noso, que estás nos ceos 69
O xastre larpeiro 72
Para moitos 75
Espartaco 78
A capa do xastre 82
O xuramento 86
O pintureiro 89
Un heroe de 1809 91
A ponte da freira 95
Dous cuadros 100
Derradeira leria 105

Contos da forxa 107
O escribán 109
Relatos publicados en prensa 115
¡Idilio! 117
¡Solo! 121
Problema 126
O mellor presente 128
A festa da aldea 130
A mellor cena 134
O premio 138
O hórreo 142
A terra chama 145

Presentación

O Libro que se presenta enmárcase no proxecto "Narrativa Recuperada" que se leva a cabo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, baixo a dirección do profesor Modesto Hermida, e que nacía hai catro anos coa vocación de poñer a disposición de tódolos galegos unha importante parte do noso legado cultural, como o que constitúe a producción narrativa en lingua galega de finais do século XIX e principios do XX.

Esta vocación divulgativa atinxe unha dimensión especial no caso da *Obra narrativa en galego* de Uxío Carré Aldao, coruñés "bo e xeneroso" e anfitrión de Pondal e Murguía, entre moitos outros, na "Cova Céltica". O seu papel aglutinador naquela fermosa unión de amor a Galicia, a prol da súa dignificación, así como a súa erudición e unha inxente obra historiográfica e bibliográfica é o máis coñecido de Carré Aldao. Non acontece o mesmo coa súa faceta de literato, polo que o Centro Ramón Piñeiro quere desta volta contribuír ó coñecemento da súa figura ofrecéndolles ós investigadores e ó público en xeral a reedición das súas obras narrativas, de difícil acceso, así como a exhumación de relatos espallados pola prensa da época.

Sirva, pois, este volume como unha contribución máis á recuperación do patrimonio literario que tan agarimosamente nos legaron os nosos antergos e que non merece quedar arredado polo esquecemento.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Uxío Carré Aldao.

Apuntamentos biobibliográficos

Uxío Carré Aldao. Apuntamentos biobibliográficos[1]

Nace Eugenio Carlos Florencio Carré Aldao o 5 de novembro de 1859 no número 30 da coruñesa rúa de San Nicolás, fillo de Xosé Carré Batista e María Aldao Caamaño. Os seus avós paternos eran orixinarios de Calella (Barcelona), chegados a Galicia a comezos do século XIX como tantas outras familias de comerciantes cataláns[2], aínda que o seu pai xa naceu en Galicia. Estudiou na Escola de Comercio da Coruña, dependente do Real Consulado, e moi pronto comezou a ter unha intensa actividade na súa condición de membro da Cámara de Comercio. Por este tempo creou a sociedade mercantil de coloniais "Sastre y Carré" e realizou frecuentes viaxes por España, Portugal e Francia. Foi tamén nesta época cando casou con Purificación Alvarellos Pena, natural de Sísamo (Carballo) coa que tería doce fillos. Algúns deles –como Eugenio, Leandro ou José-, chegaron a ocupar un relevante lugar no mundo cultural e literario galego.

É posible que o interese polo estudio e o cultivo do idioma galego xurdise nas frecuentes tempadas que a familia pasaba no campo en contacto cos habitantes do medio rural, concretamente cónstanos, a través do testemuño familiar[3], que a época estival pasábana na parroquia de Sergude, no Concello do Carral, espacio que como veremos vai ter unha reiterada e intensa presencia na súa obra literaria.

En 1888, Carré Aldao ingresou na masonería. Entrou a formar parte da loxia "Fraternidad VIII, nº 232", na que adoptou o nome de Gutemberg. Entre as actividades que desenvolveu este grupo, composto na súa maioría por comerciantes, estivo a Fundación da Sociedad de Seguros Mutuos, destinada a socorrer ós obreiros en caso de enfermidade. Na loxia, que se disolveu en 1891, coñeceu algúns personaxes da intelectualidade coruñesa[4].

---

[1] A máis detallada achega á vida e obra do autor é a que se inlúe na obra de Carré *A imprenta e a prensa en Galicia*, en edición de Xavier Agenjo e Ignacio Cabano, publicada pola Xunta de Galicia en 1991.

[2] Dedicáronse á industria panificadora, tal e como sinala Antonio Meijide Pardo en "Mercaderes catalanes en Galicia. Juan Carré y Barta", *Boletín de la Real Academia Gallega*, novembro 1959, pp. 28-49.

[3] Neste sentido agradecémola colaboración prestada por Abelardo Carré Naya, neto de Uxío Carré Aldao e fillo de Lois Carré Alvarellos.

[4] Vid. Alberto Valín Fernández, *La masonería y La Coruña. Introducción a la historia de la masonería gallega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984, pp. 73-104.

No mesmo ano de 1891 iniciou as súas actividades como editor e impresor. Para iso mercou a librería que posuía Andrés Martínez Salazar no número 16 da Rúa Rego de Auga. Dous anos despois adquiriu a imprenta de Domingo Puga, ós locais da cal trasladou, aínda que de xeito provisorio, a librería, sita no número 30 da Rúa Real. Durante o período no que rexentou a librería e a imprenta editou, cando menos, quince volumes, maioritariamente de creación literaria e de autoría de homes vinculados á Coruña da época e ó Rexionalismo: *A campana d'Anllóns,* de Eduardo Pondal; *Noitebras* e *Escravitú,* de Manuel Lugrís Freire e *Poesías,* de Francisco Tettamancy Gastón son algúns dos títulos publicados. Xosé Vicenzo Freire Lestón[5] fixo un pequeno balance do labor editorial da librería de Carré Aldao, poñendo de relevo a aposta pola poesía e o teatro e salientando o feito de que once das quince obras estivesen escritas en galego, o que resulta insólito no caso dos editores galegos dese tempo.

Foi precisamente alí, na Librería Regional, onde xurdiu un parladoiro galeguista -coñecido popularmente como a Cova Céltica[6]- que funcionou como auténtico núcleo do rexionalismo galego e que serviu de espacio aglutinador de iniciativas relacionadas coa literatura, a arte e a ciencia galegas. Este faladoiro viviu o seu momento de esplendor a partir de 1894, cando tiña entre os seus compoñentes, ademais de a Carré Aldao e Murguía, a Andrés Martínez Salazar, Francisco Tettamancy, Eladio Rodríguez González, Salvador Golpe, Galo Salinas, Florencio e Joaquín Vaamonde Lores e Manuel Lugrís Freire, entre outros[7]. As iniciativas que naceron na Cova Céltica foron moi diversas e incluíron o ámbito cultural, político e lingüístico. Carré Aldao, na súa condición de anfitrión, participou en todas elas.

---

[5] *A actividade editorial en Galicia (1850-1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego*, Vigo, Edicións do Cumio, 1997, pp. 43-45. Este mesmo autor apunta que os títulos mesmo poderían ser máis de quince xa que que cabe supoñer que algunhas obras que aparecen impresas no establecemento tipográfico de Ferrer lle pertenzan a Carré como editor.

[6] Apelativo que nace con intención pexorativa da pluma anticeltista de Celso García de la Riega pero que os asistentes ó parladoiro adoptaron con agrado.

[7] Vid. Francisco Tettamancy Gastón, *Víctor Said Armesto*, A Coruña: Imprenta Obreira, 1918, 2ªed. A nómina de asistentes é considerablemente ampla e contou coa presencia de Linares Rivas, Sofía Casanova ou Emilia Pardo Bazán entre outros, e mesmo visitantes que se achegaban á Coruña como é o caso de José Leite de Vasconcellos.

Destes contactos xorde, entre outras actividades, a Liga Gallega, organización fundada en 1897. Na redacción da acta fundacional atópase presente Carré Aldao, que forma parte, xunto a Lugrís Freire e Golpe Varela, da comisión directora baixo a presidencia de Murguía. Un ano despois producense reaxustes na xunta directiva, pasando Carré Aldao a ocupa-la secretaría. Integrará tamén a comisión que ergue en abril de 1899 o monumento ós mártires de Carral e estará presente na homenaxe que se lle rende a Curros no Teatro Rosalía de Castro en 1904.

Ademais, pasou a ser editor e redactor da *Revista Gallega,* publicación dirixida por Galo Salinas, onde se concedía especial atención ó momento literario galego e que fixo as veces de voceiro da mentada Liga. A *Revista Gallega* vai ter un período de vida que chega a 1907 e nela será especialmente activa a participación de Carré Aldao, tanto con colaboracións literarias, fundamentalmente poéticas, como traduccións ou artigos de opinión política. Ademais, a publicación mencionada contou con balances bibliográficos publicados con periodicidade anual e que, en parte, procedían do *Boletín Bibliográfico* da "Librería Gallega", que viña saíndo dende 1895. Esta publicación gratuíta daba conta das obras que ían saíndo en Galicia ou fóra de Galicia pero que con ela tiñan relación, contando ademais con información sobre novidades editoriais españolas e estranxeiras e dando información sobre xornais ou revistas que nacían ou desaparecían. Co pseudónimo Eurico Nagere foran publicados "Balances Literarios" de 1891, 1892, 1893, 1894 e 1895 nos xornais coruñeses *La Mañana* e *El Diario de avisos* e no ourensán *El Derecho.*

Á par desta andaina cultural e política engádese o quefacer poético, de xeito que no xornal *Galicia* publica o seu primeiro poema en 1892. A partir desta data as súas achegas ó xénero lírico van ter lugar en diferentes publicacións. É o caso de *La Raza, Santiago, Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* ou *El Eco de Mugía,* entre outras. En boa parte destas composicións, xunto a poemas de circunstancias, atopámonos con dúas liñas temáticas predominantes como son a fugacidade da vida e a vellez, así como contidos de ton reivindicativo referidos a Galicia.

En 1896, cando conta trinta e sete anos, sae da imprenta propia o primeiro libro da súa autoría, *Brétemas. Verso e prosa* e, en 1898, *Rayolas. Verso e prosa,* dúas coleccións non venais de poemas e relatos que dan a coñecer, dun xeito máis amplo, a súa faceta como literato e como traductor.

En 1903 publica tamén na súa propia imprenta a obra da súa autoría que máis admiración espertou: *La literatura gallega en el siglo XIX,* obra pioneira na historiografía da literatura galega polo seu esforzo recompilador e clasificador. En 1911 e cunhas miras aínda máis ambiciosas publica unha segunda edición desta súa obra, titulada *Literatura gallega: con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales gallegos,* editada desta volta pola Casa Editorial Maucci, de Barcelona.

Carré Aldao vai participar nalgunhas das iniciativas levadas a cabo para impulsa-lo nacemento da Real Academia Galega. Así, en 1895, na propia Librería Regional, desenvólvense unha serie de reunións nas que participa o noso autor e nas que se forma unha comisión redactora dos estatutos da futura institución. Carré Aldao, xunto con Murguía e López Seoane, presenta a dimisión o 26 de marzo dese ano. Por fin, no ano 1905, créase a Real Academia Galega. Carré Aldao está entre os seus fundadores e é nomeado secretario interino baixo a presidencia de Murguía; a partir da sesión inaugural do 30 de setembro de 1906 ocupará o posto, de forma ininterrompida, ata 1918.

No aspecto literario os anos 1907 e 1908 van ser especialmente prolíficos para Uxío Carré Aldao. No semanario *A Nosa Terra,* saído tamén da súa imprenta, publica a maioría dos relatos que conforman a súa producción narrativa, tanto inéditos coma procedentes dos dous libros xa mencionados. Ademais de relatos, semanalmente vai publicando por orde alfabética un refraneiro popular galego. En 1907 aparece o *Catecismo solidario*[8], texto reivindicativo, en galego e castelán, que segue a pauta marcada polo *Catecismo do labrego* de Valentín Lamas Carvajal, publicado por primeira vez en *A Nosa Terra* o 4 de novembro de 1907 e que chegou a ter unha tiraxe de 100.000 exemplares, segundo afirmou o propio Carré. Escribe este texto en colaboración con Xoán Beltrán Muíños, tal e como consta na súa obra *Literatura Gallega*, pese a que no fragmento que se reproduce no apéndice se indica que se trata dun texto de carácter anónimo. Este catecismo ten a súa orixe nun certame convocado por Solidaridad Gallega, na que se integran diferentes correntes rexionalistas, entre elas a dos asistentes á "Cova Céltica". Nesta colección de preceptos e consellos ofréceselles asesoramento ós labregos

[8] A Coruña: Imp. y Lit de L. Lorman.

animándoos a que presenten queixas e expoñan os problemas que lles puidesen xurdir; o enderezo que figura para canalizar tales reclamacións é o da librería de Carré.

En 1908 a Librería Regional pechou as súas portas, en vista das dificultades económicas. Carré Aldao decidiu dedicarse, a partir dese momento, ás súas actividades académicas e xornalísticas. Neste mesmo ano foi nomeadao bibliotecario da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña.

Durante o período que exerce de secretario da Real Academia, e tamén posteriormente, van ser numerosísimos os seus traballos no *Boletín de la Real Academia Gallega,* publicación que bota a andar en 1911. Predominan os estudios de historia e crítica literaria, entre outros "Nicomedes Pastor Díaz" (1911),"Impresores gallegos" (1912), "Estudio bio-bibliográfico-crítico acerca de Rosalía de Castro" (1926), "Apontamentos para a historia do teatro galego" (1931), etc.

Entre os seus traballos máis significativos no eido da literatura galega, ve a luz en 1911 *Influencias de la literatura gallega en la castellana: Estudios críticos y bibliográficos*[9], parte do cal fora premiado cun accésit, en 1910, pola sociedade viguesa La Oliva.

1915 volve ser un ano especialmente fértil na producción deste coruñés. Co título de *Guerra de la Independencia en España*[10] culmina o traballo de moitos anos ó redor da presencia dos franceses en Galicia. Ese mesmo ano aparece *Influencias de la literatura gallega en la castellana: estudios críticos y bibliográficos*[11]. Con esta mesma data cita Couceiro Freijomil[12] a publicación dun conto que leva como título completo *Sociedad de amigos de los árboles. Obsequio a los niños en la Fiesta del Árbol de 1914. O Castiñeiro.* Nada sabemos desta obra que ningún outro autor cita en estudios posteriores; ningunha referencia a este conto que, a xulgar polo título, non estaría exento de interese, podendo tratarse,

[9] Barcelona: Casa Editorial Maucci, 607 pp.

[10] A Coruña: Imp. Roel, 45 pp.

[11] Madrid, Francisco Beltrán, 1915, 373 pp.

[12] *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Bibliófilos gallegos, 1951-1954.

mesmo, da primeira obra de literatura infantil en galego, tal e como indica Blanca-Ana Roig Rechou[13]. Neste ano recibe tamén un accésit no tema noveno (Costumbres da terra) dos Xogos Florais organizados en Lugo pola Liga de Amigos de Lugo; o poema de Carré, titulado "Os paxariños sabios" é a única en lingua galega das vintecinco composicións premiadas[14].

En 1916 entra a formar parte das Irmandades da Fala, que se acababan de crear, integrando o consello de redacción do seu voceiro, *A Nosa Terra,* no que colaborou asiduamente, non só con traballos de índole literaria senón tamén política, que, neste caso, reflicten a evolución do pensamento rexionalista cara ó nacionalismo. Neste contexto participa nos Xogos Frorais organizados en agosto de 1918 pola Irmandade de Betanzos e resulta galardoado pola monografía *Influencia de la lengua gallega en la formación del castellano.* A este respecto é ben significativa a conferencia pronunciada o 23 de marzo de 1923, dentro dun ciclo organizado polá Irmandade da Coruña e reproducida polo xornal nacionalista[15]. Baixo o título "Do nacionalismo e de outras cousas que co él teñen relación", fai unha sólida defensa da lingua galega ó tempo que dá por bo o termo "Nacionalismo" e sitúa esta corrente política como herdeira natural do Provincialismo e do Rexionalismo, logo de expoñer toda unha serie de razóns de carácter histórico e literario, lexitimadoras das reivindicacións dos homes das Irmandades. No propio contexto nacionalista inscríbense os proxectos editoriais de Céltiga e Lar, publicando nesta última colección, en 1925, a novela curta *A terra chama.*

Cultivadas a prosa narrativa e a lírica con certa amplitude, aínda vai facer unha achega ó xénero dramático co boceto en dous actos e en verso titulado *O Sacrificio,* obra que estaba escrita, cando menos, dende 1904 e que fora premiada en Ferrol, segundo testemuña o propio autor, e representada, cando menos, dúas veces: a primeira en Lugo, o 15 de abril de 1917, polo grupo dos Dependentes de Comercio de Lugo no Círculo de las Artes, e a segunda pola Escola Dramática Galega, na súa sede, o 31

---

[13] *A literatura infantil galega: perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade* (Teses en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, número 578): Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1996.

[14] Estes traballos están recollidos baixo o título *Poesías premiadas en el Certamen Científico Literario celebrado el 5 de Octubre de 1915,* Madrid: Imprenta de Ricardo F. de Rojas, 1916.

[15] Número 180, 1 marzo 1923.

de decembro de 1922. Esta segunda representación inscribíase na política de recuperación de obras antigas emprendida pola Escola Dramática Galega, que dirixía o seu fillo Leandro Carré Alvarellos. Nesta posta en escena interveñen Consuelo Varela, Rosa Martínez e Francisca Arroyo, co cal se pode intuír, tal e como sinala Henrique Rabunhal[16], que fosen femininas as protagonistas.

En 1926 o Concello da Coruña, do que era alcalde Manuel Casás Fernández, nomeouno cronista da cidade e bibliotecario municipal, cargo no que sucede a Andrés Martínez Salazar. Confioulle ademais a misión de escribir unha historia da Coruña, para a cal se acorda asignarlle a cantidade de tres mil pesetas. Encoméndaselle tamén a organización e posta en marcha de diversas bibliotecas públicas. Ó ano seguinte o concello adquire a biblioteca particular de María Seijo Benasset, que se instala no segundo corpo do Palacio Municipal. Na catalogación dos fondos bibliográficos, Carré Aldao crea unha sección particular dedicada á cultura galega así como unha hemeroteca municipal con xornais locais dende o ano 1925. A encomenda historiográfica que se lle solicita non chega a ve-la luz como volume independente aínda que nunha data imprecisa, probablemente 1928, sae do prelo a *Geografía general del Reino de Galicia*[17], na que é responsable do volume correspondente á provincia da Coruña.

A tódolos traballos mencionados habería que lle engadi-lo amplo quefacer de Carré Aldao como colaborador habitual da prensa do seu tempo, na que empregou pseudónimos como Carlos Florencio, Esteban de Paleo, Xan do Martinete e Eurico Nagere, nunha amplísima nómina de publicacións.

Por outra banda, o intenso labor cultural de Carré Aldao foi recoñecido cunha morea de distincións. Así, foi o primeiro membro correspondente da Academia da Historia de Madrid, da sección galega da Real Academia Española, do Instituto Histórico do Minho, de Viana do

---

[16] Rabunhal, Henrique, *Textos e contextos do teatro galego 1671-1936*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, 1994.

[17] Barcelona, Alberto Martín. Manuel Amor Meilán asina a parte dedicada a Lugo e Vicente Risco a relativa a Ourense. Segundo Agenjo e Cabano a participación de Carré lévase a cabo gracias ós recursos económicos que lle proporciona a súa asignación como cronista da cidade.

Castelo, da Academia de Bellas Artes de Barcelona, do Real Instituto de Lisboa, así como de institucións semellantes de Málaga, Coímbra, Nápoles, Santiago de Chile, Toulouse, Marsella, etc. Ademais, foi directivo, en varias ocasións, da Asociación de Prensa da Coruñesa e vicepresidente da Comisión de Monumentos da Coruña. Morreu na súa cidade natal o 18 de decembro de 1932. Nestas datas estaba a publicar en *El Ideal Gallego* un estudio de carácter xeográfico baixo o título "Arzobispado de Santiago: descripción histórico-geográfica de sus feligresías".

Bibliógrafo, literato, xornalista, historiador, xeógrafo, etnógrafo, etc., infinidade de testemuños insisten tanto na súa sabedoría e erudición como no seu fondo amor a Galicia e na súa xenerosidade e talante humano, consideracións estas que se sintetizan nas palabras de Eladio Rodríguez González: "Era personalmente modesto, por lo mismo que concienciudamente docto. Su innacta sencillez contrastaba con su sólida erudición. Por encima de su llaneza proverbial, sobresalía la realidad de su alto valimiento. Por esto era querido, y por eso era respetado. Se le admiraba en Galicia, como se le admiraba y se le encumbraba en el extranjero. Pudo ser un comerciante enriquecido, y prefirió ser un hombre de letras y estudios, aun sabiendo que las letras, si a veces dan honores, no suelen dar dinero por estas latitudes a quienes con éxito las cultivan como el las cultivó"[18].

[18] "Don Eugenio Carré Aldao", *Boletín de la Real Academia Gallega*, "Letras de Duelo", nº 246, 1 febreiro 1933, pp. 120-124. Comentarios sobre o lado humano achéganno-los Julio Rodríguez Yordi e Leandro Carré Alvarellos con ocasión da homenaxe que se lle rendeu con motivo do seu centenario e que se recolle a modo de crónica en "Homenaje a la memoria de Eugenio Carré Aldao en el centenario de su nacimiento", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1959, pp. 144-159.

Aproximación ós textos.

Brétemas.

Como deixamos constancia na nota biobibliográfica, en 1896 sae do prelo *Brétemas*, obra mixta que recolle poesía e prosa, tal e como se anuncia no subtítulo. A pesar disto a presencia de narración é minoritaria. Das cento corenta e cinco páxinas que ocupa o volume, o apartado de prosa abrangue dende a 127. O libro está dedicado á dona do autor, Dona Purificación Alvarellos Pena, e conta cunha nota introductoria titulada "A quen me lea", na que explica que recolleu as composicións escritas na mocidade e, con modestia, recoñece que os traballos de creación propia son de menor calidade que as traduccións que inclúe. A edición tiña carácter non venal, segundo sinala o autor nun colofón no que baixo a fórmula do "Habent sua fata libelli" exerce a "Captatio benevolentiae" indicando que "Aínda así tivo medra no teu dano, pío leutor; mais ti saberalo esculpar, pois no troco nada pagas, e váiase unha cousa pola outra".

Cento un poemas conforman o apartado de poesía, dos que cincuenta e un son creacións orixinais e cincuenta traduccións ou versións. A maioría destas composicións contan con dedicatorias a familiares ou amigos, nas que se inclúen os nomes das personalidades sobranceiras da esfera rexionalista: Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Florencio Vaamonde, Waldo Álvarez Insua, Alfredo Brañas, Heraclio Pérez Placer, Andrés Martínez Salazar, etc. Con predominio do hendecasílabo, tratan estes poemas temas de índole patriótica ó lado daqueles contidos máis universais como o paso do tempo, o amor, ou postulados de talante moralista en forma de epigrama. Os textos traducidos pertencen a autores tan dispares como Safo, Heine, Gautier, Campoamor, Bécquer, Paul Bourget, Jean Richepin, Núñez de Arce, etc.

O apartado de prosa acolle unicamente dous relatos orixinais: "Miña xoia" e "Un home". Ademais destes textos de creación propia inclúense dúas traduccións, "Os tres cas" e "O redemento de Baticola". Sorprende que, pese á súa inclusión na obra, non se recolla no índice ningunha destas dúas traduccións.

Nada se nos especifica da procedencia do relato "Os tres cas", conto de fasquía popular e contido moralizante no que se advirte dos perigos que leva consigo cobiza-los bens alleos. No outro, "O redemento de Baticola", indícasenos que é traducido do libro *Cuentos del Vivac,* do autor navarro Federico Urrecha; trátase, neste caso, dunha escena de guerra.

A propósito dos dous contos orixinais cabe indicar que en "Miña xoia" déixase ver unha das liñas creativas que se vai repetir ó longo da súa producción. Estamos ante o primeiro exemplo que o autor nos ofrece de introspección nos personaxes, a través da reproducción do fluír da conciencia dun home que morre ó le-las primeiras liñas dunha carta na que se lle desvela se o seu amor é ou non correspondido. No outro relato, "Un home", recréase, cun esquema narrativo sinxelo, o coñecido episodio da vida do filósofo grego Dióxenes; o narrador pon o seu empeño en resalta-los trazos humorísticos deste excéntrico pensador; tanto pola técnica utilizada, con especial protagonismo do diálogo e o sincretismo nas aparicións do narrador, como polo tratamento dunha figura histórica desta índole, trátase dun caso illado na producción contística do autor; sen embargo, coa presencia neste volume e con outras tres aparicións na prensa periódica, resulta se-lo relato de Carré máis divulgado así como o primeiro en ser publicado, descoñecemos se porque era de especial preferencia do seu autor ou porque a súa reducida extensión facía asequible a inclusión na prensa. O certo é que cando, en 1927, a *Revista del Centro Gallego* de Buenos Aires fai unha sucinta semblanza de Carré Aldao, o relato que acompaña a esta será "Un home", que non é, nin moito menos, o máis representativo da súa obra.

Neste primeiro libro, o autor déixanos, xa que logo, unicamente dous contos orixinais, limitación que, se nos fiamos das razóns insinuadas no epílogo, vén determinada porque no momento non debía dispoñer de máis material, ó afirmar, neste sentido, que "coidei non ter material dabondo para chegar ao termo do libro, pois do moito que levo escrito e publicado non puiden atopar a maor parte por habelo arredado do meu lar". A este respecto, e como curiosidade, debemos sinalar que nunha carta inédita que se conserva nos fondos da Real Academia Galega a escritora Sofía Casanova agradécelle a Carré Aldao o envío de *Brétemas* e confésase gratamente sorprendida ó coñece-la súa faceta poética, aínda que lamenta que "teniendo alientos propios se dedique vd. a traducir del castellano".

Raiolas.

En 1898 publícase *Raiolas,* volume tamén composto mediante a fórmula mixta da inclusión de poesía e relato. En todo caso cobra agora maior protagonismo o relato, pois son once os textos en prosa recollidos no volume. Os trinta e catro poemas ocupan as páxinas 9 á 66, mentres que a prosa vai dende a 69 ata 147. O libro ábrese cunha dedicatoria "aos meus" e péchase cunha "derradeira leria". Ámbolos dous textos pretenden a "Captatio benevolentiae" e, no caso do colofón, está presente a lembranza da obra anterior ó sinalar que "renderon de abondo as folliñas deste libriño para lle poder dare un irmán a Brétemas".

Tanto dende o punto de vista formal como temático, a producción poética nesta obra é variada. Así, a tipoloxía de estrofas vai dende a redondilla á octava pasando polo romance ou a sextina. Ó igual que en *Brétemas,* o metro predominante é o hendecasílabo, ben estudiado por Ricardo Carballo Calero,[19] que ademais detecta cómo moitos dos erros da obra anterior son corrixidos agora. Os contidos tamén son diversos: o amor, o paso do tempo, o sentimento de fe, a fugacidade da vida, o poder do diñeiro, xunto a algunhas composicións de corte reivindicativo ou cívico. Mesmo poderiamos dicir que esta variedade temática vai parella á dos contos, malia que se deba indicar que entre os contidos presentes na expresión poética queda fóra calquera elemento ruralista ou costumista.

Ademais das composicións orixinais, achega a traducción dos seguintes poemas: "As dúas fadas", de Federico Balart; "Fero Mel", de Joseph Aladern; "Unha raiola", do poeta sueco Göran Bjorkman; "A morte de Torrijos e os seus compañeiros", de Espronceda; "Madrigal", de Francisco Rodríguez Marín e a fábula "Os críticos", de Iriarte.

O apartado de prosa compóñeno os relatos "Axúdate que Dios che axudará", "Padre noso, que estás nos ceos", "O xastre larpeiro", "Para moitos", "Espartaco", "A capa do xastre", "O xuramento", "O pintureiro", "Un héroe de 1809", "A ponte da freira" e "Dous cuadros". Agás este

19 "Un rasgo peculiar da versificación de Carré Aldao", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1959, pp. 17-23.

último, todos son reproducidos ó longo do ano 1908 no semanario *A Nosa Terra.* Dos once relatos, sete contan con dedicatoria; os destinatarios de tales dedicatorias son persoas do ámbito Rexionalista como Manuel Lugrís Freire, Urbano González Varela e Justo E. Areal, ademais de súa dona, Purificación Alvarellos, o poeta catalán Joseph Aladern, e Sofía Winter Zeller.

Nestes once relatos atópanse as constantes que configurarán a producción contística posterior do escritor coruñés. Así, temos dous novos exemplos de incursión no psicoloxismo: en "Padre noso, que estás no ceos" narra o percorrido interior do personaxe dende o seu escepticismo relixioso ata a chamada da fe, e en "O xuramento", boa parte do relato céntrase na dúbida e tensión dun viúvo ante a posibilidade que se lle presenta de casar en segundas nupcias logo de cumpli-la promesa de non se deber nunca a ningunha outra muller. Algúns matices de psicoloxismo poden atoparse tamén no relato realista "Dous cuadros", aínda que só dun xeito parcial, xa que non está exento de acción nin duns espacios externos demasiado marcados, que evitan a equiparación ós dous anteriores.

Outra parte dos relatos ten unha base popular e oral e configura un gran bloque formal e temático de corte costumista e moralizante. Este é o caso de "Axúdate que Dios che axudará", no que Xesús alecciona a San Pedro, nun marco rural galego, ou a descrición de tipos populares, como os xastres, en "O xastre larpeiro" e "A capa do xastre", ou o fidalgo de "O pintureiro". De orientación oral aínda que máis universal é "Para moitos", no que se nos mostran os perigos que lle pode producir a un pobo o goberno dun rei mal asesorado.

Os tres relatos restantes, aínda que con notables diferencias entre si, caracterízanse por unha marcada natureza historiográfica, xa que están baseados en feitos históricos concretos, minuciosamente contextualizados. O titulado "Espartaco", no que se narra a rebelión protagonizada polos escravos con Espartaco á cabeza, é o que presenta máis dificultades para detectar nel vontade de estilo (con algunhas salvidades moi evidentes mesmo podería formar parte dun manual de historia) polo distanciamento que o narrador practica. No caso de "A ponte da freira", a súa natureza literaria é máis evidente ó nos quedar claro que se trata dunha lenda, circunstancia que non resulta tan nidia en "Un heroe de 1808".

Contos da forxa.

En 1919, publicado por ¡Terra a Nosa! Biblioteca popular galega, suplemento do xornal *Noroeste*, aparece *Contos da forxa.* Compoñen este libro seis contos, a cinco dos cales nos referimos na descrición de *Raiolas,* marcándoos como de raíz popular e de tendencia moralizante. Así, sen a penas modificación na forma nin no fondo, non sendo algunhas variacións ortográficas que veremos máis adiante, e conservando as dedicatorias, volven ve-la luz "Axúdate que Dios che axudará", "O xastre larpeiro", "A capa do xastre" e "O pintureiro".

O propio autor, nunha nota introductoria titulada "A quen me lere", encárgase de deixar constancia da procedencia oral dos relatos ó explicar que estes foron recollidos nunha "tertulia campesina", que tiña lugar na forxa dun ferreiro, veciño seu na aldea á que se retiraba nos seus momentos libres[20]. Deixa dito Carré Aldao que "mentrasmentres os uns tiraban do barquín e os outros axudaban a bater no ferro, parolábase de todo, e mais de un conto e mais de unha historia adeprendín alí que me pareceron dinas de seren recollidas por min". O producto final preséntase como recompilador "dalgunhas daquelas conversas, mais ou menos aliñadas e pulidas na fala, pero sempre coidando de lles conservaren o seu "humour" e a súa característeca socarrona na filosofía da terra".

A única novidade neste libro é, xa que logo, o conto "O escribán", no que, proseguindo coa descrición de tipos, se relata o periplo dun profesional desta arte dende o ceo ó inferno e outra vez ó ceo sen ser ben recibido en ningún dos dous lugares.

Outros relatos.

Oito relatos máis conforman a producción contística de Carré Aldao da que temos constancia. Esencialmente, repítense as características citadas en relación ás composicións anteriormente citadas. As publicacións periódicas que acollen estes textos son: Almanaque Gallego de Buenos

[20] O testemuño de Abelardo Carré Naya revela a existencia real deste ferreiro, de nome Maximino, que, ademais, era o propietario da casa na que a familia residía na parroquia de Sergude (Carral). A figura dun ferreiro portador da esencia da sabedoría popular está presente tamén en Manuel, personaxe de *A terra chama.*

Aires ("Idilio"), *Revista Gallega* ("Problema" e "O mellor presente") e *A Nosa Terra*, na súa primeira etapa, ("A festa da aldea", "¡Solo!", "A mellor cena" e "O premio") é na segunda ("O hórreo"). O matrimonio Castro López, Marcelino Sors, Jaime Solá e Fuco de Tabeayo son os catro destinatarios doutras tantas dedicatorias. Destes textos, agás "¡Solo!" e "¡O Hórreo!", dá noticia unicamente e por primeira vez Modesto Hermida[21], que realiza un inxente labor compilador de toda a narrativa do Rexurdimento.

Análise dos contos.

O único comentario crítico a propósito da obra narrativa de Carré Aldao chéganos da man de Carballo Calero[22], que resolve a descrición da producción narrativa do autor coruñés aludindo, por unha parte, ós "ensaios de contos psicolóxicos" e, pola outra, ós contos de tipo folclórico. Nos primeiros, o profesor ferrolán atopa o defecto da sinxeleza e da convencionalidade, mentres que detecta nos segundos unha maior consistencia, froito da comodidade que supón seren provenientes da tradición popular. Sen ser errada esta visión nin esta clasificación binaria, a análise dos relatos reclama algunhas matizacións e outras tantas concrecións.

Efectivamente, algúns dos relatos son de clara raigame popular e caracterízanse pola súa ambientación rural e polo ton humorístico e mesmo burlesco en consonancia, sen dúbida, coa dimensión moralizante que conteñen, por mor da descrición de tipos populares que convidan á crítica de vicios sociais ou morais. "Axúdate que Dios che axudará", "O xastre larpeiro", "O pintureiro" ou "O escribán" responden a esta tipoloxía. Común a case todos eles é o compoñente moral que presentan. Compartindo esta actitude xocosa estaría "A capa do xastre", no que a finalidade exemplarizante non aparece tan marcada. En todos eles non faltan retallos de exaltación paisaxística e estampas costumistas, tan habituais na literatura galega decimonónica. Esta fasquía si se observa en "Para moitos", no que, sendo obvia a súa débeda coa tradición oral e

[21] *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995.

[22] Op. cit., pp. 444-446.

popular, presenta unha indeterminación temporal e espacial que o dota dun matiz máis universal. A pesar da súa procedencia oral, "A ponte da freira" diverxe dos anteriores. En primeiro lugar porque se trata dunha lenda e, ademais, porque o ruralismo e o costumismo deixan paso ó episodio histórico nunha situación temporal concreta, o reinado de Afonso II "o Casto" e a súa loita contra os mouros, logo dunha detallada introducción historiográfica.

Esta conexión coa Historia dáse tamén en "Espartaco" e en "Un heroe de 1808". O primeiro é un relato plenamente historiográfico no que a vontade de estilo, se se lle pode recoñecer, haina que buscar nas pautas do clásico xénero historiográfico. No segundo, tal vontade é máis nidia. Pero, en todo caso, estes tres relatos teñen en común a exaltación patriótica de Galicia, e, sobre todo co exemplo da rebelión de Espartaco, a denuncia da súa deprimida circunstancia.

O resto dos relatos son froito da imaxinativa persoal, relatos nos que se pode apreciar, cando menos, tres bloques temático-formais. Así, tanto "A festa na aldea" como "Idilio" e "O hórreo" participan do costumismo sinalado máis arriba, mentres que en "Dous cuadros" e "¡Solo!" atopámonos con historias de corte realista pero nas que a ambientación é fundamentalmente urbana. Restaríannos, pois, aqueles contos que veñen caracterizados polo dominio da introspección, da aproximación á vida interior dos personaxes.

Dende o punto de vista paratextual a penas cómpre deixar constancia do recurso dos números romanos para marca-las diferentes partes da historia ou, no seu caso, dos saltos temporais na trama.

A case totalidade dos relatos responde a uns sinxelos deseños narrativos consistentes na secuencia de formulación, nó e desenlace. Nos relatos de procedencia popular bota man de fórmulas anunciadoras de corte oral acompañadas doutros recursos metanarrativos: "Vouche contar unha destas tradicións se tes pacencia para me ler", "Supoño darasme a túa licencia para che contare unha das moitas chuscadas do tal xastre", "Xa que vai de contos e neles fan de pandote os xastres, vouvos contar un, denantes de que se me esquenza.", "Non se fixo de rogar e contoume a historia que eu vouvos agora a decirvos". Acompañando este recurso aprovéitase a ocasión para ofrecer algunha estampa costumista ou paisaxística que, dende o punto de vista estético, se revela forzada e abrupta.

Fóra destes casos as historias carecen de introducción anunciadora e tenden a ofrecernos diversos relatos con inicio "in media res", sobre todo naqueles nos que predomina a reproducción do fluír psíquico dos personaxes. No que respecta ós finais aprécianse diversidade de opcións nas que se elude a posibilidade de calquera feito sorpresivo e que acaban por compensa-la intensidade dos desenlaces. Así son frecuentes os finais de tipo lírico, como é o caso de "Miña xoia","Un heroe de 1808", "Idilio", "O mellor presente", "A mellor cena". En ocasións o peche do relato vén adubiado con algunha sentencia moral, como acontece en "O xastre larpeiro" ou "O hórreo". Noutras ocasións a finalidade exemplarizante maniféstase cunha chamada á reflexión do lector, caso de "Para moitos", "O escribán" ou "Problema".

Dende outra perspectiva poderiamos falar, por unha parte, de relatos realistas (no sentido de realismo xenético), e, pola outra, de relatos fantásticos, entendendo estes últimos como opostos non só ós realistas senón tamén ós marabillosos, se seguímo-los postulados de Antón Risco[23]. Dentro desta tipoloxía fantástica atopámonos con que, maioritariamente, a 'ruptura da coherencia' vén provocada por aparicións visionarias, que poden ter dimensión relixiosa e mesmo carácter de intervención divina ("Noite de Reis", "A mellor cea", "A Ponte da Freira"), ou, noutro caso, vinculada ó medo ("O xuramento") ou mesmo a contidos exemplarizantes e humorísticos ("O escribán"). Aínda poderiamos incluír neste grupo "O premio", malia que nun final, se cadra, pretendidamente ambigüo non resulta difícil unha explicación racional á suposta 'ruptura da coherencia'.

A variedade á que nos levamos referido condiciona, loxicamente, os elementos presentes na narración, comezando pola modalización narrativa. En xeral, conduce os relatos un narrador omnisciente clásico en terceira persoa, non faltando casos nos que estea presente a voz do 'autor implícito'. As ocasións nas que esta voz se dá cita faino, principalmente, con contidos de reivindicación política. Este fenómeno faise ben patente no caso daqueles tres relatos con contextualización histórica ós que nos temos referido e tamén en "Idilio", no que se denuncia a situación da muller labrega en Galicia. Unha reflexión sobre o comportamento dos homes en "¡Miña

[23] *Literatura fantástica en la lengua española. Teoría y aplicaciones*, Madrid, Taurus, 1987, p. 131.

xoia!", un breve comentario sobre a relixiosidade en "Padre noso, que estás no ceo" e unha función puramente narrativa en "O escribán" completan o repertorio de exemplos desta omnisciencia editorial.

Nos relatos nos que se penetra na psique dos personaxes, este narrador omnisciente, emisor de breves psiconarracións, dálle paso a unha omnisciencia de tipo selectivo, sustentada no estilo indirecto libre. Ó igual que en *A Terra Chama,* detéctase estilisticamente algunha falta de coherencia derivada das rupturas bruscas que, nalgúns casos, produce a intromisión da voz do narrador omnisciente neutral.

En relación á temporalización, a súa caracterización é pouco abondosa en referencias concretas e vén caracterizada polas poucas referencias temporais que se nos ofrecen e polo reducido do tempo da historia. Á marxe de "Espartaco", "Un heroe de 1808" e "A ponte da freira" que conteñen a precisión do dato histórico, as indicacións temporais, cando as hai, redúcense a marcas do tipo "O luar, oculto tralos montes, luceu naquel tristeiro momento", "Un dos días do vran que máis quencía", "Unha tardiña, entre lusco e fusco...", "Un dos moitos días do inverno nos que o xastre andaba a traballar", "Nunha crúa noite de invernía", "Era xa cuase que noite pecha", "Non iba pouco a se regalar aquela noite".

Por outra parte, chama a atención a escaseza de escenas dialogadas, predominando aqueles relatos nos que se dá a ausencia total de diálogo. Esta circunstancia contribúe ó desaxuste entre o tempo da historia e o tempo do discurso, cun ritmo narrativo acelerado mediante breves resumos e elipses e equilibrado en menos ocasións, e en menor medida, por pausas descritivas en "Axúdate que Dios che axudará" e "O pintureiro", ou digresivas en "A ponte da freira". No caso de "Un home", este desaxuste non existe e téndese a unha equivalencia entre o tempo do discurso e o tempo da historia, derivando no que se ten dado en chamar realismo durativo.

A orde temporal predominante é a linear. Temos, sen embargo, algúns casos de anacronías cara atrás, é dicir, de analepses -neste caso externas- que irrompen logo dun comezo in media res e que serven para nos da-la información precisa, normalmente en forma de resumo, que complemente os feitos anteriores á acción que se narra. Este fenómeno ten lugar unicamente en tres dos relatos psicoloxistas: "¡Miña xoia!", "Padre noso, que estás no ceo" e "O mellor presente", nos que desta vista

ó pasado se encarga o narrador ou ben o personaxe na súa evocación, tal e como acontece en "Padre noso, que estás no ceo", aproximándose, neste caso ó rexistro temporal da narración íntima.

Tampouco estes textos son prolixos en referencias espaciais. A solución preferente é a de non estaren localizados explicitamente en lugar ningún. Predominan, iso si, os ambientes rurais, coa excepción dun par de casos nos que aínda participando desta indeterminación espacial pódese intuír que se trata de marcos urbanos, caso de "Padre noso, que estás nos ceos", "A mellor cena", "Dous cadros" ou "¡Sólo!". Noutras ocasións o predominio da interioridade dos personaxes anula calquera intento de determinar se se trata da aldea, da vila ou da cidade.

Nalgúns casos óptase por encadra-las historias en espacios concretos e referenciais. Así, é predominante a xeografía do concello de Carral, que, como xa vimos, ten especial relevancia na biografía de Carré Aldao. Deste xeito, as aldeas de Cañás, Sergude, Sarandós, ou a evocación da Ría do Burgo e das Mariñas están presentes en certas ocasións.

Pero, como indicamos, o máis significativo é a indeterminación espacial, con maior abundancia de exteriores, que demanda do lector a recomposición do espacio a partir de moi poucos elementos. Son por iso contadas as ocasións en que o narrador se recrea na descrición; deste xeito, en "Axúdate que Dios che axudará", hai unha exaltación hiperbólica da paisaxe galega e, en "O pintureiro", faise precisa a descrición da casa do fidalgo, coa finalidade de fortalece-la intención ridiculizadora que aniña na historia.

Nos finais líricos ós que nos temos referido hai unha connotación simbólica procedente da recorrencia da raiola, ben do sol, ben do luar, que parece dotada dunha significación relixiosa ou dunha paz espiritual que ilumina o espacio, devolvéndoo á calma; é este o caso de "Miña xoia", "Un heroe de 1808", "Idilio" e "A mellor cena".

Canto ós personaxes xa nos referimos á unidimensionalidade de tipos populares como o xastre, o escribán ou o fidalgo, e o mesmo se podería dicir da caracterización de San Pedro, Santo Antón ou Xesús. A finalidade de todos eles é a de ilustrar unha situación exemplar ou a de propicia-la burla, satirizando e condenando faltas como as falsas aparencias, a mentira, etc.

Nos relatos ós que nos vimos referindo como psicoloxistas, o reducido tempo tampouco propicia grandes evolucións nin modificacións no carácter dos personaxes, pero, en todo caso, asistimos ás súas dúbidas, ás súas inquedanzas, ós seus debates internos. En sintonía con esta caracterización faise preciso comentar que en boa parte das historias preséntansenos personaxes en situacións difíciles, que se deben de enfrontar a circunstancias de crise, sexa esta material como a "A mellor cena", "Dous cadros", "Problema", sexa espiritual como "Miña xoia" e "Padre noso, que estás nos ceos", "O mellor presente", ou sexa esta motivada nas tentación á transgresión de regras morais ou legais como en "Problema", "Dous cadros" e "O Premio". Neste estadio, cando a historia se sitúa no clímax, irrompe unha sorte de forza superior ou sobrenatural, mesmo divina nalgúns casos, que se erixe como restituídora do "ben" ou como salvadora. Esta reiterada e culminante intervención obstaculiza certamente un maior desenvolvemento da psicoloxía dos personaxes e probablemente resulte se-lo motivo de que Carballo Calero apreciase nesta caracterización "unha candidez pueril"[24]. Acontece que, deixados a un lado os contidos reivindicativos derivados da militancia rexionalista e nacionalista do autor e vistos xa aqueles relatos de contido explicitamente moralizante, un transfondo moral percorre toda esta producción contística do coruñés, co triunfo do ben, do amor e da inocencia sobre o mal, da fe sobre o escepticismo, da luz sobre as tebras. A este respecto é recorrente a imaxe desa raiola que acaba por iluminalo todo, mesmo a morte, reconverténdoa nun trance plácido.

Pero aínda cómpre facer mención á dimensión reivindicativa que atinxe boa parte da obra narrativa do autor. Tanto no que se refire á situación política e social de Galicia como no que ten de compromiso coa xustiza social, esta xa abranguida dende unha óptica máis universal. Neste sentido, a sintonía existente entre este tipo de textos literarios e outros de diversa natureza, tamén do mesmo autor, permiten falar dunha prolongación do ideario político de Carré na súa producción narrativa.

No compromiso coa causa galega hai que encadra-los tres relatos que situamos anteriormente na órbita historiográfica. Así, en "Espartaco", non se fai mención expresa a Galicia pero semella que o texto debe de ser entendido en clave simbólica polo contexto no que se insire e porque

[24] Op. cit., p. 446.

non resultaría difícil asumir aquí unha metáfora do asoballamento de Galicia que por entón denuncian os rexionalistas. O relato, integramente historiográfico, conclúe con dúas exclamacións: "¡Loor a Espartaco, unha das máis grandes figuras dinas do respeto da humanidade!, ¡Baldón eterno para todos aqueles pobos que, cal os romás, escravizan os pobos!" e ¡Baldón tamén para tódolos pobos escravizados, que non queren ve-los insiños da historia!". A idea dunha Galicia escravizada será unha constante en boa parte dos textos, literarios ou non, publicados na prensa por Carré e, a este respecto, son significativos os primeiros versos dun poema publicado no número 21 de *El Eco de Mugía*[25]: "Non pensedes nos amores/ non vos coidedes das festas;/ primeiro libral-a patria, /rachal-as suas cadeas, / e despois, chegado o trunfo/ erguede a Galicia,/ erguedea tan alta/ como tan baixo temos deixado poñel-a".

Por outra banda, tanto en "A ponte da freira" como en "Un heroe de 1809", está presente o ton patriótico, mais agora trátase de exalta-lo valor do pobo galego dentro do conxunto de España. No primeiro caso durante a loita contra os mouros, no reinado de Afonso II, no segundo no período de presencia dos franceses en territorio español. Trátase de dúas exaltacións das fazañas dos galegos e, con respecto ás cales, é preciso non perder de vista que Carré se dedicou en numerosas ocasións ó estudio da incidencia que en Galicia tivo a presencia dos franceses, así como ó xeito de actuar que tivo o pobo. Co suceso que protagoniza o rapaz "mártir da patria" nas beiras do río Caldelas, o narrador tenta demostrar como "cando loitan pola patria, os gallegos, vencen ou morren; e que abondan os cañóns de pau-pau zunchados en ferro, para facer frente aos máis poderosos de bronce, tendo o valor no peito e unha nobre causa por bandeira". Adobíada coa correspondente información historiográfica aínda se nos di que "Galicia, daquela cal nestes tempos, achábase indefensa, non porque non cumprira como bo, senón pola mala fada que sempre a perseguiu".

Aínda que neste caso sen referencias explícitas, tamén a "Ponte da freira" participa desta exaltación do valor dos galegos fronte á dominación allea, neste caso fronte ós mouros, coa lenda que fala da intervención divina nunha incursión dos musulmáns. A este respecto cómpre

[25] Correspondente a setembro de 1903.

sinalar que tamén a etapa da presencia dos mouros en Galicia foi tratada nalgunhas ocasións reivindicando a galeguidade do Apóstolo Santiago e a súa miragreira actuación na Batalla de Clavixo.

Así mesmo podemos dar conta dalgúns exemplos nos que, xa dun xeito máis colateral, se insiren nas historias comentarios referentes á situación de Galicia, tal e como ocorre en "Idilio", no que o cadro costumista é culminado co seguinte comentario "que sei eu canto máis tiña que facer; pois o traballo abonda para as pobres mulleres do campo gallego, ás que lles non sobran moitos ratos de lecer como queiran mirar pola facenda".

A denuncia social está presente en "Dous cuadros", no que se contrapoñen as distintas sortes que corren un alcalde poderoso, a quen vivindo das aparencias todo lle veu dado e un pobre a quen tódolos duros traballos realizados non lle abondan para alimenta-la súa familia e sofre o rexeitamento da sociedade burguesa. Neste mesmo relato hai unha pequena nota de denuncia da guerra como suceso tráxico que trunca a felicidade e os ilusionantes proxectos das persoas. Esta alusión é máis explícita en "O premio", no que o protagonista se desviviría por libera-lo seu fillo da guerra xa que "o pior era que tocáralle en sorte ¡vaia unha sorte! ir a Cuba: alí había guerra: os homes morrían e morrían máis polo mal, que de feridas. E despois de todo ¿que se lles iba ou lles viña aos pobres nesa guerra? morrer e nada máis. Os ricos eran os que deberían ir...xa se vería daquela que axiña a arromataban. Poucos dos que iban, viñan de volta: alá quedaban..."

A Terra Chama.

A última contribución á literatura galega de Carré Aldao é *A Terra Chama,* que se publica o 20 de xuño de 1925 no número 9 da colección Lar. No subtítulo figura "Novela orixinal e inédita por Uxío Carré Aldao" e a portada é de Camilo Díaz Valiño.

A iniciativa editorial de Lar partira de Ánxel Casal e de Leandro Carré Alvarellos, fillo de Uxío, aínda que con posterioridade Casal abandonaríaa. Lar supuxo unha forte aposta pola posta en marcha dunha literatura "de masas" ou "de quiosco", así como pola conformación das bases sólidas da ata o momento "inexistente novela galega"[26].

[26] Vid. Blanca-Ana Roig, "As noveliñas Lar, unha lección para o KIOSKO GALEGO", en *Dorna*, nº 7, 1982, pp. 17-23.

Dende o punto de vista editorial a noveliña preséntase dividida en tres partes marcadas con números romanos mais un epílogo que acolle o desenlace da historia. Relátase a petición de amor de Xelo a Carmela, logo de volver á súa aldea natal procedente de América. Dunha primeira vez a moza négase alegando que, malia estar namorada del, ten outro amor que é o amor á terra, polo que lle pide ó mozo que se vaia lonxe. Anos despois este volverá e desta vez si será aceptado.

O esquema narrativo é ben sinxelo. Todo xira ó redor da proba que Carmela lle reclama a Xelo, consistente nun distanciamento entrambos como demostración dese amor que di sentir. Logo dunha presentación descritiva (I), asistimos a unha exposición na que se prepara a cita dos namorados (II), un nó no que a moza rexeita o matrimonio (III) e un desenlace que coincide co "Epílogo" e que culmina felizmente tras un proceso de anagnórise, recurso habitual de folletíns e melodramas, no que a copla que comeza cos versos "Se a raíz do toxo verde..." funciona a modo de obxecto de recoñecemento.

Blanca-Ana Roig[27] ten reparado nas diversas tipoloxías que confluíron na colección, malia as condicións nas que os editores pensaron previamente. *A Terra chama* axústase ás condicións de popularidade no tocante á simplicidade das formulacións e resulta de doada lectura; ademais glosa o "sentimento de terra" e non se reproduce a diglosia, pero ó igual que outras obras publicadas en Lar, e en contra dos criterios editoriais, transcorre nun marco rural. Tal e como explica a citada estudiosa, sitúase no grupo das novelas de ambientación rural, nas que o compoñente melodramático e o sentimento de terra están máis marcados. Presentan, ademais, conflictos amorosos protagonizados, ben por unha parella, ou ben, como no caso desta noveliña, por triángulo amoroso. Na obra que nos ocupa, dous dos vértices ocuparíanos, loxicamente, Xelo e Carmela e o terceiro estaría representado neste ocasión polo amor á terra.

No referente á modalización narrativa predomina a omnisciencia selectiva, adoptando o punto de vista de Xelo a través do discurso indirecto libre, no que poden atoparse algunhas incoherencias derivadas do abandono do pretérito imperfecto. Esta modalidade dá paso a un narrador omnisciente neutral, en terceira persoa, que se encarga fundamentalmente de introduci-las escenas dialogadas. Excepcionalmente, e na

[27] op. cit.

escena que abre a obra, ensaia Carré un tipo de narración próximo á do narrador-cámara, aínda que algunha inxerencia no pensamento do personaxe provoca incoherencias que impiden a pretendida obxectividade total.

Poucas son as referencias temporais que o relato ofrece, aínda que abondan para situa-lo no tempo. Dísenos que Xelo esperta nunha mañá na que loce o claro sol do "vran" de Galicia. Ese mesmo día verá a Carmela e pasan "varios días" ata que decide declararlle o seu amor, feito que ocorre "no día de Santiago" pola noite. O mozo parte e, de inmediato, sitúasenos no "Epílogo", no que a elipse temporal nos traslada ata dez anos despois.

O espacio rural no que transcorre a historia é a aldea de Sergude, en Carral. As descricións que deste marco se nos fan están marcadas polo lirismo que envolve toda a historia, ata configuraren un auténtico *locus amoenus* rural galego. Fóra da descrición do pazo no que amence Xelo, hai un predominio de espacios exteriores, de índole costumista no caso da romaría de San Bieito.

O elenco de personaxes redúcese practicamente a tres, os dous mozos e o señor Manuel, pai de Carmela. Non hai neles evolución psicolóxica ningunha e nada sabemos do aspecto físico do vello nin de Xelo, non sendo no tocante a este, que é mozo forte e garrido. Sen embargo, non falta a descrición da moza, idealizada, configurada a base de enumeracións de adxectivos e de frases nominais acompañadas de símiles ata configuraren o prototipo de muller que case se podería dicir renacentista, en vista da perfección linear e da súa fermosa languidez.

En *A terra chama* a liña argumental vén determinada polo amor entre os dous mozos, por unha parte, e o amor á terra, pola outra. A relación entre Xelo e Carmela carecería de conflicto ningún, de non ser polos obstáculos que se presentan derivados do amor ó solo natal. Este segundo amor propicia algunhas estampas "dos traballos e dos días" que buscan dar conta da comuñón das xentes coa natureza e cos eidos nativos. Pero por debaixo destas dúas liñas primarias aínda latexa un sentido de denuncia social presente nas referencias ós males da emigración ou á escravitude dos labregos. Non falta tampouco o sentir relixioso do autor ó aplaudi-lo costume da bendición dos alimentos na mesa. Non debemos esquecernos aínda do costumismo nin da exaltación paisaxística, trazos comúns a algúns dos relatos curtos do autor.

A sinxeleza na forma e no contido caracteriza, en definitiva, esta derradeira contribución literaria de Carré, á que Carballo Calero cualificou como "conto de fadas sen fadas"[28] pero que, en todo caso, viña precedida e condicionada por unhas claras pautas editoriais cunha finalidade moi transparente tal e como se deixou subliñado máis arriba.

Valoración. A obra de Carré Aldao no contexto do seu tempo.

As poucas referencias á figura de Carré Aldao coinciden en sinalar que non foi no eido da creación literaria onde o coruñés sobresaíu. Recoñéceselle o labor inxente a prol da cultura galega, a súa erudición, o seu esforzo recompilador, historiador, etc. Sen embargo, nalgúns perfís que del se teñen feito preséntase a súa producción literaria como marxinal no conxunto da súa obra.

Non se publicaran moitas coleccións de relatos antes de que Carré Aldao publicase en 1896 Brétemas. En 1887 publica Valentín Lamas Carvajal *Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos d'a terriña*[29] e de 1888 é *As noites n-o fogar*[30], de Ángel Vázquez Taboada. En 1895 ve a luz *Contos da terriña,* de Heraclio Pérez Placer[31] e en 1896 *Pé das Burgas,* de Francisco Álvarez de Nóvoa[32]. As seguintes,cronoloxicamente xa son *Brétemas* e *Raiolas,* de Carré Aldao.

Lembrémo-lo colofón de Brétemas, no que sostiña: "non medrará c'o meu traballo a literatura gallega..." e "O que eu quero é que haxa un libro mais. Os que me ben conocen saben que non outro é o meu deseo". Nesta mesma clave realizou a súa interpretación Ricardo Carballo Calero[33] ó dicir que os textos de Carré semellan "máis que outra cousa, exercicios literarios nos que o autor desexa poñer a proba as posibilidades da lingua galega".

---

[28] op. cit., p. 446.

[29] Ourense: Imp. El Eco de Orense, 1887.

[30] A Coruña: Imprenta de Amenedo Ponte, 1888.

[31] A Coruña: Andrés Martínez Salazar editor, Biblioteca Gallega, 1895.

[32] A Coruña: Andrés Martínez, editor, Biblioteca Gallega, 1896. En edición moderna de Valentín Arias, con introducción de X. L. Méndez Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1988.

[33] op. cit 446.

Sen deixarnos unha obra que vaia permanecer pola súa calidade narrativa, o certo é que o autor esforzouse por non quedar ancorado no folclorismo ou nun excesivo apego á paisaxe, constantes esperables no contexto da época. Malia contarmos con relatos de ambientación rural e popular, coas tentativas de psicoloxismo Carré está en certa medida innovando e afastándose da vertente folclórica e costumista que envolve a maior parte da narrativa do século XIX. Con este tipo de relatos situámonos moi preto das ideas que, o mesmo ano que *Brétemas* e dous anos antes de *Raiolas*, predicaba Francisco Álvarez de Nóvoa no seu xa celebre "Dous parrafeos"[34], introducción a *Pé das Burgas*, obra na que este autor se desmarca dos vellos patróns do relato galego aínda a risco de que o tilden de "exótico", sostendo que "eles pensan que o voso conto non é galego, porque non falades nel dunha laconada, dunha vendima, dunha desfolla, dunha romaxe, dunha espadela, dunha malla, dunha muiñada, dunha rebolada (...)".

Pois ben, malia que parte da producción narrativa de Carré cae dentro deste costumismo, outra, non menos importante ten moito de innovador pola tentativa de superar esta veta folclórica, o que consegue, principalmente con esas continuas tentativas de introspección que transcenden o ruralismo para lle dar, mesmo, un talante universal á súa obra. Non faltan, como vimos, relatos de ambientación urbana, algo non moi usual na narrativa que se levaba feito ata ese momento.

Por outra banda, pódese soster que a dimensión reivindicativa da literatura de finais do século XIX atopou un maior acubillo a carón da poesía e, neste sentido, pódese dicir que a obra de Carré Aldao ofrece bos exemplos de instrumentalización da narrativa en prol dunha causa política, cal é a dos homes do Rexionalismo coas súas chamadas á loita para libera-la "Patria" da súa escravitude. Neste sentido, a narrativa do autor atópase en sintonía coa súa restante obra, que tivo sempre como pedra angular o fondo amor por Galicia, que se traduciu na súa militancia rexionalista, agrarista e nacionalista.

Coa incursión no xénero narrativo completa Carré o seu esforzo innegable a prol da cultura e da literatura galega, como historiador da literatura, como poeta e dramaturgo, ademais de ser responsable dunha magna obra historiográfica. Todo isto en momentos nos que volvían a emerxer, logo de varios séculos, as letras galegas.

---

[34] Op. cit. p. 42.

Presentación lingüística

Como é propio do século XIX, a falta dunha fixación normativa para a lingua galega e a ausencia dunha tradición literaria da que se servir provoca que a lingua do noso autor se presente inzada de incoherencias e vacilacións que conflúen nunha tensión entre o desexo de reflecti-la fala viva, por unha parte, e pola outra, unha ambición de diferenciación con respecto ó castelán. A isto cómpre engadirlle unha inevitable e intensa presencia de castelanismos a tódolos niveis.

Así mesmo, o longo período de preto de trinta anos que vai dende a publicación de *Brétemas* ata a de *A terra chama* favorece aínda máis a aparición de vacilacións a nivel lingüístico. E a isto habería que engadirlle o lugar de transición que a nivel dialectal ocupa a fala na que seguramente se inspirou Carré Aldao para a súa escrita, entre a cidade da Coruña e as terras de Carral, a medio camiño entre os Bloques Occidental e Central[35], e punto de confluencia dalgunhas isoglosas, de xeito que, por exemplo, xunto a fenómenos como o seseo, propios na actualidade do bloque occidental, rexistramos terminacións como *–ós*, definitoria do bloque central, ou o sistema transitorio no referente ás terminacións procedentes do latín –ANUM, –ANAM. Á marxe destas vacilacións provocadas, cremos, por esa situación de transición, e analizados os textos cos que contamos, resulta difícil poder falar de calquera caso de interdialectalismo, a non se-lo caso de *faguer* e *traguer*. Mención á parte merecerían dous casos de cheísmo ("*axúdate que Dios che axudará*" e "*non che entendo*"). Polo demais, as características lingüísticas máis relevantes son os que a seguir mostramos:

Nivel Ortográfico.

Atopámonos con constante vacilación no tocante á representación da consonante prepalatal xorda. Así, sobre todo nos primeiros textos, rexistramos casos significativos na terminación *–axe*. Temos casos nos que se opta por *–age*, probablemente coa conciencia de que é sufixo francés: *carrage, friage* (convivindo con *viaxe*) ou *carrage, adage, image* (convivindo con *carraxe, traxe, pontonaxe, selvaxe*). A medida que avanzamos no tempo, nos textos máis tardíos, tende a regularizarse xa a preferencia pola forma *–axe*.

[35] Vid. Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1990.

Nos dous relatos tirados do volume *Brétemas,* e unicamente nestes, rexistrámo-la presencia da grafía *j,* allea ó galego, para os casos nos que a prepalatal vai seguida de *a, o* ou *u: ja, jantar, jornaleiros, jogando, juramento, júrovos* (sen embargo contamos con *eirexa, pelexa* ou *xoya, xogo,* nas que sería agardable o mesmo comportamento). En sintonía con esta tendencia preséntanse os casos seguidos de *e* ou *i: geito, fuge, fugiron, maginaron, agiña, regimento.* De novo estas tendencias desaparecen nos textos publicados en prensa anos despois de tirar do prelo *Brétemas* e *Raiolas.* Relacionada con esta evolución está a reflexión que sobre cuestións ortográficas realiza o autor en 1911 na súa obra *Literatura Gallega,* a propósito da renovación gráfica levada a cabo polo grupo de poetas bautizada por el mesmo co nome de "Escuela Coruñesa"[36]. Deste xeito, nos relatos reproducidos en *Contos da forxa* Carré revisa os textos levando a cabo as oportunas correccións nesta cuestión.

Hai algúns casos nos que se comeza a palabra con *h* por influxo da grafía castelá: *hachábase.* Así mesmo utiliza esta grafía en *Hespaña,* loxicamente, con afán etimoloxista.

Preséntanse tamén algúns casos de grafías alleas ó galego no caso de *b/v: bulto, barréuselle, valeira, abogado, veiras, curbas, taravelo, eibar, debecíase.*

Emprégase a grafía *y* para a representación de semivocais e semiconsoantes: *muy, xoya, salayo,* etc.

Utilízase a marca de acento circunflexo naquelas palabras nas que hai consciencia etimolóxica dun encontro vocálico por mor da caída de consoantes intervocálicas latinas: *bô* (< BONUM), *têr* (< TENERE), *pôr* (< PONERE), *sô* (< SOLUM), etc.

Este mesmo acento é o escollido para marca-las contraccións do artigo indefinido feminino coa preposición *a*: *sen atender âs gracias, tiña medo â soedade.* Por outra parte a preposición *a* presenta acento en tódolos casos: *á carón, á eles, á modo,* etc. No caso do artigo masculino este contrae coa preposición a resultando *ao.*

---

[36] pp. 91-95. A esta altura o autor dá por superada calquera controversia ó redor da utilización de g, j e x crendo case definitiva a opción do x "pues acostumbrados todos a leer en castellano, no darían adecuada pronunciación gallega a la g y j".

Márcase con apóstrofo o encontro da preposición de co artigo, numerais e pronome personal de terceira persoa *el*. Tamén se marca con apóstrofo o encontro desta mesma preposición cando a palabra que segue comeza por vocal: *d'estudiante, d'exército, d'ir, d'herba, d'abondo, d'amores, d'Orzán, d'entre;* xunto a estes apreciamos moitos casos nos que, co contexto propicio esta unión non se dá.

Tanto co artigo definido como co indefinido, a preposición con contrae, fenómeno que se marca tamén co apóstrofo: *c'o, c'os, c'un, c'unhas.* No caso do indefinido feminino esta contracción non se marca, malia ser suprimida a consonante final *-n: co a, co as.*

Pola súa parte, a contracción da preposición *en* co artigo, co demostrativo, co pronome de terceira persoa (e nalgún outro caso con palabra que comece por vocal) márcase por medio dun guión: *n-ela, n-unha, n-aquela.*

Tomando a norma que rexe para o castelán pero non para o galego, o autor acentúa o pronome de terceira persoa *él*, así como os demostrativos cando son núcleo da frase (o que tradicionalmente coñecemos como pronome demostrativo): *éste, ése, áquel.*

Nivel fonolóxico

Vocalismo:

Rexístrase unha presencia xeralizada de vacilacións vocálicas, sobre todo na serie átona. Recollemos, así, exemplos de: **prótase**: *arreparóu, arroubes, amostráballe, asoparar, alevantar;* **aférese**: *garimosamente, na máis;* **harmonización vocálica**: *pidire, ispidos, mintireiro, fuliada;* **epéntese**: *adequirir, chimineia, aldeia;* **síncope**: *vran, intrés, espranzas, esprito;* **labialización**: *omigo, somellaban, romatar*; **asimilación**: *eixistencia;* **disimilación**: *Deloroso, avegoso, fertuna, peisano, corruncho;* **paragoxe**: *amore, fácile;* **metátese**: *prefume.*

Consonantismo:

Nos grupos cultos formados por consoante oclusiva máis consoante líquida (*pl-, bl-, fl-*) advírtese a tendencia a transforma-lo segundo elemento nunha vibrante simple, mesmo naquelas palabras de orixe culta. Así: *tempro, crases, púbrico, pubricada, groria, pruma, fror.*

Por veces simplifícanse algúns grupos consonánticos como *gn, ob* e mesmo *ct: indino, manates, outiveron, outuvo, outiña, carauter.*

O comezo silábico en *ex-* cambia a *es: esclamaciós, estraordinaria, estremo, espricar, esquisita.*

Rexístrase a presencia de seseo implosivo: *lus, ves, felís, narís, rapás, pas.*

Esporadicamente, teñen lugar, ademais, algúns cambios nas consonantes: *marmulando, conxanado.*

Nivel morfosintáctico

Na formación do plural, o fenómeno máis significativo ten que ver coas palabras de máis dunha sílaba rematadas en l, nas que nunha primeira etapa (a de *Rayolas* e *Brétemas*) o autor opta pola terminación *–ales* (*siñales, hospitales, celestiales, vestales*) mentres que nos textos máis tardíos parece optar por *–ás* (*reás, esculturás, piñeirás*). Para *lei* e *rei* a opción escollida é *reises* e *leises.*

Atópanse algúns casos de castelanismos referentes ó xénero das palabras: *o aldraxe, o plumaxe, derradeiro viaxe, boas costumes, súa labore, outas cumes.*

Así mesmo, son abondosos os exemplos nos que se produce unha inadecuada colocación do pronome átono: *dende que na flor da xuventude acometéralle o mal cansado, viña a resposta daquela ingrata, a quen suplicáballe o consolo da derradeira entrevista; é certo que falar non falaba mui ben, mais se axudaba; nin a túa nai dille palabra.*

Aprécianse, por influxo do castelán, utilizacións da preposición a na perífrase IR+INFINITIVO: *vou a rirme un pouco, iba a facer non sabía ben o qué, que veña a arrequencelos.*

Xunto a outros usos correctos do pluscuamperfecto de indicativo presenciamos algúns casos de castelanismos na utilización de tempos compostos: *había educado, houbera pasado, non houbera comido.*

Aínda que a tendencia é a reflecti-la segunda forma do artigo, contamos con algúns exemplos onde isto non se produce: *rachar o envoltorio, tras os montes.* Así mesmo, existen numerosos casos nos que o guión precede pronomes de terceira persoa (*por atopal-o, ao vel-o preto.*) ó lado doutros exemplos nos que isto non ocorre (*decilo, pagalos, teralos*).

Ás terminacións procedentes do sufixo latino –ANUM correspóndelles un resultado de transición entre o bloque occidental e central. Aínda que a sistematicidade non é total, a tendencia é a presentar *–án* tanto para masculino como para feminino singular (*mañán, escribán*) e *ás* para o plural de ámbolos dous xéneros (*romás, guardiás, larchás, tirás*).

O resultado das terminación latina –ONES é sistematicamente *ós: renglós, tropezós, ocasiós, oraciós, discusiós.*

En consonancia co trazo anterior, os derivados de –ANES dan *ás* e, mesmo, hai algún caso procedente de -UNOS: *cas, plas, us.*

Encontramos alternancia das formas *hasta* e *hastra* para a preposición.

Rexístrase como xeralidade o ditongo *oi* que sen embargo muda a *ui* na forma apocopada do adverbio: *mui.*

No referente ó verbo teñen lugar infinidade de castelanismos ó lado de solucións dialectais:

- Para os verbos da terceira conxugación existe vacilación no morfema de terceira persoa presentando nunhas ocasións *–eu* e noutras *-iu: pideulles, sigueu, sinteu, subeu, segueu, dirixeu, durmiu, seguíu, sintiu, feriume.*

- O verbo *oír* presenta vacilacións no seu radical: *oíron, oíu, oíuse, ouvín, ouvilo, ouvíu.*

- No imperfecto do verbo *ir* a forma escollida é *iba.* Nun caso rexístrase a forma *iña.*

- Para o perfecto do verbo *dar* utiliza as formas *din,* para primeira persoa, e dou para a terceira (aínda así aparece *deu* nun caso).

- No radical do verbo *dicir* rexístrase alternancia entre a opción *dec-* e *dic-: decía, decirvos, decir, decíndose, dicíndolle, dicilo.*

- No caso do verbo *saír,* o radical predominante é *sai-* sen que falten exemplos onde se rexistre *sal: saír, saíu, saían, salíu, saliran, salían.* Para o presente de subxuntivo utilízase a forma *salla.*

- O radical para o perfecto do verbo *ter* é *tiv-* (*tiven, tivera,* etc.). En *obter* atopamos, nun caso, *outuven.*

- Para *traer* e facer utiliza as formas do galego común, coa excepción das formas co radical *trag-* e *fag-: traguéndome, traguer, traguíalle, traguía, faguer.*

- No tocante ó verbo *caer* emprega, na totalidade dos casos, o radical *cae-,* non sendo no caso de *caíra.*

Nivel léxico

En consonancia co afán diferencialista ó que xa nos referimos, contamos con exemplos nos que se fan falsas evolucións como *espazo, soberbo, estranas, estrano, nervosa, batala, pacencia, irrealizabre, concencia,* etc.

Así mesmo é amplo o mostrario de castelanismos que nos textos se deixan ver: *niña dos ollos, rechazar, sospechar, dioses, nombrar, carretera,* etc.

Por veces estas voces espúreas preséntanse baixo formas pretendidamente galegas: *dibuxar, xusticia, parexa, Virxen,* etc.

Criterios de edición

Aínda tendo como pretensión se-lo máis fieis posible ós textos orixinais, realizamos adaptacións nalgúns aspectos. Así:

Adaptámo-la acentuación á norma actual. Suprimimos, polo tanto, o til naqueles monosílabos que o levaban sen o precisaren: *bôs, él, tí, fé.* Así mesmo, marcámo-los hiatos que seguen ou preceden a *i* ou *u* tónicos: *pia, habia, corria, suas, duas.*

Eliminámo-los casos de contracción de preposición marcados con apóstrofo e unímolos seguindo a actual normativa: *c'o, c'os, d'él, c'un, d'abondo, d'aquelas d'outro.* Así mesmo, recuperámo-la vocal naqueles casos nos que o apóstrofo marcaba unha elisión: *s'ela, d'estar, s'e, qu'el, m'entenda, s'era, denda víspora, n'é certo, d'anga.* Do mesmo xeito, suprimímo-los guións que marcan contraccións hoxe admitidas como tales: *n-aquel, n-a, pol-a, n-unha.*

Corriximos tamén aqueles casos nos que se trata de erros tipográficos evidentes: *habertos, tábous, salisfeito, renuadol-o, refroxos.*

Procedemos á adaptación daquelas grafías alleas ó galego. Así, actualizámo-los casos de *b/v* segundo a actual normativa: *bulto, barréuselle, valeira, abogado, veiras,* etc. O mesmo fixemos coa representación da prepalatal: *carrage, friage, adage, jantar, jornaleiros, jogando, muy, xoya, salayo.*

No caso das chamadas segundas formas do artigo, e dada a tendencia xeralizada a utilizalas, optamos pola unificación, xa que nos casos onde non se dá esta utilización (tan só un doce por cento, que mesmo conviven con exemplos nos que si se usa) non semella haber intención estilística de ningún tipo e parece, en conxunto, que a tendencia é clara cara á utilización. Optamos, ademais, por manter este alomorfo do artigo en contextos que a normativa actual non admite por seren asistemáticos na fala. Na lingua de Carré este fenómeno dáse case maioritariamente: *Sendo gustánte-los pais, abértolos ollos,* etc. Optamos por unificar estes exemplos coa forma con guión dado que este mantería a súa función diacrítica debido a este fenómeno tamén lle afecta ó pronome persoal en casos como *Diolo ampare.*

Suprimímo-lo guión nalgúns casos illados nos que non ía seguido de artigo senón de pronome: *podemos de adeprendel-a,* por *atopal-o.* Así mesmo retirámos este guión nos casos nos que a norma rexe a súa non utilización: *tódol-os, mail-as.*

Do mesmo xeito optamos por unifica-la conxunción á forma *se* ó seren mínimos os casos nos que aparecía *si.* Este predominio dunha das dúas opcións non se dá no caso da preposición, no que aparece máis ou menos equilibrado o uso de *asta* e *astra,* razón pola que decidimos mante-lo seu uso tal e como se rexistra nos textos.

Cuestión puntual é tamén a que representa o adverbio *case.* Optamos por conserva-la equilibrada vacilación entre as formas *casi* e *case.* Para *case que* opta pola forma *cuase.* Optamos pola forma separada *cuase* que a pesar de que nun par de casos aparece unida, sen dúbida, reflectindo o encontro na fala.

Bibliografía

Bouza Millán, Xosé Lois, "A popularización da novela curta: as coleccións *Céltiga e Lar*", en Alberte Ansede Estraviz e Cesáreo Sánchez (dir.), *Historia da Literatura Galega,* vol. III, pp. 643-672.

Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea,* Vigo: Editorial Galaxia,3ª ed., 1981.

Carré Aldao, Uxío, *Literatura Gallega,* Barcelona: Maucci, 1911.

_____, *A imprenta e a prensa en Galicia,* edición de Xavier Agenjo e Ignacio Cabano, Santiago: Xunta de Galicia, 1991.

Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores,* 3. vols, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951-1951.

Hermida, Modesto, *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento,* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995.

Lanza Álvarez, Francisco, *Dos mil nombres gallegos,* Buenos Aires: Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

Molina, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia* (1809-1920), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995.

Roig, Blanca-Ana "As noveliñas Lar, unha lección para o KIOSKO GALEGO", en Dorna, nº 7, 1982, pp. 17-23.

Santos Gayoso, Henrique, *Historia de la prensa gallega* (1800-1986),Sada: Ediciós do Castro, col. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 52, 1990.

Soto López, Mª Isabel (ed.), *Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer,* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998.

Tarrío Varela, Anxo, *Literatura Galega. Aportacións a unha Historia Crítica,* Vigo: Xerais, col. Universitaria/Manuais, 1994.

VV.AA., *Gran Enciclopedia Gallega,* Santiago-Gijón: Silverio Cañada editor, 1974.

Valín Fernández, Alberto, *La masonería y La Coruña. Introducción a la historia de la masonería gallega,* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984.

Vilavedra, Dolores (Coord.), *Diccionario da literatura galega I.* Autores, Vigo: Galaxia, 1995.

Vilavedra, Dolores (Coord.), *Diccionario da literatura galega II.* Publicacións periódicas , Vigo: Galaxia, 1997.

Vilavedra, Dolores, *Historia da literatura galega,* Vigo: Galaxia, 1999.

Brétemas

Uxío Carré Aldao

¡MIÑA XOIA![1]

Ao meu amigo Victor de Silva Posada

¡Ben sabe Deus canto a desexara!

E agora que a tiña alí, preto da súa man, faltáballe[2] a carraxe para racha-lo envoltorio da carta tan longo tempo cubizada.

Naquel anaco de papel achábase o seu ben ou a súa desdita[3], e tremaba como un vimbio, mais que coa febre, co temor de olla-la carta, pois tiña xa de abondo adeprendido cál era súa cativa sorte, dende que na flor da xuventude[4] acometéralle o mal cansado.

Facíase mentes que, canto mais tardo[5] fose no abrir o sobre, máis outro sería o que lle dixese a carta.

¡Así somos os homes! Gústanos sabe-la verdade[6] cando a xuzgamos boa para nós; mais cando temos a crenza de alcontra-los feros do desengano, fuximos ó que podemos de adeprendela.

Máis dunha vez colleu o sobre, e máis dunha vez tornou a deixalo sen o abrir enriba da táboa.

Sentía no seu peito o tolo bater do corazón, e nas súas ses o fervor da súa pobre sangue.

Anoitecía: pola entreaberta[7] finestra iban entrando pouco a pouco as negruras que enchían o espazo, e no campo iban calando os ruídos do día.

¡Máis ennoitecidos que aquelas sombras eran os pensamentos daquel home, e canto maor a calma da natura, máis tormentosos os seus doores[8]!

---

[1] Publicado en 1895, no número 131 de *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, co pseudónimo Carlos Florencio. Aparece o relato sen dedicatoria ningunha. Con posterioridade e co pseudónimo de Xan do Martinete publicaríao no número 44 de *A Nosa Terra*, o día 27 de xuño de 1908.

[2] lle faltaba (EDG)

[3] ó a súa desdita (EDG)

[4] xuventú (EDG)

[5] tarde (EDG)

[6] verdá (EDG)

[7] entre aberta (EDG)

[8] dores (EDG)

Dende que o mal se apoderou do seu corpo, todos fuxiron do cabo del. Amigos e parentes apegadizos, os propios e os alleos, o deixaron sen agarimo, mais o que doíalle[9] era o abandono daquela rapaza mentireira que, cando estaba cheo de saúde, facía por atopalo nas corredoiras e congostras, nas fuliadas e nos rueiros, asta que se entenderon e xuraron amore[10]; e hoxe ao velo preto da tomba o deixaba esquencido.

Xa sabía el que morría; mais tiña medo á soedade, non á morte.

Na carta que tiña alí a seu carón, diante dos seus ollos, viña a resposta daquela ingrata, a quen suplicáballe[11] o consolo da derradeira entrevista e que viñera a facerlle menos fera súa postreira hora.

¿Que lle diría?

Decideuse ao cabo: rachou cun movemento nervoso[12] o sobre e foi ler a carta. Sentíase morrer, e para facer máis longa a súa esperanza[13], quixo que a lectura fose ao pé do castaño onde ela noutros tempos habíalle xurado[14] amor. Parecíalle que lendo a carta naquel corruncho santificado polos xuramentos, non podía traerlle mala fada.

Chegou e escomenzou[15] a ler. Ao olla-los primeiros renglós, sinteu como se unha man de ferro lle fose oprimindo aos poucos o corazón: un pasamento lle acometeu, e seus ollos, xa cegos e sen luz, adiviñaron máis que leron o demais da carta.

Escapóuselle esta das mas; dou tres ou catro pasos sen concencia do que facía; sinteu como un door[16] intenso no lado ezquerdo do seu peito; abreu os brazos como querendo assir[17] algo invisible; por entre os apretados labres[18] quixo dete-la vida que se lle iba, e o chavear dos dentes solo deixou saír pola derradeira vez un afogado berro somellante[18] ao nome da muller amada. Logo, cal desgaxado tronco dun carballo, caeu

---

[9] mais o que lle doía (EDG)
[10] amor (EDG)
[11] á que lle suplicaba (EDG)
[12] nervioso (EDG)
[13] por facer máis longa a súa esperanza (EDG)
[14] lle había xurado (EDG)
[15] comenzou (EDG)
[16] dôr (EDG)
[17] asir (EDG)
[18] somenllante (EDG)

ao longo, morto, ao pé[19] daquel castaño, testemoia[20] mudo de tempos máis ditosos.

O luar, oculto tralos montes, luceu naquel tristeiro momento, e foi bañar coa súa plateada raiola o corpo daquel amador sen ventura, nasmentres no albre[21] un reiseñol entoaba seu laioso asubío...UN HOME

[19] no pé (EDG)
[20] testimonio (EDG)
[21] arbol (EDG)

UN HOME[1]

AO MEU AMIGO O PUBRICISTA MILITAR
Augusto C. de Santiago Gadea[2]

Dióxenes, chamado o Cínico, estaba afeito a andare na forza do día polas rúas de Atenas, levando na súa man unha linterna acesa, para esculcar se coa súa lus podía atopar un home.

Un día que querendo vere se era máis afertunado camiñaba ao hachou, tivo que pasar por diante da eirexa da Caridade, onde veu ás portas un crego. Púxose cabo del, e díxolle:

—¡Ou, señor! tede piedade de min e dádeme algunha esmola para que poida sosterse este pobre e mirrado vello.

Ollouno o crego, e botándolle a benzón respondeu ao prego de Dióxenes:

—Co esto xa tes dabondo—e colouse dentro da eirexa.

Segueu algo enfurruñado súa camiñata noso filósofo, e en de chegando diante unha fermosa tenda onde unha garrida rapaza empregaba os seus cartos mercando alxóuxeres e alfinetes:

—Ou, miña dona —díxolle— xa que gastades para os vosos placeres, ¿non teredes algún agarimo para este vello cheo de fame?

—Certo —dixo a moza— sempre teño lástema dos desditados; ten e merca unha bola—e doulle un diñeiro: despois a rapaza pagou moi leda ao tendeiro unha ducia de pezas de plata por un colariño para o seu cadelo.

---

[1] Relato tamén reproducido no xornal lugués *El Regional* o día 6 de agosto de 1899. En 1908 aparece no número 43 do semanario *A Nosa Terra* (18 de xuño). Xa con máis posterioridade, en 1927 apareceu no número 27 da *Revista del Centro Gallego*.

[2] Historiador e filólogo nado en Vigo en 1858. Entre os seus libros atópanse *Filología de la lengua gallega*, *Historia de la literatura de Galicia*, *Historia de Vigo y su comarca*, *Bayona antigua y moderna* e *Metafísica de los ideales*. Era ademais asiduo da "Cova Céltica".

[3] Dióxenes de Sínope (412 a.c.-323 a.c) foi fundador da escola filosófica dos cínicos na antiga Grecia. Home de vida excéntrica pero admirado e respectado polo pobo, predicaba o obxectivo da virtude. Segundo a historia popular andaba polas rúas de Atenas cunha lámpada acesa, de día, por ver se atopaba un home honesto.

Foise o Cínico encabuxado rascando a orella, cando tropezou co príncipe de Salamina que pasaba nun soberbo carro. Correu Dióxenes ao carón da dorada portela, e coa pucha na man faloulle así:

—Parade, fillo dos dioses, escoitádeme...

—Fuxe axiña, rústico —berroulle o príncipe— ou fareiche esmagar.

Un esclavo que os ollaba arredou o vello do carro, e ao mesmo tempo que lle salvaba a vida tiroulle dous diñeiros dentro do gorro, e foise sen atender ás gracias.

—¡Ou, dioses! —clamou entonces o sabio— atopei ao fin o home; ¡mais este home é un esclavo!

E Dióxenes matou a lus.

Raiolas.

Uxío Carré Aldao

AXÚDATE QUE DIOS CHE AXUDARÁ[1]

Ao meu amigo o poeta Manuel Lugrís Freire[2]

I

Cóntanvos cousas pelengrinas de cando Dios Noso Señor andaba polo mundo levando na súa compaña ao señor San Pedro. Vouche contar unha destas tradiciós se tes pacencia para me ler.

Antre das moitas terras que visitou, unha delas foi a fermosa terra gallega, e dinnos que, en de chegando a Galicia, Noso Señor quedouse ademirado do vizoso dos nosos campos, do frorido das nosas veigas, do misterioso das nosas carballeiras e soutos, dos risoños vales, dos craros ríos e das frescas fontes, e de tanto ben como o Pai Eterno acugulou ás cheas ribado chan gallego. Os que nos contan esta historia dinnos tamén que o Divino Mestre dixo a San Pedro, que se, cando o demo levouno á cima do monte para tentalo lle amostrando a maor parte do mundo, lle houbera feito olla-la terra gallega, quizabes houbéralle sido máis traballoso o recuar diante da tentación. Eu no sei, nin xurarei que sexa certo, mais entendo que poida dare fose verdade, pois non mundo haberá terras feiticeiras, mais tan feiticeira cal a terra gallega non a pode habere, que Dios tan só fixo unha Galicia e nela debeu esta-lo Paradiso.

II

Un dos días do vran que máis quencía, fuxindo da raiola e corredoira arriba, cara a Cañás[3], iban o Noso Señor e a súa compaña, o señor San Pedro. En de chegando ao cume do monte, sentáronse nun cómaro á cativa sombra dun piñeiral, pois iban con pouco folgo pola camiñata.

---

[1] Publicado con posterioridade no número 33 de *A Nosa Terra* (7 de abril de 1908) e no nº 28 de Vida Gallega (30 novembro 1919). Formaría tamén parte do volume *Contos da forxa*. Ademais é incluído no apéndice número 6 do volume *Literatura Gallega* (1911) correspondente a poetas e narradores galegos con obra publicada.

[2] Escritor galego (Sada, 1863- A Coruña, 1940) que foi activo literato no eido da prosa, a poesía e o teatro. Membro relevante do movemento rexionalista e das Irmandades da Fala foi tamén presidente da Real Academia Galega.

[3] Parroquia do concello coruñés de Carral.

Cando máis entretidos parolaban arrecreando os ollos coa vista das lindezas da parroquia de Sergude[4], que testa coa de Cañás, e que ollaban aos seus pés no fondal do monte, oíron, dadas preto deles, grandes esclamaciós, que saían dunha congostra que viña a dar onde eles estaban.

Ergueuse Noso Señor, e ergueuse San Pedro, e foron ve-lo que aquelo podería sere.

III

Alí cerquiña, e no máis fondo e no mais estreito da congostra, dera a volta un carro, polo mor das moitas rilleiras que tiña o camiño, que sempre están mal coidados na aldeia, e fai que sexan perigosos de por si.

O bon do peisano, axionllado no medio da congostra e de cara ao seu carro, tiña tirada a monteira da cachola, a aguillada a seu rentes, e alevantando as súas mas ao Ceo, non facía outra cousa de máis proveito, no medio dos seus saloucos, que pregar a Dios e a tódolos Santos para que viñeran na súa axuda,

¡Dios me valla! —¡Os Santos do Ceo me axuden!— ¡Que vai sere de min! —¡Astra cando estarei aquí!— ¡Pobre de min! e outras exclamaciós polo xeito era só o que lle ocurría ao paisano, para saír do apreto, e nin se daba máis maña nin parecía pillar carraxe polo que lle pasaba.

Moveuse a piedade do señor San Pedro ao ver as mágoas daquel bendito de home, e moito máis ao vere a súa conformidade diante daquel traballo, e díxolle ao Divino Mestre:

—¡Ou, Señor! ¿El non sería ben que lle botáramos unha man ao carro deste pobre home?

Non deu fala Noso Señor, fíxolle siñal a Pedro de que chamara adiante.

IV

Rosmando polo baixo iba San Pedro, un pouco atrás de Noso Señor, quen facía non paraba nelo mentes, e ríase caladiñamente do que lle pasaba ao seu compañeiro, pois lía no seu pensamento como nun libro.

---

[4] Demarcación parroquial tamén pertencente a Carral.

Preto xa de Cañás, onde iba na busca de casa cuberta para pasa-la noite que chegaba, nunha corredoira fonda e no mesmo canto dun regacho atoparon outro carro virado polo moito carreto que levaba e polos moitos tropezós que dera polo camiño nos petoutos que estaba cheo.

O carreteiro non facía cal o outro. Pregar non pregaba á Dios nin aos santos, antes barafullaba e raxaba por tódolos dioses con cada estocación que adoecía; mais tras de cada fala poñía tódalas súas forzas para libra-lo carro do atascamento.

A ouvir tal, San Pedro quixo arredar de alí a Noso Señor, mais este, lonxe de facer caso ao que San Pedro lle decía faloulle así:

—Xa ves Pedro, agora temos ocasión de abondo para facer unha das obras de caridade. Imos a axudar a este home para que salla do seu apuro.

Ollou espantado Pedro para o seu Mestre, mais non se estreveu a dar un chío, e calou coma un peto, sendo ben mandado, e entre os tres amañaron o carro nun verbe, e despois de darlles as gracias falou o carreteiro ao seu gando e foise co seu carro, máis ledo que un cuco.

V

Camiñaba San Pedro detrás do Divino Mestre rosmando de novo, pero moito máis forte que a derradeira ves, non comprendendo como Noso Señor deixara sen prestarlle axuda ao primeiro home, cando pregaba ao Ceo e en troques déralle axuda a quen tiña unha boca tan rachada.

Deixaba o Divino Mestre que San Pedro rosmara o que quixera, pois aproveitaba de cote tódalas ocasiós, para lle dar insiños a quen tiña no inzo para destinalo a se-lo cimento da igrexa, e quería ver astra onde chegaba a pacencia de Pedro.

A este lle non cocía o pan no corpo, como din, e tanto devanaba os miolos, que se non deprocatou do terreo que tripaba, e, ao dare un tropezo nun pelouro, pegou un pulo para non caer, berrando ao mesmo tempo, e sin o querer facer:

—¿Por que fixo eso?[5]

Virou á cabeza Noso Señor, sonrieulle e ollándoo cunha daquelas olladas que chegan astra o máis fondo do peito, respondeulle:

---

[5] No texto orixinal lese "¿Por qué é fixo eso?".

—Pedro, o primeiro esperaba todo do Ceo e nada poñía do seu xeito. O segundo, é certo que falar non falaba mui ben, mais se axudaba. Así, pois, non te esquenzas desto que che digo: Axúdate que Dios che axudará.

VI

E corín corado, meu conto está arrematado. Tódolos contos teñen o seu intríngulis. Cal un dos dous estudiantes que, camiñando de Peñafiel a Salamanca, soupo desenterra-la súa alma do licenciado Pedro García, cousa da que o outro estudiante se mocaba, ti saberás tirarlle o miolo ao meu conto.

Uxío Carré Aldao

PADRE NOSO, QUE ESTÁS NOS CEOS[1]

I

Cegado pola chuvia, no medio da longa praza, correu a poñerse ao abrigo da primeira porta que veu máis preto.

Despois de enxugarse o mellor que puido, arreparou onde fora a se abrigar e non tivo menos de se rire ao ver que, el, un dos librepensadores máis intransixentes, fórase poñer ao amparo da igrexa, pois no pórtico dela estaba.

Pasados os primeiros momentos sinteu un a modo de desacougo polo lugar onde se atopaba gardado da chuvia, e viñéronlle así como ganas de se largare, mais a treboada non tiña trazas de pasar tan axiña, antes somellaba ir aumentando cada vez máis, e deixouse estar onde estaba, coidando ser unha temeridade o corre-lo temporal.

II

Doces harmonías: confuso balbor de tenros cantos relixiosos chegaban aos seus ouvidos, por entre medias das mal pechadas portas. Pareceulle relembrarse de algo profano que tiña somellanza co aqueles cánticos e, picándolle a cursidade, foi, aos poucos, arrechegándose a onde puidera ouvir mellor. Púxose á escoitar e cada ves parecíalle conocer máis aquela música pero sin atinar cal era. Sentía ao mesmo tempo no seu peito algo desconocido que, primeiro caladiñamente e logo máis forte, faláballe de tempos pasados: de tempos nos que a inocencia non estaba perdida; e sin el querelo víñanlle á memoria os recordos daquela edade felís, na que, agarimosa a súa nai, facíalle reza-las santas oracións ao tempo de se ir deitar e denantes de lle tomare o sono dos anxes.

Querendo sobrepoñerse aos sentimentos que o domeaban, para os enxordar, repetía antre dentes todo o cativo repertorio dos sectarios, que tan afeito estaba a ter na boca nas súas discusións; mais así e todo unha

---

[1] Publicado o 6 de maio de 1908 no número 37 de *A Nosa Terra* co pseudónimo de Xan do Martinete e co título de "Pater noster qui est in caelis..." O relato presenta un enorme parentesco co contido do poema "Unha raiola", traducido polo propio Carré do poeta sueco Göran Bjorkman, dedicado ó autor coruñés, e centrado tamén nun escéptico que sucumbe ante a fe logo de se fixar nunha rapaciña que axeonllada "sonrí cal un anxe".

forza interna parecía que lle obrigaba a seguir escoitando, e o que máis o facía adoecer era que tiña coma impulsos de entrar na igrexa.

Loitando co el mesmo e coas ideas que tanta carraxe lle daban e que o viraban tolo, foise chegando cada ves máis a unha das portas travesas asta que empuxándoa sin decatarse, botouna, e daquela vendo franca a entrada, querendo engadarse pola derradeira, dixo:

—Vou a rirme un pouco.

E entrou.

III

A igrexa estaba resprandecente de luces.

Inda resoaban polos ámbitos do tempro os ecos das melodiosas voces dos nenos que cantaban acompañados polo órgano.

No medio da nave principal estaban sentados moitos nenos e nenas, vestidos coas roupas do día de festa, e tendo, nos brazos os nenos e cruzándolle ás nenas o peito, os brancos lazos símbolo da pureza das súas almas, pois viñan de face-la súa primeira comunión.

Brilaba nos rostros dos sinxelos rapaces a máis pura e santa das alegrías e nos seus ollos reflexábase a inocencia dos libres de pecado. Os pais dos nenos, cheos da máis santa unción, ollaban aos seus fillos con todo o amor que sinten por eles. Nun canto do altar maor, e nun camarín todo cheo de frores, víase, fermosa antre as fermosas, á Reina dos Anxes.

No fondo un Santo Cristo de gran tamaño, cos seus brazos abertos, parecía cinguir amorosamente todos aqueles seus fillos que viñan reverencialo, e os seus ollos vidrados e sin lus outras veces somellaban agora estaren cheos de resprandores celestiales.

Volveron a ouvirse os acordes do órgano, e o coro de nenos entonou de novo unha pregaria chea de docísimas esperanzas que, pouco a pouco, foi desvanecéndose no espazo cal un melido salaio.

Un sacerdote subiu ao púlpito e dirixeu aos nenos un discurso tan sentido que tódolos ollos enchéronse de tenras bágoas.

IV

Noso home foi sorpreso polo que vían seus ollos. Facía sabe Dios canto tempo, tiña esquencido os insiños que recibira de neno. Coma moi-

tos falaba e falaba créndose mui outro do que era no fondo. Se non entraba na igrexa, se alardeaba de impiedade era por facerse máis home, cal se ter relixión fora indino da humanidade.

Ao penetrar no tempro, onde facía moitos anos non puxera a pranta, fíxoo, á súa contra, pola forza interior que o impulsaba. ¡Cicais naquel momento a nai, morta facía anos, pedía a Dios por aquel fillo, que ela había educado cristianamente nos comenzos da vida!

E Dios non desoi os pregos das nais.

Noso home tivo un momento de vacilación: pareceulle vir un pasamento e, para non caer, botou a man ao primeiro que atopou acarón. Era a pía da auga benta. Ao agarrarse á pía mollouse os dedos, e sin darse conta de que o facía, quizabes cal a relembranza doutros tempos, instintivamente, santiguouse. Cal se o contacto da auga benta o houbera feito outro; cal se non houbera pasado o tempo, viuse outra ves neno, cando da man da súa nai, tan cheo de ilusiós e tan sinxelo coma aqueles que vía diante del, entrara na igrexa a face-la súa primeira comunión. Recordaba, cal se fora daquela, a víspera do gran día na que, co máis santo recollemento, preparárao a súa nai para tomar parte no festín dos anxes.

Todo canto tiña feito dende ese día, todo foise presentando aos seus ollos borrándose despois pouco a pouco, asta non quedar nel outro recordo que o daquel pasado venturoso.

Parecíalle haber vivido asta o daquela nun soño do que acordaba, e, o luxado da súa alma polo remorso do tempo tan mal empregado, íbaselle desvaíndo coas bágoas do arrepentimento.

E ao ouvir aquela pregaria, a mesma que el había cantado; ao ouvir as palabras do sacerdote; ao ver aqueles nenos tan cheos de gozo respirando inocencia e fe, sinteu racharse as mouras trebas que ennoitecían a súa alma; sinteu de novo que, a adormida fe, rexurdía con máis forza que nuncas e ollando cos ollos abertos, mui abertos, xa limpos de brétema da dúbida, a aquel Cristo que parecía botarlle os brazos, volveu a rezar, mollándoa en bágoas e co fervor que de neno, aquela santa oración tantas veces ouvida dos labios da súa nai.

—Padre noso, que estás nos Ceos.

O XASTRE LARPEIRO[1]

Ao meu amigo o poeta e pintor
Urbano González Varela[2]

I

O teu conto A carantoña do xastre[3], fíxome lembrar doutro xastre de quen teño oído falar moito e que ten unha sona por esta terra[4] que mesmo dá cobiza.

Supoño darasme a túa licencia para che contare unha das moitas chuscadas do tal xastre, inda que eu non o faga coa gracia que ti, e da maneira castiza coa que estás afeito a facelo, pero non todos temos unha mesma sabidencia.

Alá vai o meu conto

II

Érase unha ves que se era, un xastre, non sei se o do teu conto ou outro do mesmo xeito que o que ti nos pintas, mais o que se eu sei ben de certo é que se o teu era un lambón, lambón e medio era o da miña historia.

O xastre non levaba co el aprendís algún, pois sabía a súa conta o pago que dan os tales, pois os rapaces soen seren do mesmo coiro do demo, amigos de se mocaren de todo e rebertes asta non poderen máis. Poida dare que a derradeira trastada que lle fixeran for do xeito da do teu conto.

---

[1] Relato tamén publicado en *A Nosa Terra* (número 34, 14 de abril de 1908) co pseudónimo Xan do Martinete. Tamén se inclúe en *Contos da forxa*.

[2] Pintor e escritor compostelán (Santiago, 1868-1906). Desenvolveu cátedras de debuxo en Santiago e na Coruña. Como escritor de contos coñéceselle o libro *Entre luces*. Publicou ademais a comedia en verso *Amor e meiguería* así como poemas espallados por xornais e revistas.

[3] O conto referido foi publicado en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires, nº 38, 10 de marzo de 1901.

[4] Na versión recollida en *Contos da forxa* (1919) substitúe esta inconcreción espacial matizando "por esta terra das Mariñas".

Denantes de ir ás casas onde iba a traballare, o bon do xastre botaba ben as súas contas para ve-lo modo de se enchere e se enchere a fartar, pois non tiña de abondo coas papas da mañán, o xantar do medio día e o compango de pola noite. Poñía sempre coma condición que pra facer ben o traballo, pois dáballe o frato, habían de darlle, entre as dez e media e as once da mañán, unha lambetada para tere folgos e poder traballar dun tronce asta en de chega-la hora do xantar. De non, non había trato co xastre.

Nunhas casas dábanlle leite callado ou froitas do tempo, u outras papas de leite callado ou froitas do tempo, u outras papas de leite ou papas pegas, noutras ovos, e así iba o meu xastre botando máis tripa que un coengo.

Mais como xa levo dito, o xastre era se bon traballador, máis larpeiro, e inda non se coidaba ben cheo se non atopaba xeito para recuncare e te-la andorga coma un pandeiro.

Tiña deprendido moito nas súas camiñatas polo mundo, que non hai mellor mestre que andare aos rolos na vida, e unha das marañas que mellor cumpría para o seu choio, era esta.

Decíalles aos seus rendeiros, tantos eles eran, que tiña que andare ás xeiras, hoxe aquí, mañán alí; mais el remoloneaba e o que facía primeiro era o ire a aquelas casas onde sabía que non había falla de xente miúda, dándolle a preferencia ao sitio onde os nenos eran dos máis pequerrechos.

En de chegando á casa facía vir, acarón seu aos cativos, co agallo de que lle gustaban, o tiñan entretido cos seus xogos e ao mesmo tempo podían axudarlle a face-la súa labore máis axiña, dándolle as liñas, as talladoiras, as agullas, e todo o que el lles pidise.

Cando vía que íbase chegando o seu compango das once, amañábase de tal xeito que, este vai a esto, o outro a aquelo, facía largaren todos e non iba quedando ao pé do xastre máis que o máis frangulla dos rapaces, que tiña o xastre boa conta que non soupera dar máis fala que chamar pola nanai ou polo papai.

Traíanlle o que lle daban e facía que a dona tivera que ir con calquer mandado á cociña dende o sobrado, onde el traballaba, se era inverno, ou da bodega ou da eira se era no vran, para el facer despois a súa maraña.

Daquela atopándose só o bon do xastre enchía a boca o máis que podía para engulli-lo que tiña no prato, e bulía a come-lo que lle deran, que nin tempo daba para decir Xesús; despois, entramentres limpaba os seus beizos, refregaba coas remiacheiras que quedaran no prato os fociños e o narís do cativeiro, e facéndolle carantoñas e dándolle un belisco facía que, axustado ó pequerrecho, fose a se queixare á súa nai. Como o cativo non falaba; en de chegando ao pé da nai, amostráballe os fociños enfouzados co que non comera; a nai non se decataba do que aquelo poidera ser, e como as nais sacan as cousas da boca, e como o xastre mostrábase tan agarimoso para os nenos, a nai coidaba que o pobre xastre pasaba sin comer por lle dar ao pequeno. Agradecía a nai o ben que o xastre lle facía ao seu fillo, e indo ao cabo do primeiro rifaba co el por se privare da comida, e como sabía que ao xastre atacáballe o frato se non tomaba o seu porqué das once, tornaba a lle preparar outra piperetada que, facendo a manganilla, embaulaba o xastre, como que non o quere, sacando a andorga chea e pasando polo que non era.

III

Este éche meu conto, amigo Urbano, e coma o xastre haiche moitos homes polo mundo que fan o que fan e pasan polo que non son, cal o larpeiro do xastre desta verdadeira historia.

Uxío Carré Aldao

PARA MOITOS[1]

Quien haga aplicaciones
con su pan se lo coma
IRIARTE[2]

I

Había, eu non me lembro cándo nin ónde, un rei, que non sei cómo lle chamaban nin nos importa; mais o que eu sei de certo, é que este rei adoecía el e facía adoecer aos demais para poder soster non só as cargas da nación, se non os moitos parásitos que tiña a seu rentes e que viñan a seren a couza que comía o tesouro púbrico.

Tan e tan esfondados estaban os pobos cos trabucos e coas alcabelas que xa non había onde tirar unha triste cadela.

Se o rei dábase a treu a tódolos demos ao vere sin un carto as uchas reás, o que é tódolos seus vasallos tíñanse dados á tódolos diaños do inferno, vendo cal medraban os impostos, íbanse esfarelando as súas facendas, e a riqueza do país menguaba cal a lúa no seu devalo.

II

Unha tardiña, entre lusco e fusco, na que máis atafegado andaba S.M. dándolle voltas aos miolos a por de ver como arrecadar unha presa de pesetas, pillouno a hora da cea sin que tivera feito cousa de proveito.

Súa Maxestá non era de gran dente e non se decataba en de xamais da hora do xantar, se non polas indicaciós dos que, á retesía, andaban ao seu arredor, co gallo de coidar da súa persoa.

Ben era certo que, dende que uliron os manates o apretado que andaba o real peto, fuxiron us tras dos outros de acarón do rei, pois esa xente fai cal os ratos, que largan de onde non ventan que rilar. De tan cativo hai á vau polo mundo adiante.

---

[1] Relato que posteriormente vería a luz tamén en *A Nosa Terra* (nº 38, 13 de maio de 1908)

[2] Poeta nado en Orotava (Tenerife) en 1750 e falecido en Madrid en 1791, célebre, en especial, polas súas *Fábulas literarias.*

Púxose á mesa o rei, pois o servizo llo avisou: que se esperase polos outros inda hoxe non houbera comido. Non tiña quen lle fixera compaña, moito máis sendo cal era a cea tan pouca cousa.

En canto que iba a encetalo molete para esfrangullar un anaco na cunca do caldo, que era o que tiña aparellado aquela noite, pois a fartura non era moita e casi palpábase fame no real pazo, chegou, bulindo, un pícere que dixo á S.M.:

—Señor; aí fora agarda un home que di ten un gran romedio para facer cartos pola vella sin...

Ao pronto que o rei ouviu tal, folgouse tanto coa nova, que non deixando acabar de falar ao rapás, parou na labor que facía e, medio erguéndose do tallo onde estaba sentado, dixo:

—¿Seica toleas, meu neno?

—Por en canto non, señor; é certo, —respondeu o mozo.

—¿Si? pois que pase, que pase axiña —díxolle o rei.

III

—¿El hai licencia? preguntou botando a cabeza por unha das portas un paisano con máis cara de pillo que de home de ben.

—Entra, oh, entra, ordenoulle o rei.

—Co seu permiso, señor— dixo o home colándose no sobrado, e logo saudou ao rei dicíndolle:

—A obedencia de S.M.

Ollou o rei o paisano para, onde non lle chocando a súa pinta ou as súas feituras, facelo largare, mais, endebén, agradoulle e púxose co el de parola.

Con todo que o rei tiña tanta présa polos cartos, inda non puido menos de latricar co bo do paisano parecéndolle que un ninguén cal el non debía poñerlle condiciós, inxente de que decíalle ter de abondo coa honra que lle facía ao falarlle. Esquencía o rei que este home en troques de pedirlle cartos cal os manates íballe da-lo medio de telos a eito.

—Conviñeron ao fin que o consello que dera o paisano estaría ben pago, por adiantado, sentándose a comer na táboa do rei, e que, ao remate da comida, diríalle a este o segredo para ter diñeiro a mas cheas.

Mandou traer o rei coitelo e culler e tirarlle unha cunca de caldo ao paisano, e comeron entrambos.

Despois de ben fartos o maula do home, falou así:

—Abofé, señor, que non sei porque non acouga V.M. Tocante de romedea-los males da facenda real a cousa é fácil. Eu no canto de Vosa Maxestá non me quentaba máis a cachola. Os reis deben coidar de non botar por portas os seus vasallos; ese é o gran segredo que non lles deixan conocer os adulós, que tiran só a medrar eles, inda que ao país o levar Xuncras. Goberne V.M. de por si.

O rei debe vivir máis co pobo que cos grandes. Teña a seu rentes quen lle diga a verdade, inda que non lle preste.

De así non facelo, no pecado terá a penitencia. Agora vese solo. Os que a decotío tiña cabo de V.M. hoxe nos ve. Neles é onde pode remediarse, xa que deles ven o mal.

Cando se lle presenten a V.M. homes cal... (aquí deulle o nome dun dos seus conselleiros, conocido de todos pola súa fachenda, o pagado que estaba da súa persoa, e se-lo primeiro en escapar da queima); non lles de creto. Se lle din que debe carga-lo pobo con máis trabucos, que pode co eles, non o faga: dígalles V.M. que para remedia-la tristeira situación do país pode facerse un gran choio, sin esfonda-lo pobo: mercándoos polo que vallan, e vendéndoos polo que eles coidan valer, se pode facerse feira ¡pardiola! que pode desempeñarse o reino e ter diñeiro para longo. E despois non volva a ter trato coas tales xentes.

Comprendeu o rei o que quería decirlle o paisano. Siguen os seus consellos e hoxe o seu reino é un dos primeiros do mundo, véndoo libre de trampas.

E non vai máis; abonda que, ao bon entendedor... cálase adrede o resto.

ESPARTACO[1]

I

O ano 72 (denantes de X.C.) tivo lugar a revolta dos gladiadores levada a cabo polo valeiroso Espartaco, quen fora escollido como gladiador para loitar na area do Circo de Capua.

Estas loita fundáraas Sila, e tiñan o seu orixe no bárbaro costume dos vellos petrucios romás, costume tida tamén por outros pobos, de sacrificaren homes nos enterros dos varós asiñalados, facendo que algús escravos loitasen, us cos outros, nus e armados de pequenas espadas. Os xogos circenses foron ben de pronto unha verdadeira pasión en tódalas crases da sociedade román.

Pagadas polo Estado, e moitas veces por particulares para certos fis, a entrada ás festas non costaba nin un as; os senadores e cabaleiros, cabo das donas, tiñan os primeiros postos, e o resto do pobo sentábase polas gradas. Entramentres tiña lugar a loita facíanse aventuras antre os que a presenciaban.

Os gladiadores, eran casi sempre prisoeiros de guerra, varudos e de corpo lanzal, que se presentaban na area ispidos do van para arriba; saudaban ao presidente co famoso: Ave Cesar, morituri te salutant; e comenzaban a loitar con paus afiados, antre dos berros de selvaxe alegría dun pobo que non tiña entranas. Axiña os loitadores deixaban os paus polas pequenas e afiadas espadas coas que procuraban dar morte aos seus enemigos, cos máis rudos golpes. Corría o sangue, e ao caer na area un dos combatentes, pedía, se lle quedaba folgo para elo, gracia ao púbrico. O vencedor, con todo o aire do trunfo, cabo do vencido, esperaba. Se esta batírase bravamente: se caíra de un modo xeitoso, podía ter esperanza: as vestales eran quen tiñan nas súas mas a sorte dos vencidos; malfadado daquel que, antre os temores da morte, víaas erguerse alongando o brazo coa man pechada e o pulgar para baixo. Ao berro de *Recipe ferrum* ceibado pola bárbara multitude, antre os asubíos do pobo que se tiña polo rei do mundo, dábanlle o derradeiro golpe que o levaba a rasto ao *spoliarium*.

---

[1] Publicado con posterioridade, en 1908, en *A Nosa Terra* (nº 42, 12 de xuño), tamén co pseudónimo Xan do Martinete.

Algús gladiadores, que tiñan a adaxe de saír vencedores en varias loitas, chegaban á adequirir gran sona.

A Xentalla e petrucios e cabaleiros, a primeira coas súas batiduras de mas, os segundos cos seus festís e agasallamentos, facíanos os seus ídolos. As nobres matronas romás botábanlles á area os seus máis preciados torques, brazaletes e anhelos, e logo, as máis das veces, recibíanos no máis sagrado do fogar.

Pasaba cos gladiadores o que agora pasa na España cos toureiros. Hoxe facemos nós cal facía daquela o pobo román. Xa poden vir desditas riba da patria: tendo Pan e Touros, temos de abondo ¿qué máis precisa España?

II

Espartaco foi nado en Tracia polo ano 113 (denantes de X.C.) Soldado auxiliar dos exércitos romás desertou, e, feito prisoeiro, destinárono para as festas do Circo: coma gladiador, tiña que tomar parte nas do Circo de Capua.

Preto da hora da loita, Espartaco, sintindo naqueles supremos momentos os feros de tan tristeira situación, lembrouse de que era home, non cousa; quizabes estes sentimentos foron máis que por el, polos seus compañeiros, que vía también mandados ao que deles pedía a servidume. Quixo redimilos, redimíndose el, daquela e para sempre, vingando ao mesmo tempo os mortos noutrora. Espartaco dirixeuse aos que o rodeaban: fíxolles comprender que deles pendía o redimento, e rematou falándolles así:

—¿Non temos que morrer? ¿Sí? Pois facelo pola nosa libertade e loitando contra os nosos tirás.

Déronlle ouvidos douscentos escravos, que, dispostos a morrer defendendo os seus dereitos, non servindo coma adivertimento dos seus somellantes. Todos eles tiñan, de longo tempo, concencia do que debía facerse, máis, como a decotío, faltara asta o daquela quen falara por todos.

Os deseosos de reinvidica-los dereitos do home, deron morte aos seus guardiás, fuxindo cara ao monte, onde foron axuntándose tódolos desherdados da fertuna, aos que chegaba a nova da súa rexeneración.

Cedo veu, Espartaco, a seu rentes 12.000 homes, que sendo os escravos os máis os menos os tiñan domeados. Facía falla a aqueles saber que, non solo por xusticia, senón pola forza, tiñan a razón da súa parte. Agora sabíano. Era tempo.

Inda que numeroso o exército de Espartaco, non quixo corre-la aventura dunha loita incerta, onde todo podería perderse dunha soa ves, e co seu talento logrou evita-lo encontro co do enemigo, camiñando por toda a Italia recollendo os seus irmás de escravitú, que de tódalas bisbarras corrían a se lle xuntar; que se non para todos, pois non falta quen se atope ben na servidume, para os máis soaba grato ver chegada a hora da igualdade.

Entrou na Galia Cisalpina, onde derrotou aos cónsules Léntulo e Xelio. A pesar da victoria, e inda que chegou a ter ao seu mando 70.000 homes, nos comenzos solo tiña mentes de leva-los seus compañeiros fóra dos territorios de que era dona Roma, buscando onde os homes non sintiran pesa-los us a tiranía dos outros. Fíxolle variar de pensamento a fertuna de vencere aos seus enemigos en diversos encontros, máis buscados por estes que por el.

Estes trunfos deron novo derroteiro aos seus plas, e concibeu o ousado propósito de destruí-la Repúbrica de Roma, vengando os manes dos mortos e libertando a tódolos opresos.

Tendo en conta de soste-la carraxe dos seus, deulles orde de non facer prisoeiros ao enemigo, senón mortos. Venceu ao cónsul Manlio e foron tantas e tantas as perdas que tivo este, que o Senado román, para rematar dun tronce unha guerra, que podería destruí-la repúbrica dos privilexios, viuse no caso de enviar contra de Espartaco a Licinio Craso ao frente dun formidabre exército. Viñeron ás mas os dous enemigos, preto de Reggio. Virouse a sorte e os defensores da xusticia foron vencidos polos defensores da iniquidade. De nada sirveu nin o nobre da causa nin o valor dos que loitaban pola libertade humana: unha ves máis prevaleceu a forza riba do dereito: non sempre trunfan os bos.

O combate foi terrible, sanguento: doce mil gladiadores quedaron sobre do campo de batalla. Ninguén virou a cara. Todos tiñan as feridas nos seus peitos.

Non esmoreceron por eso os que loitaban para seren tidos cal homes, e, inda non repostos do desastre, pediron a Espartaco que os levase de novo a combatir a Craso, que quería encerralos tras unha longa trinchei-

ra, e ao que presentaron batalla en Silaro. Nada lles valeu o valor: outra ves probaron o contrario da sorte; e a desfeita foi compreta.

Espartaco loitou, cal sempre, diante de todos: feito un valente. Os que tiña a seu rente, véndoo combater a pé, instáronlle a que se puxera da cabalo. O héroe, cal se agoirase que aquel era o derradeiro combate, cal se tivese o presentimento do termo da loita, respondeulles:

—¿A que? Se vencemos non me faltará cabalo:

se somos vencidos, para nada o quero.

E así foi.

Cal se o remate estivera en Espartaco, o máis escollido do exército enemigo, deu sobre del. Loitou, e loitou longo tempo, asta que a derradeira, deu co seu corpo en terra, e, non podendo ter de si, axionllado, peleou, vendendo cara a súa vida, asta que, traspasado a frechazos, caeu, para non erguerse máis, no campo de batalla, onde non puido ser reconocido. Tantas feridas recibera. Tivo lugar o ano 71 (denantes de X.C.)

III

Os romás outiveron un gran trunfo. Poderon decir que coa morte de Espartaco tiñan dado fin á guerra que durante dous anos tivo espantados aos romás. Os restos do exército anduveron algún tempo sin rumbo, comandados por Crixo, polo Norte da Italia, e Pompeio, que viña triunfante da Hespaña, deu fin deles, gabándose diante o Senado de toda a groria de este trunfo.

Os escravos, non intentaron volver pola súa libertade. Non houbo outro Espartaco e a escravitú seguiu tanto ou máis dura que denantes e, nas areas do Circo, volveu corre-lo sangue nas infames diversiós dos romás.

¡Loor a Espartaco, unha das máis grandes figuras dinas do respeto da humanidade!

¡Baldón eterno para todos aqueles que, cal os romás, escravizan os pobos!

E ¡Baldón tamén para tódolos pobos escravizados, que non queren ve-los insiños da historia!

A CAPA DO XASTRE[1]

Ao meu amigo o poeta catalán
Cosme Vidal (Joseph Aladern)[2]

Xa que vai de contos e neles fan de pandote os xastres, vouvos contar un, denantes de que se me esquenza, o que non sería mala perda.

O piquer é que o bon do xastre larpeiro, do que vos falei nantronte, estaba casado e tiña un fillo. Non sei se volo dixen ou non; mais se o non sabíades, inda o aprendedes con tempo.

O xastre, como todo bon pai, facíalle ao seu fillo que se fose dando xeito para hoxe ou mañán se poidere gana-la vida polo oficio; mais ao xastre non gustaba leva-lo rapás a ningures, pois inda era cativeiro e parecíalle que tiña tempo de abondo para deprender certas marañas.

Así, pois, o pequeno axudaba ao seu pai, e íbase dando moita maña, facendo o mellor que podía no traballo que o xastre levaba para a súa casa.

II

Un dos moitos días do inverno nos que o xastre andaba a traballar por de fóra, chegou, entre lusco e fusco, algo máis cedo que de cote á súa casa, laiándose de que lle doía todo o corpo, non sei se polo mor dunha enchente ou porque o pillara a friaxe.

Botouse no seu leito case sin folgos pra se ispire, pois viña doente e doente de tódalas veras. Fíxolle a súa dona mil romedios para o curare, sin pensare en chama-lo médico, pois nas aldeas é cousa que non se estila, e o xastre malia aos agarimos da súa parenta, lonxe de millorar, íbase poñendo máis malo, estando tódolos da casa nun apreto.

Unha das noites na que máis apuradiño parecía estare, quedouno velando só o seu fillo, pois a nai fora se deitare un pouquichiño por estare molida de abondo.

---

[1] Publicado co pseudónimo Xan do Martinete en *A Nosa Terra* no ano 1908 (nº 35, 23 de abril) e en *Contos da forxa*; nesta obra, dedicado a José María González, director de *El Orzán*.

[2] Cosme Vidal Rosich (Alcover-Tarragona, 1869-Barcelona, 1918) escritor, filólogo e estudioso de costumes e tradicións populares.

Alá, no medio da noite, na hora medoñenta na que, según às consellas, soen andaren ceibos polo mundo meigas e meigos, trasnos e demos para o tormento dos homes e... das mulleres tamén, o xastre, que asta o daquela parecía descansare algo millor que a decotío, comenzou a espernexar na súa cama, medio a erguerse nela, botando as mas cal se quixera asoparar alguén que tivera diante e lle puxera medo. Chaveaba, marmulando falas que se lle non entendían, guindaba bágoas coma noces e se laiaba de tal xeito que mesmo arripiaba.

Axustouse o bo do fillo e coidando chegada a derradeira hora do seu pai, todo choroso, foi a chamar pola súa nai, ao tempo que o xastre dando un gran berro, no medio de fortes saloucos e salaios, caía no seu leito, todo trasudado e se lle barrendo o sentido.

III

Pranteaban dona e fillo, pois para eles xa era morto o seu home e pai, cando ollaron que o xastre iba aos poucos volvendo do seu pasamento, e ¡caso estrano! somellando de habere mellorado moito.

Ao volverlle de todo o acordo, quixo a modo de querer falar o xastre, mais o non deixaron e, acochándoo ben, fixeron que pillara o sono.

Foi mellorando o xastre asta que de alí, pasados us días, se non ben de todo, podía erguerse e, inda que pouco, ir botando unha man ao traballo, lle non quedando da súa enfermedade outra cousa nin máis rasto que unha certa aquela de tristura que virou o xenio do xastre noutro.

Chocáballes a todos o cambio deste home, denantes falangueiro e agora, as máis das veces, máis calado que un peto, e ninguén adiviñaba o porqué.

IV

Certo día que traballaban xuntos pai e fillo, o primeiro, despois de ollar se había preto deles quen os poidera escoitar, díxolle ao seu rapás:

—Non te decataras do porqué eu, noutrora tan contento, somello hoxe outro, e vouche a decilo. Lembraraste da noite na que contáchedes quedares sin min. Naquela noite ¡o meu fillo! tiven un soño que inda me fai hoxe estarrecer cando del me acordo. Eu víame morto e camiñando

ao Ceo para sere xuzgado: indo pola ponte estreita feriume os ollos un lóstrego, oín como o balbor dun trono e logo tívome ó pé o mesmo demo botando fume por aqueles seus ollos, co rabo revirado e con cada cacho de cornos que mesmo daba medo. Eu buscaba o xeito de pasare e cada ves que iba o facere, o demo poñíame diante dos meus ollos ¡pásmate, meu neno! unha a modo de capa, feita de tódolos cachos de pano que teño arrabuñado aos meus rendeiros. De nada servían bágoas, pregos, nin choros, que o demo facíase o xordo. Así estivemos moito tempo: eu paso, el non pasas, asta que polo remate e cando eu canso de loitar recuaba, envolveume na capa e botoume da ponte en baixo. Din un gran berro cando iba polo aire, e daquela acordei e vinvos acarón meu. Aí tes, meu fillo, o que me ten tristeiro, pois, foiche, sen duda, un aviso do Ceo, e temo, e ben temo, que cando morra, salla verdade o que asta o de hoxe non é máis que un soño. Aconséllote, pois, filliño da miña ialma, que se non queres te-la aprensión que eu teño, non arroubes endexamais nada a ninguén, e cando vaias na miña compaña se vires que me tenta o deño a roubar algún pano, dime para recordo: ¡Lémbrese, ouh meu pai, da capa! Non fales con ninguén do choio, nin á túa nai dille palabra; péchao ben no teu peito e que che sirva de proveitoso insiño.

Cando acabou de falar o xastre, tremaba coma un vimbio verde, e prometéndolle o fillo que non daría unha fala do conto, o xastre foise acougando e dende daquela pareceu como se lle houberan quitado un peso de enriba das costas.

V

Pasou algún tempo, e indo criadoiro o fillo encomenzou a saír co seu pai traballar polos lugares da parroquia. O xastre iba xa vello, pois os anos non pasan en van, e xa non tiña os alentos que de máis novo, habendo veces que andaban as xeiras, indo só o fillo ou o pai, e quedando o outro na casa.

Chegaron un día xuntos a un lugar onde tiñan labor de abondo, pois era dun vinculeiro dos máis ricos, e deron encomenzo ao seu traballo.

Un dos panos para a roupa era cousa boa, pero boa; varado e ao mesmo tempo doce coma a seda. Xa facía moito que as mas do xastre non tallaran cousa tan rica.

Nun momento no que deixaron sós a pai e fillo, botou o xastre man ás tesouras e cortou un gran cacho de pano que lle deu a seu fillo, dicíndolle:

—Agacha eso o mellor que poidas.

O fillo ollou para seu pai e arredando o pano de xunto de si, repricoulle:

—¡Lémbrese, ou meu pai, da capa!

E o xastre facéndolle garda-lo pano faloulle:

—Boh, boh, é que dun pano cal ese non che había ningún cacho na capa.

O XURAMENTO[1]

A miña dona.

I

Cando puido chamarlle a súa muller, cando ao fin veu cumpridos tódolos deseos máis caros da súa vida, tívose polo home único felís da terra.

Se el correra mundo: se el alongado da patria sentira doídas soidades: se el traballara a reo con tódalas súas forzas, sendo un escravo nos mellores anos da mozarría, fora por ela; fora para facelo máis axiña que poidera, senón unha gran fertuna, ao menos un mediano pasar, que lle ofrecer a quen era seu solo pensamento, a quen el quería non tivese outra cousa na que cavilar que non seu querer. El, como traballar, traballara, pero agora vía a recompensa: agora vía realidade o que el coidara soño irrealizabre; non se trocara por un rei, pois xa era del a muller amada.

II

Pouco lle durou a felicidade ¡qué as ditas do mundo son pasaxeiras!

Nos momentos en que ao amor de home iban a se xuntaren os amores de pai, facendo así máis grandes as súas alegrías, envexosa a sorte, tronzou para sempre tan doces ilusiós.

A morte, batendo as súas mouras ás, encheu de loito un amante corazón, desfixo un fogar agarimoso, e aquela muller ben amada perdeu na fror da vida a eisistencia, cando todo lle sonría.

Pouco antes de paga-lo tributo da morte, ao decirlle adiós para sempre ao home que tanto quería, fíxolle face-lo xuramento que endexamais viría outra muller a ocupa-lo oco que ela deixaba no seu fogar e no seu corazón.

---

[1] Ó igual que os relatos precedentes volve a publicar este, en 1908, en *A Nosa Terra* (nº 36, 30 de abril) co pseudónimo de Xan do Martinete. Silvia Gaspar inclúe o relato na súa *Antoloxía do conto galego de medo*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 139, 1996, 218 pp.

III

Ao se ver solo outra ves: ao ver desfeito o niño dos seus amores, el coidou tamén morrer. O tempo, gran dispensador de consolos, foi, ao seu andar, levando acougo ao seu ferido corazón, e aos feros e as mágoas dos primeiros días, sucederon unha tristeira conformidade, un doce recordo.

IV

Pasou máis tempo. Na casa onde el vivía tiña por veciña unha garrida rapaza, que foi acordando naquel magoado corazón, sentimentos que coidaba adormexados para sempre. A ferida, noutro encomeo aberta e escuando sangue, somellaba estare curada do todo. O trato fixo rexurdir aceso o fogo do amor que el cría morto. Inda era mozo. Víase solo no mellor da vida. Seu fogar estaba baleiro, sin agarimo ¿por qué non ter nova compañeira que lle axudara a termar das súas coitas, e compartira co el alegrías?

Para mellor se engañar a si mesmo, buscou e viu algunha somellanza entre a garrida veciña e a pobre muller morta, pola que tanto pranteara, pola que inda salaiaba. Decíase que non era un novo amor, senón o morto que volvía novamente; que era o pasado que rexurdía, cal o ave fenis, de antre as cinzas. Lembrándose do xuramento que fixera, acalaba o remorso, decíndose deste xeito xuntaba o pasado co porvir, e que a desdita que tivera solo fora un mal soño, unha ves que a muller de agora era cal a viva imaxe da que perdera, a quen somellaba tamén nas súas virtudes.

Faltáballe deprender se os sentimentos que el tiña, serían correspondidos. Parecíalle que si. Quixo sabelo de certo, e aventurouse.

V

Pideu e outuvo unha cita. Cando nela, tolo pola pasión que sintía e cegado pola dita de verse correspondido no seu amor, iba a deixarse caer de xionllos ás prantas da muller amada, facendo protestas do seu querer, esquencendo o xuramento feito na solemne hora da morte, pareceulle que a muller, diante da que iba a poñerse de xionllos, tan somellamente á muller morta, íbase desvaíndo pouco a pouco, quedando no seu canto a primeira muller, envolta no sudario, coa palidés da morte no seu rostro e que ollándoo tristeiramente cos seus ollos sin lus, dibuxaba nos seus murchos labios unha amarga sonrisa ao velo faltar ao xuramento.

Quedou irto coa visión: levouse as mas aos ollos para non ver, e, dando un gran berro, fuxeu, e fuxeu para non volver máis cabo da muller que houbo de facerlle deixar incumprida a súa promesa.

E cando fuxía, cos ollos cheos de bágoas polo tenro recordo da muller que tanto quixera: daquela que fora o seu primeiro amor, a quen el xuráralle sería o derradeiro: daquela que viña de darlle amostras de cariño non o deixando caer no perxurio: viu de novo diante de si, a adourada imaxe da que, ao ver perdura-lo seu recordo no corazón do home amado, tiña agora nos seus murchos labios unha tenra sonrisa e ollábao, cos seus ollos sin lus, doce... mui doce...

O PINTUREIRO[1]

Érase que se era un fidalgo dos máis pobres, daqueles que di Cervantes "de lanza en astillero, adarga antigua, rocín flaco y galgo corredor".

A facenda era pouca: as trampas moitas; mais, así e todo, tan pagado estaba dos seus pergaminos e executorias que inda non os trocara polas minas do Potosí. Baixa-lo ao traballo non o baixaba; según el, por non luxa-la súa nobreza; según as malas linguas (quen as pode acamallar) por tere moito de folgazanería.

Vivía no lugarete na casa petrucial, que solo tiña de bo o dibuxado escudo riba da porta. O vento e a chuvia colábanse polas desvencilladas ventás, onda os vidros non se vían facía moitos anos, e polas poucas tellas que cubrían a ripa do tellado, que era unha bendición. Os caneiros, pontonaxe e as táboas do piso; tan tramadas da traza estaban, que, para andar polo sobrado, tíñanse en pé sabe Dios cómo, pois solo a providencia podía termar, nos días de treboada, polo landreadas que estaban.

A roupa do fidalgo corría parexas co bon estado da casa. Recordar, recordaba as modas do tempo do rei Perico; mais, en de por eso, tan limpo de pó e palla andaba a forza da acepillar, que ao se paseare co sombreiro a teima e seu pau de carballo na man, malia o lustroso do traxe, que de tan gastado deixaba vere os fíos da tea, parecía todo un cabaleiro.

Como diñeiro, non había de que, tiña un modo de vivir apretadiño. O seu xantar era ben cativo; non pasaba fame, gracias a que o pan non iba caro, e comíao reseso para que lle rindera máis. O viño, Diolo dera: prestáballe máis a auga fresca, pois para mata-la sede tiña un pozo no corral que daba xenio.

---

[1] Tamén este conto aparecería en 1908 en *A Nosa Terra* (nº 32, 28 marzo) co pseudónimo xa devandito. Ademais, no número 46 do *Boletín de la Real Academia Gallega* (20 de maio de 1911) aparece este na sección titulada "De Folk-Lore" destinada a reproducir textos procedentes da literatura popular. Ó lado do título remítese a unha nota a pé de páxina na que se nos indica que foi recollido en Sergude, Concello de Carral, circunstancia que non se facía constar en ningunha das versións anteriores nin na súa publicación posterior en *Contos da forxa* (cfr. "A quen me lere" en *Contos da forxa*)

¿Criados? servíase el que non estaba para manter folgazás, e ninguén fai as cousas máis xeitosas que o que as precisa.

Así e todo, como tiña moita crianza, andaba sempre na compaña dos veciños máis ricos e de máis nota da súa parroquia e das veciñas. As visitas facíaas ás xeiras, hoxe aquí, e mañán alí, sendo ben recibido onde queira que fora. Non tiña outro defecto máis que o da grandeza e, a decotío, non falaba se non das rendas que cobraba, que se eran tantos ou cantos ferrados: dos empregos que tiña dados á parería ou ás ganancias e outras cen e cen escochas que encaixaba a pote. Mintireiro cal era, onde máis se corría, era ao falar das súas comidas, que, solo ao deci-lo que aparellaba para unha sola, podía darse por farto un batallón.

Ríase toda a xente do que argallaba o pobretón fidalgo e, como hai quen de todo se moca e moitos son o demo nesto de poñer alcumes, deron en chamarlle O Pintureiro, non o conocendo ninguén por outro nome.

Non faltou quen, vendo ao bon do fidalgo non lle gustaba deber favores sin pagalos (dos que non custan cartos, hai que entendela), quixo facer de modo de reducilo a xantar fóra da casa, poñéndoo no apreto de ter que paga-la convidada. Mais non houbo de que. Ninguén puido facerlle acepta-lo agasallo.

O demo, que non durme, quixo que un día ao xantar das doce tivera que saír a un pequeno viaxe e tanta presa tivo o bon do fidalgo para facelo mandado, que, casi sen lle dar remate á comida, ergueuse da táboa. Tan cego saíu e tanto buliu pola conta que lle tiña, que non se coidou de ben se limpa-la roupa.

A mala fertuna del fíxolle atopar nunha corredoira cun dos seus veciños quen lle tivo o pé. Ben criado cal era o fidalgo non lle quedou máis vivo remedio que ter un rato de leria co seu amigo, e, non se correu pouco, cando o veciño ollándoo á niña dos ollos preguntoulle:

—¿El que tal hoxe de xantar?

Afeito a botar por ela respondeu o fidalgo:

—Mui ben: comín hoxe unhas perdices que...

E sin deixalo arromatar díxolle o veciño ríndoselle na súa cara:

—Ben o vexo, que inda trai vosté as prumas no chaleque.

E o que traía eran as pingotas das papas que coa presa non se coidara de limpar.

UN HEROE DE 1809[1]

I

Nos comezos do ano 1809, Galicia foi invadida polo francés que, perseguindo á Moore dende Astorga, chegou preto da Cruña, onde, á derradeira, deuse a batala, sendo derrotado o ingrés en Peñasquedo, e mal ferido o xeneral, viuse obrigado o exército a se retirare á cibdade, na que morreu Moore, defendendo o embarque das tropas o pobo cruñés.

Galicia, daquela cal nestes tempos, achábase indefensa, non porque non cumprira como bo, senón pola mala fada que sempre a persiguiu.

Dos dous corpos de exército que formara á súa conta e costas, un deles ás ordes de Filangieri e outro ás do Marqués da Romana, o primeiro virouse, na fronteira gallega, contra do seu xeneral a quen deron morte algús soldados navarros, cando polos cargos que tiña sobre del fora deposto pola Junta de Galicia. Pasado o mando ás mas de Blake, incorporouse co de Cuesta, e foron derrotados, por Bessieres, en Rioseco. O segundo corpo axuntouse ao do Duque do Parque e sufriu fortes descalabros en Tamames, Medina del Campo e Tordesillas, sendo ao remate afuxentado por compreto en Espinosa.

Galicia viuse, pois, sin podere se defender. ¿Que moito que o poderoso exército de Soult non atopara quen lle fixera frente nos primeiros momentos?

Inxusta foi a Junta Central do Reino cando na Gaceta estraordinaria do 18 de Febreiro do ano 1809, pubricada en Sevilla, chamou á nosa rexión: hija desnaturalizada de la nación, y que se había entregado sin honor á los enemigos, debiendo su nombre ser borrado del libro de la patria. ¡E esto decíao aquela Junta, cando ela iba fuxindo dos invasores, camiño de Andalucía! Se ela que tiña exércitos para a defensa do territorio, deixaba en poder do enemigo casi toda España ¿que de estrano tiña que Galicia, inerme, ao mandare as tropas que ela pagara a loitaren pola integridade da nai común, fose fácil presa do conqueridor? Mais non foi

---

[1] Reproducido co pseudónimo Xan do Martinete en *A Nosa Terra* (nº 30, 12 de marzo de 1908). Xunto con "Axúdate que Dios che axudará" inclúese no apéndice correspondente da súa obra *Literatura Gallega* (1911).

eso solo. Naqueles mesmos días nos que a Junta Central luxaba tan de présa o bon nome de Galicia, esta erguérase xa contra dos invasores, e tíñaos acurrunchados por tódalas bandas, non sendo donos senón do terreo que tripaban.

Certo é que ben axiña volveu do seu impremeditado acordo a Junta Central, enmendando o seu erro e facendo xusticia cumprida. Fechada no Alcázar de Sevilla, lavaba o inxusto aldraxe feito a Galicia, cunha nova procrama, timbre de groria para os nosos.

A invasión foi pouco duradeira en Galicia: casi non chegou a medio ano. Do exército que nela entrara, máis da mitade fíxoo para non volver a ver en de xamais os seus eidos.

Galicia tivo a groria de se-la primeira rexión da Península que escorrentou aos franceses; e logo, nobre e xenerosa, esquencendo o aldraxe que lle fixeran, volou cos seus fillos á defensa de España asta que, na xornada de San Marcial, o exército gallego botou para sempre ao francés do territorio español.

Entramentres durou a loita sucedéronse na nosa terra os feitos fazañosos. Se a relatalos fóramos, inda que solo os máis siñalados, non nos chegarían centos de volumes.

Imos solamente a contar un que, se sinxelo, abonda para facer ver cal o gallegos saben seren heroicos e morreren pola patria.

II

Era ao rompe-lo día 8 do mes de San Xoán, día memorabre no que o mariscal Ney chorou a derrota da Ponte San Paio, derrota vergoñosa para un guerreiro de tanta sona, afeito á vence-los máis aguerridos exércitos e que viuse obrigado a recuar diante dun enemigo, máis que tropa regular, gran masa de soldados, guerrilleros e paisanos mal armados. Os brigands, como os chamaban os franceses, iban a demostrarlles que, cando loitan pola patria, os gallegos ou vencen ou morren; e que abondan os cañós de pau-pau, zunchados de ferro, para facer frente aos máis poderosos de bronce, tendo o valor no peito e unha nobre causa por bandeira.

Un dos destacamentos franceses despregados á descoberta para ver de atopar un pasadoiro no río Caldelas, aquel día máis cheo que decote

polo moito que chovera, camiñaba ao chou por antre a brétema, sin ver modo de cumpri-la misión que lle encomendaran. Levaba ordes terminantes o xefe de que, fora como fora, vese de buscar quen lle insiñase un vado, empregando, según mellor lle conviñere, ou a recompensa ou o castigo, non roparando fose neno ou vello.

Non atopaba por ningures de quen botar man para as noticias que lle facían falla, pois os homes todos estaban nas ringleiras dos patriotas, e as mulleres, os vellos e os nenos andaban agachados por onde máis seguros podían estaren.

Cando máis arrenegaba da súa sorte, no medio da clarencia dos farrapapos da brétema que comenzaba a se levantar, e que asta ó daquela fixérao ir ás tentas, viu o xefe rebulir algunha cousa antre da bouza, nas beiras do camiño. Era un rapás coma de 12 anos, de cara espavilada e, ao parecer, vivo de xenio, que somellaba non estar no mato solo por agacharse, senón para algo máis. Ao vérese descuberto quixo fuxir, máis presto cañárono.

Alegrouse o xefe do encontro e moito máis por sere un neno, pois coidou dera ao fin co mellor que poidera desear, que ninguén máis fácil de ganar, pensou, que un rapás tan novo. Tratou, pois, de ver como tira-lo mellor partido do mocete, mais este, malia os seus poucos anos, non se deixou vencer. Nin primeiro polo intrés e polo meiró, nin despois por medo, puido arrincarlle unha sola noticia. O rapás facía non parar modo no que lle decían para que charlare. A todo canto lle preguntaban ou calaba, se lle tiña conta, ou de non, facendo non comprende-lo misturado de gallego e francés en que lle falaban, non decía outra cousa que: "Non entendo. Non sei que di".

Vendo que non tiña modo de facelo falar máis craro, quixo ve-lo xefe se levando as cousas máis adiante outiña algo. Fíxolle dar ao neno, inda que se doía pois lembrábase dos seus fillos, us cantos golpes, pero con todo e con eso, o bourar nel non lle arrincou unha fala máis.

Non tendo outra traza, o xefe recurriu ao derradeiro que lle restaba para facelo cantar, cumprindo as feras ordes de Ney.

Mandou poñer de xionllos ao pé dun valo, ao rapás, e logo, sin taparlle os ollos, facendo adiantar catro soldados, que tremaban máis que o pobre cativo, mandoulles prepara-las carabinas e díxolle ao neno:

—¿Ti queres falar? ¿Si ou non? Tes cinco minutos para elo. Se non falas, matámoste. —E tirando a mostra do peto, mirou a hora.

Sonriuse o pequeno con desprecio, e logo, temendo tal ves, sendo cal era de tan poucos anos, de que os deseos de vivir poideran máis nel que os seus deberes facéndoo ser traidor á patria, non encontrou mellor xeito para traba-la lingua que triscala fortemente cos seus dentes asta tronzala e despois cuspila á cara do oficial.

Este, cego de carraxe ao ve-la fortaleza do rapás, sin saber casi o que facía, mandou disparar, e os miolos do pequeno patriota saltaron no medio das silvas do valado, tinguindo co sangue as recendentes e brancas zugameles.

Naquel momento o sol rachando de todo a brétema, cinguiu cunha das súas raiolas, cal aureola de groria, a ensanguentada cabeza do mártir da patria.

Uxío Carré Aldao

A PONTE DA FREIRA[1]

A MIÑA COMADRE SOFÍA WINTER ZELLER

I

CORRÍA o ano 791 e reinaba en Galicia e Asturias, Afonso II o Casto, por renuncia que fixera do trono D. Bermudo o Diácono.

Polo mesmo tempo ocupaba o califato de Córdoba, Hixem I, fillo do fundador Abderrahmán I, quen, coa súa política, tendera a facer desaparece-la raza goda, permitindo e favorecendo o casamento dos capitás mouros coas doncelas cristianas, sirvíndolle admirabremente aos seus fis a longa pas e a estreita amistade que tivera co rei Aurelio.

Morto este, non podendo Abderrahmán facer prevalece-los seus plas, pola imposición que tivo nos sucesores de Aurelio, por máis deixados que foran, intirviu a favor do usurpador Mauregato, quen, coa axuda do Califa, subeu ao trono, e como rei estranxeiro, fillo de cristiano e moura pagoulle a mediación facendo tributario do Califato o reino gallego-asturiano, baixo pacto de lle pagar cada un ano o feudo de 100 doncelas. Sempre foi cara para os gallegos a dominación allea.

Entramentres Mauregato tivo o poder, cumpriuse o trato, non sin que o seu cobro costare moito sangue dun bando e doutro, asta que nunha revolta botaron a Mauregato do trono, quen "morreu mal e foi peor enterrado" según di a crónica do arzobispo D. Rodrigo.

Os sucesores do intruso negáronse a paga-lo tributo, loitando cos Califas de Córdoba con máis ou menos fertuna para rescata-lo seu reino do infame feudo; mais non se viu libre de todo o noso país, se non cando Ramiro I, en honor do que restabrecérase o antigo reino de Galicia, castigou duramente aos mafometas na siñalada batala de Clavixo (ano 834) onde o favor do Ceo deixouse ver coa aparición do Santo Apóstol Santiago. Don Ramiro, en agradecemento, estabreceu o famoso "Voto de Santiago".

---

[1] Aparecería reproducido sen dedicatoria, co pseudónimo Xan do Martinete, en *A Nosa Terra* (nº 41, 4 de xuño de 1908).

No intre que o reino cristiano non se viu relevado do tributo, e inda que os sucesores de Mauregato negábanse ao seu pago, os fillos do profeta, para cobralo facían de tempo en tempo as súas incursiós na Galicia, xa por mar, nas súas galeras, xa por terra, como mellor podían.

Nunha destas correrías tivo lugar un feito milagroso, do que se garda lembranza no lugar onde pasou por conservarse, inda hoxe, a proba do que imos a contar aos nosos lectores.

II

Era, como decimos ao comenzo, polo ano de 791.

Nos primeiros días do mes de Maio a pequena aldea de C....., non mui distante da beira do mar e deitada pintorescamente no fondal do val aos pés dos montes de N....., estaba de festa.

Os sinos da humilde igrexa do lugar eran tanxidos e soaban ledamente.

Tódolos veciños, coa roupa do día de festa e ademostrando o maor contento nos sembrantes, camiñaban cara á igrexa. Diante da comitiva iban do brazo un aposto doncel e unha garrida moza. El levaba as súas mellores galas: ela cinguía a xentil cabeza co branco velo das desposadas.

El era un fidalgo do lugar que, despois de guerrear contra dos mouros, íbase casar coa elexida do seu corazón, orfa doutro fidalgo morto, facía algús anos, loitando pola patria.

No adro da igrexa esperaba o vello sacerdote aos que íbanse unir para sempre diante de Dios.

Conforme chegaban á porta da igrexa ouvíronse os roucos sos do corno da alarbea.

Todos foron sorpresos coidando o que podería ser.

Un rapás de dez a doce anos, que chegou acorando pola carreira, sacounos do apreto, dicíndolles:

—¡Os mouros, os mouros!....

III

Todo é barullo e dó na, denantes, risoña aldea.

O vello sacerdote coas mozas vai cara ao monte buscando refuxio.

Os homes, armados a toda présa, sírvenlles de compaña, dispostos a se deixaren matar primeiro que non ver as súas fillas, irmás e prometidas presa dos aborrecidos fillos de Mafomete e sirvindo de adorno no harén do Califa Hixem.

Inda non ben comenzaron a camiñar monte arriba cando viron chegar, á carreira en arrogantes cabalos, aos mouros.

Deron os nosos a cara para impedírlle-lo paso e deron présa ás mozas para se meter no medio do monte, nun lugar siñalado xa de antemán e onde eles iríanas buscar se trunfaren.

Trabouse a loita, malia dos esforzos dos valentes gallegos, como a superioridade dos mouros era moita, pouco a pouco, foron caendo us tras dos outros os esforzados defensores, non sin cobraren nas vidas dos seus enemigos as que a eles lles tiraban.

Solo librou o pequeno que levara a mala nova: quedouse agachado preto do sitio do combate para darlles noticia aos fuxitivos, e foron outra ves, ben tristes.

En de non tendo os mouros a quen combatir metéronse tamén polo monte.

IV

Os fuxitivos chegaron ao sitio da cita onde poderían estaren en seguranza.

Era no curuto do monte, que tiña no medio un longo e fondo barranco que só podía salvarse por unha a modo de ponte, feita cun toro de carballo, posto de tal xeito que podía se recollere da outra banda, quedando así ben gardado o que a pasara.

Unha escramación de door e desalento saíu de tódolos labios. A ponte desparecera.

Non tiñan por alí, nin conviña telo, outro modo de poderse remediar. A derradeira esperanza que lles restaba era que os mozos poideran deter aos mouros.

Ben pronto chegoulles a triste hora de que non debían gardar esperanza. O neno tróuxolles as malas novas da desfeita e de que pouca dianteira levaba aos mafometas.

Todo se volveron berros e prantos no monte: non solo chorábase polos mortos, senón polo perigo que viña para os vivos.

A noiva, non sabendo dun modo certo se o que iba a se-lo seu home fora morto ou solo malferido, decidiu sacrificarse por todos e, axionllándose diante do vello sacerdote, fixo o solemne voto de, en de salvalos Dios daquel perigo, lle consagrar os días da vida que lle quedaren.

Inda non ben o sacerdote ademitíralle o voto, cando a noiva, cal se obedecese á unha inspiración do Ceo, inspiuse do branco velo de desposada que asta o daquela tivera posto. Envolveuno e, téndoo collido por unha das beiras, ceibouno por riba do barranco. Alongouse o branco pano e tocou na outra banda quedando enriba do barranco a modo de ponte. A noiva, chea de fe, puxo non emprestado paso a súa prantas e o deble lenzo adequeriu a durés da pedra. Pasada á outra banda, co sacerdote á cabeza seguírona todos, dando gracias á Dios polo milagre que fixera. Non ben pasara o derradeiro cando no curuto apareceron os mouros.

Eivados co espanto os fuxitivos non tiveron alento para recolle-lo velo, tirándolle o paso aos enemigos, e caeron de xionllos pregando a Dios fixera outro milagre librándoos dos que os perseguían.

Os mouros, xuzgando xa a presa certa, dando berros de trunfo, quixeron pasa-la ponte... En de chegando ó medio dela, o que iba diante sintiu que se esfondaba a pedra baixo dos pés do cabalo e abríndose en dous a ponte, caeron no abismo cabalo e cabaleiro, lanzando este unha terribre estocación.

Os compañeiros espavecidos co terror deron volta desaparecendo para máis non volver, namentres na banda os fuxitivos, axionallados, entoaban a máis fervente oración de gracias á Aquel que por dúas veces fixéralles ver seu poderío, libertándoos de caer nas mas dos seus enemigos de raza e relixión.

V

Pasado o perigo, ao retornaren aos seus fogares, quixeron recolle-lo branco velo. Non puideron logralo: conservaba a durés da pedra, tendo no medio o burato por onde desaparecera o mouro. Alí quedou, pois, servindo de ponte, e como unha proba do milagre feito por Dios aquel día. Conta a tradición que cada ves que os enemigos da nosa santa relixión intentaban pasar aquela ponte, repetíase o milagre e todos iban á pararen ao fondo do abismo.

A novia cumpriu seu voto no veciño mosteiro de M...., onde morreu tida por santa; e a ponte, no seu recordo, foi chamada A Ponte da Freira.

O novio, que non morrera senón que quedara mal ferido, curou e serviu a Dios noutro mosteiro do que chegou a ser prior polos seus méritos e polas súas virtudes.

Inda hoxe pode verse no monte N...., sirvindo de pasadizo, a branca pedra co burato no medio, á que se refire esta lenda.

DOUS CUADROS

Ao meu amigo o escritor
Justo E. Areal[1].

PRIMEIRO

Fillo dun honrado e rico comerciante, seu pai quixo, xa que podía el darlla, que levase unha mui outra educación da que el recibira. Os longos anos que el levaba tras do mostrador fixéronlle comprender que precisábase algo máis que boa sorte para ir avante nos negocios, moito máis agora que os tempos eran outros.

Mandou, pois, ao seu fillo, logo de ben preparado nos primeiros insiños, a se educar á Franza e á Inglaterra, e se alí o rapás aproveitou o tempo estudiando, non menos proveito tirou de certas cousas que adeprenden axiña os mozos de poucos anos, cando, tendo vagar e diñeiro, non teñen preto deles quen lles faga acouga-lo sangue; non son os grandes centros de poboación os máis xeitosos para se educaren os rapaces lonxe dos seus.

Volveu aos seus eidos o fillo do comerciante cando xa nada tiña o mundo que lle insiñar. Afeito á vida de París e Londres parecíalle cativa a vila onde se arrolaba o seu berce: botaba moito de menos o confort e as diversiós doutros tempos; e parecíalle acorar, por non ter aire de abondo, na estreita tenda de seu pai: cando antes tiña tanto vagar víase agora preso o máis do día e sin tempo para se adivertir como denantes o facía: pero o máis triste era que ollaba as cousas do seu pobo cal poidera ollalas un estranxeiro, un alleo.

Non deixou de comprende-lo pai o mal que fixera, cegado polo seu amor, ao lle dar a seu fillo demasiados voos, máis xa non era tempo de lle poder corta-las ás. Tanto pola dor que esto lle ocasionaba como por que os seus días tíñaos contados, morreu o pai levando o sentimento de que seu fillo chegase á luxar o bon nome que el deixaba.

---

[1] Escritor, historiador e militar (Tui, 1862-Vigo, 1902), editor dun tomo de poemas inéditos do padre Feijoo e autor do poema en galego "Na morte de Alberto García Ferreiro".

E non se engañou. Pasados os primeiros tempos do loito, véndose, o inda daquela mozo, dono das súas acciós, quixo facer e fixo a vida de estudiante. Entregando os negocios da casa a mas alleas, correuna, e correuna ben, a treu. Ben logo topou coas resultas do seu modo de non ben portarse. Os negocios foron a menos e as ganancias non daban para todo o que se gastaba. Quixo poñer remedio e botou el man da tenda; mais os mellores rendeiros largaran para non volveren. Ao vere que, con baixar el as costas para o traballo retirándose da boa vida que levaba, todo o máis e mellor que podería sucederlle sería ir cubrindo os gastos e a mantenza, tendo que se estar toda a vida contentando o mundo tras do mostrador da tenda sin poder adiantar máis; el, que se coidaba chamado a máis erguidos postos, polo que vira e estudiara, determinou facer o que outros moitos fixeran, para non ter que traballar máis, e, con perder unha pouca de vergonza, lograr en pouco máis dun ano unha verdadeira fertuna.

E así o fixo; que tiña o que, para termar del, precisaba. Iba a tirar proveito dos insiños que recibira do mundo e das súas leises. Primeiro, como tiña creto, pediu xéneros a vao. Despois, co agallo dos malos tempos, presentouse en suspensión de pagos; e logo veu a bomba derradeira: a quebra, na que, por trato amistoso e quedando como cabaleiro, sin luxar no máis pequeno a súa honradés, pagou aos chasqueados acreedores con solo un des por cento, e rehabilitouse: a lei llo permitía.

E feito esto, a vivir: máis a vivir cubrindo as aparencias: sendo ás caladas o de sempre, máis coidando sere, ás vistas, outro. Fíxose inscribir en tódalas cofradías: ingresou en tódalas irmandades: deu esmolas, se pequenas facendo ostentación: e tal e tal maña puxo que, chegando a ter gran sona de homía de ben, sempre botábase man del para todo, non habendo comisión onde non figurara ou presidencia que lle non deran, asta que, por remate, fixérono alcalde da vila.

SEGUNDO

Foron seus pais dous honrados traballadores. A nai largaba, inda ben non rompía o día, para a fábrica onde tiña o emprego. O pai, canteiro, inda máis cedo que a súa muller, iba cara á obra na que traballaba.

Entramentres o fillo foi pequerrecho deixábano ao coidado dunha veciña. Máis tarde, xa de cinco anos, comenzou á ir á escola gratuíta

onde estaba dende pola mañán asta que anoitecía, pois así os pais non tiñan ansia del, que alí a máis do insiño dábanlle de xantar.

Non tendo outra cousa que lle deixar a seu fillo, os pais dábanlle boa crianza e consellos, educando o millor que podían no santo temor de Dios.

Ben axiña os tempos fóronse virando. A nai enfermou. O xornal solo do pai non chegaba a medio dente para as primeiras necesidades da vida, e o fillo tivo que deixa-la escola, inda non cumpridos os nove anos, para ir a axudar a seu pai, arrimando o pouco que lle daban para termar dos gastos da casa.

Morreu a nai, e aquel fillo, que querían fose algo máis do que eles foran, non tivo outro remedio que adeprende-lo oficio do seu pai, no que chegou a ser un bon traballador.

Cando lle tocou a sorte de ir servi-lo rei, librou gracias a unha fundación que deixara un filántropo. Pouco tempo despois morreu seu pai, e, véndose solo no mundo, casouse cunha rapaza do seu igual coa que falaba facía tempo. Non quixo facer coma moitos que, véndose libres, todo o tempo lles é pouco para se divertiren de mal modo. Servíranlle de moito a pas e a felicidade que de neno vira na súa casa, que os bos exemplos recibidos nos primeiros anos son os que prevalecen na vida.

Bendixo Dios o seu matrimonio, facéndoo pai de dúas fermosas neniñas, e logo, cando parecía presentárselle, se non un brilante porvir, unha vida doce e acougada gracias ao seu traballo e as súas boas costumes, todo cambiou.

Un estado veciño decrarou unha guerra inxusta, sin máis razón que a de se-lo máis forte, á nosa nación. Paráronse tódolos negocios e as felicidades da pas, seguiron tódalas desventuras da guerra.

Naquel fogar no que non se carecía de nada, presentouse ben presto a miseria. Non habendo que traballar, o pouco que tíñase forro, gastouse; e ben logo chegou un día en que faltou que comer, por teren acabado o creto.

Buscou e buscou onde podere ganar un anaco de pan que levar a seus fillos, máis ninguén puido darllo. Tolo, vendo cal a muller e as pequenas esmorecían de fame, recurriu ao derradeiro que lle quedaba: a pedir unha esmola cheo de vergonza.

Véndoo mozo, nos anos xogorás, varudo e de corpo lanzal, todos mandábano a traballar, coidando sere larchanería o que era necesidade.

Nin bágoas, nin salaios convencían á xente; parecíalles comedia, e, cuasemente, non levaba para a casa nin ó máis preciso.

A noite dun día en que máis fixérano descrer, facéndoo largar dos sitios onde fora a pedir enchéndose de chamarlle lacazán, vividor e pillo, saliu disposto, fore como fore, a non volver para a casa sin levar con que mata-la fame dos seus, que non probaran nin miga aquel día.

Ao vérese na rúa sintiu fraquea-las súas intenciós: acordaron na concencia os bos insiños que recibira dos seus pais e quixo probar de novo se, pidindo, poderíase valer.

Coas bágoas nos ollos, tendeu a man: ninguén lle fixo caso. Corría e corría o tempo sin recoller outra esmola que un: ¡Diolo ampare! Malia ao seu pesar sintía os bos propósitos afogarse no fondo da alma e solo ouvía a necesidade que lle decía: xa que non dan, toma. Nesta terrible loita do ben e do mal na que a suprema razón parecía estaba do lado da muller e os fillos, que tiñan dereito á vida, pasou longo tempo, cal se lle varrera o sentido. Cando acordou era tarde, mui tarde. A rúa estaba erma e escura: levando a morte na alma e o desespero no esprito iba a facer non sabía ben o que, cando sintiu pasos no cabo da rúa. Abriu de novo o corazón á esperanza; coidou viña Dios no seu socorro, arroparando era un señor ben portado o que chegaba, e que el conocía pola sona que tiña de caridoso. Pediulle esmola: oíu non sei que dito aldraxante (pois non había quen presenciara os bondosos sentimentos) e tolo e cego, quixo daquela outer á forza o que lle negaban. Resistiuse o señor e deu voces: coa resistencia lembrouse o pobre pai do que iba a facer: pareceulle ir contra da concencia, e os bos instintos domeárono: aplomouse e deixouse estar. O señor detívoo.

Cando de chegádo-los gardas, despois de trincalo, levábano á prevención antre medias de fortes arrempuxós, ao se despediren, saudaron respetuosamente ao agredido:

—Era o alcalde: o fillo do comerciante.

EPÍLOGO

Ao outro día líase nos boletís da cibdade, esta gacetilla:

"NON HAI NADA SEGURO"

"Onte pola noite, ao se retirare un pouco máis tarde que de cote por vir de cumprir unha das obras de misericordia que tan afeito está a facer, noso respetabre e querido amigo, o señor alcalde da vila, houbo de ser víctima de un arroubo.

"Un dos moitos larchás que abondan polo noso pobo, e que podendo traballaren non o fan por atopárense máis folgados, vivindo da caridade púbrica, no intre non poden daren algún ousado golpe de man, deses que non descobren endexamais a nosa policía, un deses folgazás, repetimos, tivo o atrevimento de querer arroubar á nosa primeira autoridade. Gracias á súa presencia de ánimo e ao seu valor, puido rechaza-lo ataque, detendo ao mesmo tempo ao ladrón que entregou aos gardas. De esta ves non se verá, como tantas outras, burlada a xusticia.

"Nosa felicitación ao señor alcalde por librarse deste perigo".

"Non nos cansaremos de pedir que se faga por evita-la repetición destes feitos. De non seren reprimidos ¿que será da sociedade se non temos en seguranza vidas e facendas?"

DERRADEIRA LERIA

Quixo a miña ou mala fertuna, que nesto das letras nada pode aventurarse, que inda eu poidera alcontrar algús dos meus escritos de outros tempos, que tiña por perdidos. Co eles, e outros que fixen de novo, renderon de abondo as follas deste libriño para lle poder dare un irmán a Brétemas. Un termará do outro: nada máis xusto; e así poden ir ao par polo mundo adiante.

Non medrará co meu traballo a literatura gallega, nin fago mentes de que tal sea, arrédeme Dios de tal pensamento. O que eu quero, é que haxa un libro máis. Os que me ben conocen saben que non outro é o meu deseo.

Inda que estes tempos non son dos mellores para botar destes fillos ao mundo, como o meu libro leva aparellada co el a ventaxa de non facer afloxa-los cordós do bolso, pois é regalado, non botaránme en cara que polo intrés engaiolei ao lector.

¿Teralos así é todo este meu novo fillo?

O que chegue asta aquí poderá dicilo.

Eu non.

Contos da forxa.

O ESCRIBÁN

Ao meu bon amigo César Vaamonde[1]

Nunha crúa noite de invernía na que o friaxe, malia de estar ben amoureada a casa, colábase, que mesmo daba xenio, pola ripa do tellado e polas regandixas das portas, entalándonos os osos, quentabámonos sentados pé da lareira. Para mata-lo tempo daquela longa noite parolábamos de mil cousas, e así, entretidos coa conversa, non se facía agardar tanto o condumio.

Chocábame ver, cada vez que o trebón asubiaba máis forte e somellaba cal se unha voz humán se laiara, que o petrucio quedábase sin dar fala, e se o vento baixaba pola chimineia, xogaba co lume en mais doces asubíos e logo, despois de soprar tan forte que parecía mata-la larada voltaba de novo a saír con máis forte e deloroso bruar, non rexurdía o bon do vello, facía o siñal da cruz, e falando consigo mesmo, decía baixo, moi baixo:

—¡Asús! éche a alma do escribán. Dios nola arredre.

Picoume ao oír tal o verme da cursidade e pregunteille a meu patrón que era aquelo. Non se fixo de rogar e contoume a historia que eu vouvos agora a decirvos, verbe a verbe, e tal como eu a ouvín. Ala vai:

II

Pois saberá, señor, —faloume o vello—, que alá, fai moitísimo tempo, pero moito, morreuse, nunha vila gallega, un escribán, mais polo peso das súas trifulcas que polo dos seus anos, eso de que eran moitos. Aló se foi a súa alma polos camiños desconocidos do derradeiro viaxe. Eu non o sei, nin nada reza a historia, de como foi, mais é o caso que a alma do difunto, cal se tivera quen a guiara, deu, de boas á primeiras, coas portas do ceo. Como faría para se librar da ponte estreita, ninguén o soupo, pero o escribán coa súa sabencia logrouno, e abonda.

---

[1] Historiador e filólogo, irmán do escritor Florencio Vaamonde, nado en San Xoán de Ouces (A Coruña) en 1867. Foi o primeiro bibliotecario da Real Academia Galega e redactou moitas das papeletas do diccionario Galego-Castelán ilustradas con exemplos de escritores. Coñéceselle unha participación especialmente intensa no *Boletín de la Real Academia Gallega.*

Iba cheo de confianza no Santo San Antón, de quen era moi devoto e a quen non deixaba un día sin o seu rezo. En de chegando non tivo labor de máis présa que petar á porta cos cotenos, repenicando nela como os mozos cando van de tuna: ninguén lle respondía, e o bon do home chamou daquela máis forte e con todo o arruallo de quen ten dereito a que lle abran. Foi estoncias cando, por unha a modo de bufarda, asomou a cara o Señor San Pedro, o que non con moi boas falas díxolle que non se cansara e podíase largar, e ben axiña, pois aquela porta non se despechararía endexamais para unha tal xentuza coma el.

Engruñouse o escribán; refunfuñou non sei qué polo baixo e, sin ademostrar grande pena, virouse para o camiño que trouxera e largou cara do inferno.

Coidou tería nel boa acollida por se tratar de quen tiña, según oíu decir máis dunha vez cando era deste mundo, os demos dentro do corpo. Mais non pequeno chasco se levou, e non foi pouca a carraxe que pillou cando, inda ben non tripara a soleira, topouse cun demo, mal encarado como todos eles o son, que, botando lume polos seus ollos, os pelos do corpo e do rabo, crechos e revirados, tívolle o pé; dicíndolle, con moita sorna e moito aquel:

—Isca, isca, que xa temos aquí quebradeiros de cabeza abondo para que veña a arrequencelos unha tan boa cousa coma ti.

Pampo quedouse, e feito todo dunha peza, co recibimento que lle facían onda el coidaba tería sempre boa acollida, e cavilando no que lle restaba que facer de non atopar casa cuberta, sentouse, preto do inferno, e cal se fora nun tallo, nun petouto que alí había. Canso da longa viaxata que fixera, pois tamén as almas se cansan, comenzou a toconear astra que o tomou o soino, coma quen ten sen lixos a conciencia.

III

Nas mentres, o Señor San Antón, que notou lle faltaba algunha das pleitesías que tiña na terra, ollou para ela a ver quen era o desleigado que así se esquecía de santo tan avegoso. Viu estoncias que o escribán xa non era deste mundo, e xirxilou espacios a ver se daba coa súa alma, pois demasiado tiña adeprendido de qué casta era o tal peixe para perde-lo tempo buscándoo no ceo. Como aos santos nada se lles escapa, abondoulle ve-la alma do escribán á porta do inferno para se decatar do que

lle pasaba. Movéuselle o corazón ao sabelo, e como ten tan moliño polo moito que lle piden e rezan, foise cabo do Noso Señor a lle pedir por aquela alma dun seu devoto que non tiña paraxe en ningures.

Escoitouno o Señor, e lle non podendo nega-lo que lle pedía, tras un rato de cavilación, lle dixo:

—¡Bueno, Antonciño, bueno! Farase o que ti queiras; pero baixo dunha condición, se é que a ademites.

—Ademitida dende logo— repuxo o santo— ¿Cal é?

—Pois é que a alma do escribán ten que se volver outra vez ao mundo. Alí, baixo da figura dun vello, máis vello que o que el era, e botado a pedir, pelengrine pola terra a ver se atopa quen, en de lle falando do escribán, dígalle, que era merecente de estar no ceo. Se ves que volve, ven a decirmo,

—Gracias, Señor: así o farei, dixo San Antón, e máis ledo que un cuco fíxollo saber ao seu devoto.

IV

Xa temos de novo pola terra ao que da morte volveuse á vida. Alá vai todo engruñado, termando o corpo cun forte pau a modo de caxado. Pidindo esmola, e falándolle a todos do escribán, ¡o que del lle decían! non é pra contalo. ¡Se en vida llo espetaran cara a cara o que de agora! ¡qué de cousas faría! ¡que vingas as que el se tomara! Mais tiña que ter pacencia e de se aguantar, e segui-la súa pelegrinación, que tiña para rato polas trazas. As portas do ceo estaban para el máis pechadas que nunca.

Pero, señor, cando el menos o desprocataba, sucedeulle un día que topou cunha vella, máis vella que el aínda e máis pobre se cabe. Como por alí non vía máis familia a quen lle pedir, por non perde-lo costume, o fixo á vella, inda que tiña xa ben sabido que de alí non había de tirar nin unha triste cadela.

Pois non lle foi así, como el o coidaba. Ela partiu co el a súa pobreza dándolle un ochavo, que ás veces os famentos teñen máis caridade que os que están cheos, e, pasmo dos pasmos, dicíndollo o que lle fixo abrila boca de orella a orella:

—Sexa todo pola alma do escribán e aquí nombrouno a el.

—E logo ¿era tan boa persoa?— repúxolle este.

—¿O escribán?— respondeulle a vella— Éralle un bendito: eu non sei como a xente falaba del o que falaba. Fíese vosté de contos. Abofé, tíñalle un bon corazón. Lémbrome sempre dunha vez que lle pidín limosna: deume un carto para eu lle volver un ochavo: coidei perde-la caridade por o non ter; pero el díxome que gardara todo. ¡Con que faga vosté agora caso de certas faladurías! ¡Qué Dios llo pague e o teña na súa santa compaña!

Veulle á memoria ao escribán aquel seu arrauto, de que tanto e tanto se tiña laiado, arrauto que tivera por única e derradeira vez na súa vida e comprendeu que unha boa acción, por pequena que ela sexa, ten sempre máis tarde ou cedo, a súa recompensa.

Deulle un pasamento e, sin dar chío, quedouse morto. Desta vez, dinos a historia que non rexurdiu endexamais nin para ben nin para mal.

V

Alá vai outra vez, e desta máis de présa que da outra, a alma do escribán. Viuna que chegaba dende o ceo, o Señor San Antón e foise bulindo cabo do Noso Señor.

—Aí chega o escribán—díxolle case sen folgo pola carreira que pillara, pois tamén os santos corren e se cansan.

—¡Ben, hom ben! De certo que che coidei de que non dera volta. Vaite agora cabo de Pedro para que despeche a porta, máis ropara que non deixe senón bota-la cabeza ao teu recomendado. Escoita ben o que che falo e..., logo fai ti o que millor che pareza, —contestoulle o Señor.

Foise o Señor San Antonio a face-lo mandado, maxinando no que o Noso Señor lle dixera. Xa moito antes de chegar á porta, sentiu uns grandes berros e esto deulle mala espiñada. Era o escribán que rifaba co divino porteiro porque lle non abría tan axiña coma el quería. Chegouse Antón; deulle a orden a Pedro, este correu o tarabelo e o escribán asomou a cabeza querendo xa entrar de todo, polo que San Pedro botou a porta e a pouco máis o esgana co canto da folla.

Acouga, —díxolle o seu avogado—, ten unha pequerrechiña de pacencia, mira ben, dime o que che pareza esto e despois que falemos, xa entrarás.

O escribán, meteu a cabeza todo o máis que poido, abriu ben os ollos para lucar mellor e quedouse pampo ollando tanto ben de Dios como alí había.

O señor San Antón non quitaba ollo del, e máis calado que un peto, asta que, pasando un bo anaco, perguntoulle o santo que lle parecía de todo aquelo.

—Moito me gusta o ceo, meu santiño —constestoulle o escribán— mais dime ¿quén é aquel farfantón das longas guedellas e das barbas brancas que está acolá enriba naquel tallo de ouro que somella se-lo amo de todo este cotarro?— Falaba por Noso Señor que, dende o seu trono de groria, rexía a Corte Celestial.

Non deu fala o Señor San Antón, ademirando do que lle decía o que inda non estaba senón ás beiras daquel santo lugar, e o escribán sin lle dar tempo a que el lle falara seguiu dicindo:

—Mira, Antonciño, será ben que me traias un pouco de papel e unha pruma. A min esquencéuseme, e descoido imperdonable nun escribán, é vir sin os seus chismes; o tinteiro de corno colgado do chaleque, a pruma e o papel.

—¿E ti, para que queres eso? pudo xa fala-lo santo que se repuxera do xusto.

—Home, por nada para min, senón porque che quero paga-lo favor que me fas traguéndome aquí. Aquel —e siñalou a Noso Señor— xa vai vello e está de máis no sitio. Ti, apórtame o papel e pruma e verás como nun periquete lle poño eu un preito, pois a ti, que terás aquí bos amigos, fácile che será encontrar dous que queiran serviren de testigos, e botaremos a aquel por portas, e ti te porás no canto del. Anda, bule, déixame á min e xa verás unha cousa boa. Anda, ho, anda, móvete axiña.

Espantouse Antón, co que decía o escribán. Comprendeu daquela que xa Noso Señor, a quen nada se lle escapa do pasado e do porvir, sabía o que tiña de suceder, e corrido máis que unha mona, fíxolle unha seña ao Señor San Pedro. Este comprendeu: abriu de todo as follas da porta e cando tan campante iba a se colar o escribán, o vixilante porteiro afeito xa a tales cousas, pillouno polas orellas, fíxolle dar unha viravolta, pois Pedro inda que vello ten forzas abondo e falla lle fan para o seu cargo, e logo, por xa lle ter boas ganas, apricoulle a punta do pé, con tal carraxe,

no sitio onde as espaldas romatan, que malia destar somentes calzado coas sandalias, saliu o escribán como esmechado e foise a esnafrar nas mesmiñas portas do inferno onde xa estaban sobre aviso tódolos demos xuntos, vixilando para que nun descoido non se lles colara dentro cousa tan cativa, de tan pouco proveito e tan revirametodo.

Afuxentárono de alí e dende aquela a alma do escribán anda dando voltas e máis voltas que o sarillo no argadelo, polos ares. No vran, como vai calor, inda non o pasa mal do todo, mais no inverno doise de non ter onde se pór ao abrigo. Neste tempo é cando máis síntense os berros que dá polo mor do friaxe. Mesmo arripía ouvilo, e inda se laia máis cando pasa, como agora fai pouco, por casa donde arde un bon lume. Nel quence un pouco baixando polo cañón da chimineia, e daquela, por atopar algún acougo, son máis doces os seus laios, pero berra como un conxanado cando de alí a pouco tempo de se estar quencendo, ten que se fuxir. Brúa que pon medo e quere mata-lo fogo que non é para el.

VI

Así lle pasa, si señor, —díxome o vello— a moitos neste mundo. Como ao escribán do meu conto que nin no ceo nin no inferno déronlle pousada, así hailles moitos homes —e algunhas mulleres tamén, non pense meu omigo— a quen ninguén os quere a seu rente nin poden teren paraxe en ningures. Tales eles son e tales cousas amañan, que onde eles aniñan nin hai paz nin se presta nada a xeito. Por eso convén a certas xentes estaren ben arredadas de nós. Canto máis lonxe, máis millor.

Calou o vello. Outra vez volveu o vento a se colar pola chiminea, a xogar co lume e a se largar de novo, tratando de mata-la fogueira.

Presinouse o petrucio, rosmou ó de cote e eu, mentrasmentes medio adormexado coas falas e a doce calor da lareira, pensaba que tiña razón abondo no que me contaba o meu patrón.

Quen me queira entender agora que me entenda. Eu non sei nin direi máis nada. Colorín colorado, meu conto está arromatado.

Relatos publicados en prensa.

IDILIO[1]

O giuventú, primavera della vita.
Aos esposos Castro López

I

Era xa cuase que noite pecha, cando entrou na casa toda dobregada co peso do feixe de herba que traguía ás costas.

Como traballar, vaia se traballara: o día aquel fora de proba. Inda viña o sol sabe Dios por cáles camiños, cando ela estaba a pé a muxi-las vacas e terlles, para en se erguendo, amañado o[2] almorzo aos pequerrechos. Feito este labor, leva-las vacas ao posto no campón, denantes do que o Sol queimara moito. Tiña que ir a axudar a arrenda-lo millo á leira do Sabugueiro, a mais arredrada do lugar. Logo, ás dés, debía ter dado volta para atender, ás xeiras, tódolos outros labores da casa: aparella-lo xantar dos homes e levarllo ás doce, onde estivesen traballando: coidar dos empregos e máis que nada do becerro que tiñan en ceba para, na festa maor, teren chapreira abondo; ver de lle non falta-lo caldo á xuvenca; facerlle a cura ao almallo que se deitaba dun pé: carrexa-la auga, pisa-lo toxo para a besta, amasa-la fariña e ter en conta de leveda-la masa para o cocedoiro daquela noite; como o pan non chegaba, amañar unha bica do lar para a cea; logo, máis tarde, ir busca-la louza ao mato grande para estra-la corte; ferve-la bogada; saca-lo gando polo arredor; baña-los larengos; volta ao sacho e a herba... que sei eu canto máis tiña que facer; pois o traballo abonda para as pobres mulleres do campo gallego, ás que lles non sobran moitos ratos de lecer como queiran mirar pola facenda.

II

Posou a carga riba do bastardo: colgou o lampo, e logo, descinguindo o feixe, estendeu a fresca herba enchendo o ar co seu rescendente perfumo.

---

[1] Relato publicado, por primeira vez, en *Almanaque Gallego* de Buenos Aires de 1901 e posteriormente no semanario *A Nosa Terra* o 12 de decembro de 1908 (nº 26) e no diario do mesmo nome o 1 de novembro de 1924 (nº 206)

[2] No texto lese *amañándolo* pero non semella ter moito sentido.

Como garrida a moza, vaia se a era: outra máis feiticeira e formosa rapaza non a había por toda aquela banda. A saúde, a forza e ese non sei que da mozarría brilaban nos seus ollos gacios que tiñan refrexos metálicos o mesmo que as crechas dos seus louros cabelos peiteados á grega e cinguidos por unha rexa crica: non cativa de corpo e moito dobre, tiña a cor da súa cara os dourados e aterciopelados do pexigueiro que tan ben sentan as nenas e que solo dan o Sol e o ar puro do campo: as meixelas vermellas, os labios roxos cal as cereixas ben logradas e os dentes máis brancos e brilantes que o nácare. As feituras do seu corpo eran moitas feituras; os seos, marcados polo ben axustado xustillo, facían relembrarse dos cabritillos de que nos fala a muller namorada do Cantar dos Cantares[3]: o van non estaba contrafeito polas apretaduras do corsé; as arqueadas cadeiras deixaban adiviñar formas esculturás, e a saia curta, pois o rodo non chegaba aos carcañás, deixaba ve-lo nascimento das ben feitas pernas, fortes e dobres, e un pé, pequerrecho, resgardado coquetamente das picadas e magoaduras por recios zapatos de bolrea das amalloas[4].

Senón de casa de moita fartura, tiñan seus pais dabondo para pasáreno non mal de todo e poderen gastar un peso nas ocasiós. Como falla, lle non facía moita traballar a reo, como o facía a rapaza; mais gustáballe ser muller da súa casa, termar do seu e non andar de cotío ao leilán, que é o que mais presta á outros.

III

Puxo aceso un candil que dependurou do esteo da lareira e foino colgar nun reviragancho preto da corte, para lle bota-la comida ao gando. Feito este labor, foise sentar nun tallo ao pé do lar, onde, ela, dunha ollada podía atendere a canto tiña ao seu cargo, e púxose a pelar nas patacas

[3] Libro bíblico do Antigo Testamento con forte presencia erótica. De tódolos xeitos semella haber unha confusión na referencia. Non son "cabritillos" os que se mencionan senón "cervatiños" e non é loxicamente a moza quen emite este comentario senón o mozo na descrición que dela fai.

[4] A esta descrición refírese Manuel Lugrís Freire no seu relato "O Carneiro", publicado en *A Nosa Terra*, nº 27, do 19 de febreiro de 1908: "¿Soñástedes na vida cousa mais feiticeira que a moza que o meu bon amigo e compañeiro Carré presenta no seu conto Idilio, esquirto nun gallego que sabe a mel, pubricado no derradeiro númaro desta revista? ¿Non fai cóxegas no corazón se pechámo-los ollos e damos vida no noso pensamento á aquela mociña sergudeña?"

novas para os bacoriños, coidando do pote, pendurado na gramalleira, onde fervía a cachón o caldo, e tendo a carón, entromedias da cinza e do borralo da penica, o compango a conserva-la calor. Chegados os xornaleiros sirviulles a cea, tirou para ela o caldo e coa cunca na man foise de novo a sentar, facéndoo agora no chete da lareira.

Co calor da cea e do lume da lareira, rindeuna o moito que traxinara polo día, e aos poucos, pechando os ollos, comenzou a toconear e por romate tomouna o sono pensando nas súas cousas e soñando... vaian vostedes a saber co que soña unha cabeciña de dazaoito anos.

IV

Pouco duroulle o seu adormecemento.

As primeiras, baixo moi baixo, ouviuse un repinequeo dado cos cotenos na porta da eira. Logo sonou máis forte, facendo acorda-la rapaza. Ergueuse dun pulo e fuxiulle o sono, cando seu pai díxolle con sorna:

—Vai ver quen peta: debe ser xente da casa, cando o *Polis* (o can) non oubea.

Ben mandada a rapaza, obedeceu, falando para sí:

—¡O que fai o sono! Esquencíame de que hoxe é sábado. Vou ver quen chama.

Ben sabíao ela: aquela era noite de tuna, e as mulleres todas son unhas, o mesmo as da vila que as aldeanas: nesto de amores adeprenden sin necesidade de teren mestre.

V

De corpo lanzal, forte coma un carballo e san coma un buxo, un moito garrido rapaz estaba diante da porta, termando do corpo coa cardeña.

Era el: o *vinculeiro* de Sarandós[5], o mellor prantado mozo daquelas bisbarras, que lle andaba facendo as beiras á rapaza de Sergude.

Non había romaxe, feira ou fuliada onde ela fora, que non se atoparen; eran a parexa obrigada das muiñeiras, ribeiranas e zapateados.

---

[5] Parroquia pertencente ó Concello de Carral.

Xa facía tempo que as noites de tuna (cuarta feira e sábado nas Mariñas) iba o rapaz ao pé da moza, sendo gustánte-los pais de ámbolos dous, e mais dunha vez os petrucios tiñan falado xa de casamento.

O *vinculeiro* tiña virado o sentido pola rapaza e eso sabíano todos no lugar. Mais dunha vez rifaron a mozarría de Sergude ca de Sarandós e mais dun pai tiña habido polo medio denantes de que deixaran en pas ao *vinculeiro.* Fixera o tempo que fixera, non houbera medo de que viñera noite de tuna que non andivese o bo do rapaz rondándolle a casa á rapaza: eso que de Sarandós a Sergude inda hai un boa tirada: a carreiriña dun can como eles din.

Como proba do querer do rapaz abondaba, que, malia do moito traballo do día —a cualesquer rinde o non tere vagar dende o estrelecer hasta poñérese o Sol— botárase a camiñar por congostras e corredoiras cara a Sergude.

VI

Debruzouse a moza riba da folla da porta: chegouse o rapaz. A seu rente, preto, moi preto as caras dos dous: espavilóuselle o sono e lle non quedou siñal de cansancio a ela; sintiuse el máis fresco que un orballo, malia das camiñatas do día, —fora á area á ría do Burgo[6], e comenzaron co máis grande meiró a súa parola.

Na pracidez daquela meiga noite do mes de San Xoán, cando os campos son máis rescendentes; entromedias dos ruídos do silencio da noite, producidos polas doces queixumes do vento nos froitos das leiras e polo renxe-renxe das polas das albres, tendo por marco aquela vizosa terra sergudeña, cinguida de piñeirás, soutos e carballeiras, esquencidos de todo, entregáronse os mozos a seu querer e pareceron recibi-la bendición do Ceo, cando a raiola do luar, meténdose estrevida polo entromedio das follas da barra que corría ao longo da casa, veu bicar, agarimosa, as formosas cabezas dos namorados que cal rulos, arrolábanse baixo, moi baixo, con mimosas e mélidas falas...

[6] Ría galega enmarcada entre os municipios de Culleredo e A Coruña, pola esquerda, e Cambre e Oleiros, pola dereita. Fórmase coas augas do río Mero.

¡SOLO![1]

Ninguén podía maxinar cál era a causa do desacougo de Xan.

Faguía pouco que el, noutrora sempre de bon xenio, trastocárase en moi outro.

Ás veces, entromedias da conversa dos amigos, quedábase sin dar fala, ou aos que algunha cousa lle preguntaban respondíalles sin que viñera a conto.

Non se falaba doutra cousa no aristocrático Aquarium, sociedade de Marineda, onde tódalas noites xuntábanse Xan e os seus amigos para entrete-las horas de lecer.

Virábanse tolos os amigos de Xan e por moito que faguían non tiñan modo de tirarlle do corpo o que lle pasaba.

Non tiñan de seren tardeeiros en adeprendelo.

II

A nova caíu cal unha bomba.

Nos comenzos ninguén podía lle dar creto.

Cando viron ser certo, axiña deprocatáronse os amigos do desacougo de Xan.

Este, o solteiro impenitente, o que xurara e perxurara que non tiña de se casar nos días de súa vida, iba ao faguer.

Era un de tantos a quen lle chegara o seu tempo.

Iba ben logrado.

¿E con quen casaba Xan?

Con quen menos poderían soña-las xentes.

Con Sabela.

---

[1] Publicado co pseudónimo Xan do Martinete no número 25 de *A Nosa Terra* (4 de febreiro de 1908).

III

Non era rapaza bonita nin fea, nin rica nin pobre.

Tiña, sí, bon corpo e inda falábase de que non tiña nin pisca de tonta. Que era muller moi facendosa e pouca amiga de se dare as vistas, cousa rara nas mulleres de hoxe.

¿Como diaños fixera Xan para se namorar de Sabela, unha rapaza decote na casa e da que nada se tiña que decir?

Pero como o máis do tempo os homes son tontos e teñen moito dos borregos de Panurgo, ningún deles dérase conta do que valía a tal rapaza para muller; pero abondou ao se correre a sona do seu casamento con Xan.

IV

As mulleres pasmaban de que home tal fora a se casar con quen elas menos podían maxinarse. Por outra calquera aventurarían ¿mais por Sabela?

Os homes... os homes deron en cavilar que cando Xan a buscaba para muller, algo valería. Os que denantes nin unha ollada lle botaban, agora non sacaban ollos dela. Sempre o fato.

V

E sucedeu o que tiña menos de suceder.

Algunha que, calada, moi caladiñamente, tiña mentes de sere ela quen levase a Xan, pasou un mal rato.

Ela non podía consentir tal.

Alguén que non roparara en Sabela fíxoo agora.

Deuse en estudia-lo seu xenio e comprendeu que os homes non teñen perdón de Dios, por estaren cegos as máis das veces. Adeprendeu o que valía Sabela —moito máis, pero moito máis que as outras— e que era unha muller que faría feliz a un home.

E entroulle a envexa.

VI

Destas dúas, ao parecer cativeiras cousas, —de cantas outras tales pende a felicidade na vida— saliu que Xan e Sabela non casaron.

Non se soupo quén nin cándo: primeiro baixo, en segredo; dempois en público, deuse en falar entre as mulleres que o casamento de Xan iba para largo; que bo era el para faguelo, e non era senón cousa de broma; que quen quixer podía oílo da súa boca —Xan non dera unha fala— e por romate decíase que os homes cando chegan os anos que tiña Xan, se están solteiros, solteiros teñen de se morreren.

E todas finxindo unha compasión que non tiñan decían:

—¡Pobre Sabela!

VII

Dempois sigueu a fala dos homes.

Os amigos faguíanlle burla.

Os máis íntimos, eran os peores, e non o deixaban en paz. Decíanlle que non fose tolo; que non perdera a libertade tan axiña: tempo para elo non lle había de faltar, por máis que aos anos de Xan —tiña solo 40— era xa malo se casar: que esas cousas solo se fan cando rapaz, pero que facelo de vello era unha tolería, unha exposición e outras mil cousas polo xeito que fixeron cavilar a Xan.

Os amigos cando lle falaban destas cousas botábanse a se rir e remataban todos o mesmo por decirlle:

—¡Pobre Xan!

VIII

O caso foi —o que traballa o demo— que inda desexándoo todos a nova caeu cal unha bomba.

Xan non casaba xa con Sabela

IX

Pasou o tempo.

Xan siguiu solteiro.

Os amigos da mocedade foron caendo: uns —os que máis arrenegaban dela— nos lazos da familia, outros no sono derradeiro.

Xan foi vendo cánto lle custaba cada vez máis o peso dos anos e a libertade de non ter que pensar en ningún outro máis que nel.

Víase solo na vida, sin afeccións, sin cariños, sin ter outro mundo máis que a súa persona.

Cada vez que vía a Sabela —casada con quen ropara nela ao reparar Xan— na compaña dos seus fillos, bonitos coma soles, as xenreiras de Xan non tiñan nome.

E ao se retirar, na soledade da súa habitación de solteiro, tan fría, tan fría, solo tiña un alivio para o seu mal.

O choro: ¡ningún outro meiró!

E Xan choraba pola felicidade perdida, que solo se atopa unha sola vez no mundo e non se debe de deixar que fuxa.

X

Cada vez sentiu Xan máis a friaxe da súa vida.

Virouse máis raro, máis egoísta e máis rallante.

Chegou tempo en que nin salir quixo da casa. ¿Para qué? Xa non tiña amigos. Víase inda máis solo entromedias dos que no Aquarium facían agora, na renovación das xeneracións, a vida que el fixera noutrora, que na soidade da súa casa.

Logo, inda que o quixera, xa non puido salir. Os achaques dos anos, a vida mol, eivárono.

Botou daquela de menos maus agarimosas e meirós sinxelos. Os cartos non os daban.

XI

E chegou o inverno da vida: e sucedeu o que tiña de suceder.

Ninguén se doía de Xan: os achegados que tiñan adeprendido os desherdaba, non lle facían caso: ós que tiñan esperanzas, tardáballes a morte.

Os alleos estaban xa cargados das rallanterías de Xan. Coidábano mal e a forza de cartos.

E chegaron as derradeiras horas de Xan.

E viu coma os vivos disputaban os restos do que morría.

E viu que sin lle faguer caso deixárono solo no momento terrible.

Tiñan présa os vexatos de garda-la présa onde ninguén os vira.

E Xan morreu como quixo vivir no mundo.

¡Solo!

PROBLEMA[1]

Para Marcelino Sors[2].

Cando chegou a sabelo Andrés, pareceulle que lle estalaban as cordas do corazón, todas.

¿Ela?... A elexida entromedias das máis. ¿Ela?... A nai dos seus fillos ¡fillos da alma! ¿Ela?... Na que tiña postas tódalas súas espranzas e tódalas súas ilusiós. ¿Ela?... ¡A súa muller!... Era... ¡Non! Seus labios non podían decilo inda que sabelo de certo custáralle bágoas de sangue.

Andrés coidou virarse tolo. Mil e mil encontrados pensamentos atordábanlle o cerebro. Ao ver esnaquizado, rolar no chan, o niño dos seus amores, niño a tanto traballo feito, non maxinaba que faguer.

Víñanlle ideias de sangue. Parecíalle pouca toda a que el poidera verter para limpa-la luxada honra.

¡Oh! ¡A que el faría tiña de deixar sona!

No meio da loita das súas ideias de vingaciós, un punxente recordo veu a lle ennoitecer máis; a magoarlle e encherlle inda máis de feros o peito.

¡O doce recordo dos fillos!

¡Miñas xoias! ¿Que culpa tiñan os coitados?

¡Non! El non podía: non tiña dereito para os deixar orfos, sin agarimo no mundo.

¡Non! El non era quen para lles dar en herdamento que o mundo, cedo ou tarde, poidera botarlles en cara a falta da nai e a vingación do pai. ¿Tiñan eles de pagaren vicios alleos?

¡Non! ¡Eso, non! Os fillos son o máis forte ñudo do matrimonio. A honra tanto é dos pais coma dos fillos.

¡Se non fora por eles!...

¿Que faguer daquela?

---

[1] Aparece este relato por primeira vez o 22 de febreiro de 1903 na *Revista Gallega*. Posteriormente, e sen dedicatoria, sería recollido no número 23 de *A Nosa Terra*, en 1908 (19 de xaneiro).

[2] Dramaturgo e poeta coruñés do momento e, tamén, outro dos habituais da Cova Céltica.

Non o cavilou moito. Despois de todo as xentes logo esquencerían a falta do pai. Ten o mundo moita piedade polas que cometan os homes por grandes que aquelas sexan, ¿mais para as das mulleres?... Ninguén, solo el, sabía a da súa.

¿Non era máis mellor que os fillos ao lembrárense do pai lle perdoaran ou non a súa falta de homía de ben, que de non chegarlles tempo de térense que avergoñar da nai?

¡A memoria das nais debe sempre ser bendita!

Buscou Andrés, e atopouno a xeito, un amor fácil: fixo que fora ben sonado pola vila e que o aldraxasen por elo, e logo un día... sóupose que fuxira para longas terras, deixando muller e fillos pola compaña doutra.

Non levou nin a máis pequena valoría. Quixo que á muller e fillos lles non faltase máis que home e pai.

Ninguén se deprocatou e falaron solo mal de Andrés. Tódalas compasiós foron para a muller e os fillos.

¿Sospechou aquela o sacrificio do seu home deixando as máis caras afecciós da alma por lles tirar da deshonra? Non o sabemos: poida dar que algunha vez a concencia lle falase.

Así limpou Andrés, botándoa solo riba del, a mancha coa que o mundo poidera luxar á nai luxando a un tempo aos fillos.

.....

.....

¿Fixo ben?...

O MELLOR PRESENTE[1]

A Jaime Solá[2].

I

¡Que de recordos traguíalle aquela noite ao pobre vello!

Dende pequerrecho que tiña para el saudosas lembranzas.

Víase neno, cando na compaña dos seus irmáns, iña, inda non estrelecera, a recolle-los presentes que os Reises Magos viñan a lles deixaren de cote, tódolos anos.

Logo cando, xa garrido rapacete, deixaba o seu regalo na ventán da súa feiticeira moza e recollía en troques a recendente fror que ela deixara.

Máis tarde, marido e muller, non esquenceron o doce tempo pasado e tiñan tódolos anos: ela o presente del: el a rescendente fror dela.

Dempois viñeron os fillos e entromedias dos presentes que deixaban os Reises para os nenos non faltaban os do home para a muller; os da muller para o home.

¡Cantas alegrías tiñan os pais coa tola alegría dos fillos! ¡Case lles recordaban as dos petrucios cando eran eles nenos!

II

¡Que de mágoas en pouco tempo!

Ao andare dos anos fóronse vendo solos marido e muller.

Uns fillos alongados dos eidos: os outros mortos...

¡Canta soidade a dos vellos!

Os recordos de mellores tempos eran a fala de sempre. Co eles rexurdían muller e home.

---

[1] Este conto aparece publicado no número 408 de *Revista Gallega*, 11 de novembro de 1903.

[2] Jaime Solá Mestre (Vigo, 1874-1940) foi xornalista e escritor, fundador do xornal *Noticiero de Vigo* e da revista *Vida Gallega*.

En de chegando o víspora de Reises non deixaban endexamais o vello costume: el sempre tiña o seu presente: ela gardáballe sempre unha rescendente fror.

Termaban un do outro no punxente camiño da vida: cos anos non se desvaía o seu cariño: facíase máis grande. Tiñan medo se lles faltaren a un a calor do meiró do outro: de vérense inda máis solos.

III

E chegou o malfadado tempo.

A noite daquel víspora vía ao pobre vello soliño... moi solo...

Tamén a súa muller o deixara por sempre. A morte desfixo o ñudo que viña feito tan de lonxe.

Aquel era na súa vida o primeiro víspora de Reises pasado en tan tristeira soidade, en tantas noitebras.

Bágoas de sangue escuaban dos ollos do pobre vello.

Os seus salaios tiñan o acidume do recordo de tempos máis venturosos.

Alí vivían, diante dos seus ollos e no fondo do seu peito as alegrías daqueles tempos.

Acorado pola dor veulle un pasamento e caeu debruzado no leito solitario.

IV

Chegaron daquela os Reises Magos e non viñeron en valuto: doéronse das coitas do vello e, de máis corazón que os homes, quixeron que aquel tristeiro solitario non quedase sen o presente daquel ano.

Fixéronlle soñar co tempo feliz doutrora.

Logo pareceulles cativo o regalo e foron máis pródigos: para o librar da soidade espaventosa da súa vida fixeron que durmera por sempre.

E morreu o vello sen acordar do soño.

Foi o mellor presente que aquel ano deixaron na terra os Reises Magos.

A FESTA DA ALDEA[1]
(HISTÓRICO)

I

Convidoume un meu amigo, a quen moito estimo e que sabe canto me gusta o campo, a ir pasar na súa compaña os días da festa da aldea onde veranea.

Inda que lonxe da vila, por máis que vou vello e non estou para certos trotes, caín na tentación e aló me fun.

En de nunca eu tal outro fixera: fun de víctima propiciatoria e Dios me arredre doutra somellante que eu pola miña parte... non me arredrarei.

II

Tomámo-lo tren e baixámonos nunha das primeiras estaciós.

Alí comenzou xa Cristo a padecer.

Dende a estación á aldea hai un bon cacho de camiño.

Para a mozarría a camiñata non é cousa de coidado; mais os coma min non poden facela a pé, pois os anos e o corpo pesan.

Co meu amigo iban algúns outros. Contabamos termos bestas para todos, máis como o demo non durme fixo unha das súas e sucedeu que como víspora da festa non atopáronse cabalos abondo e solo tiñamos tres facos para sete que nos eramos.

Comenzaron daquela os tiquis miquis e ó facérense todos valentes, inda que lles non prestara a moitos o face-lo camiño *ad pedem litterae*.

Perdeuse deste xeito un tempo precioso e ao fin conviñeron todos en que un dos que debía de ir a cabalo era... eu, por... –esto deume moita carraxe– por se-lo máis vello.

Montei sabe Dios con tanto traballo e non menos medo, e para máis gusto tiven que levar de contrapeso unha garrida rapaza que viña con nosco.

---

[1] Relato publicado no número 29 de *A Nosa Terra,* correspondente ó 4 de marzo de 1908, co pseudónimo Xan do Martinete.

Botamos por fin a andar: a modiño, moi a modiño. Eu, facéndome o rapacete e tratando de ir ben prantado a cabalo, pero co medo dentro do corpo. Eu sudaba non sei se pola falta de valentía ou por leva-la compañeira que levaba. Fun rezando a tódolos santos do Ceo para que a besta non derrubase á garrida moza... e a min co ela.

III

Todo foi por ben mentramentres non deixámo-lo camiño real para entrar no camiño vello. Xa nel –viña a noite– comenzaron os meus traballos.

A besta botaba para un lado: eu tiraba para outro; mais así e todo a conxanada podía máis que min e facía que eu fórame rañando nas silveiras e toxos da corredoira, e aquí deixabamos os sombreiros a miña compañeira e máis eu nas ponlas; un pouco máis adiante eu levaba unha cotenada que me facía ve-las estrelas e todo para ao fin e ao cabo perde-los estribos e termos que apear dun modo pouco xeitoso polo que non quixen máis a besta.

O derradeiro do camiño fíxeno a pé, ás palpadelas –non vía pizca– meténdome nas fochancas, e aquí caio e alí érgome e enzarrapicándome de lama; pois para romate da romaxe comenzounos a chover e puxémonos coma pitos de mollados, chegando á casa do noso amigo cando iban a dá-las nove da noite.

A camiñata non durara sinón tres horas. Foi un gusto.

IV

O que mal comenza, peor romata, di o refrán. E así foi.

A casa inda que grande era pequena para tantos coma alí nos axuntabámonos.

Meu amigo levou máis dos que contaba por non tere cara para lle decir que non a ninguén, e como eles son tantos de familia non tiñamos cuáseque onde nos remexer.

Para que nada faltase, aquel mesmo día largaron as criadas da casa, pois lacazanas de seu ventaron máis traballo que de cote e fuxiron da queima.

A mais, unha das que levan o leite veu dicindo –verdade ou mentira– que se lle soltara o becerro e zugara da vaca e que non podía trague-lo

leite de tódalas noites. O panadeiro mandou recado de que non facía cocedoiro asta o outro día; e o carniceiro que non mataba astra mañán pola tarde. ¡Unha desfeita!

Aquí dos apuros da dona de casa para acomoda-la xente e aparellarlles cea.

Mal coma poideron ela e unha súa comadre que pasaba uns días na súa compaña amañaron algo para nos mata-la fame ¡pero que tarde foi! ¡Válalles a boa vontade!

A leña verde e mollada, non se queimaba. Tomárono a risa –malia a que a min facíame– e eran de ve-los apuros de todos eles. O meu amigo, poeta cheo de louros, vendo de facer larada dándolle aire ao lume cun abano. A dona, xa entrada en tempo, preparando o compango: o fillo máis vello batendo ovos: o compadre, tamén poeta loureado facendo picadillo: as fillas cubrindo a mesa e fregando na talaveira: e a comadre da dona, inflando as faceiras para poñer aceso o lume e coidando de se non botara fora a grasa que fervía na tixola... Ela non mui gorda ¡vaia se daquela tiña mofletes! e tan blanca de cote ¡vaia se agora tiña color!

Bo foi que o meu amigo, a súa muller, a comadre desta e todos eles son de boa paz e non se atribulan por nada, que se foran outros que eu ben me sei, adoecerían. Por fin aparellaron uns ovos coma cea para tanto demo xunto: uns vintadous por todo.

V

Chegounos a hora de irnos deitar e ¡Dios me valla! Cando coidei ter algún descanso non puido ser. Tanta familia cargara que non había leitos, nin tallos para todos. Tiven que acostarme cun dos nenos, eu que durmo sempre solo. Para máis os conxanados dos outros rapaces –unha ducia contando cuns amigos que foran lles faceren compaña– non acougaron en toda a noite e polas súas risas e faladurías non pechei ollo.

Erguinmme cedo, ao estrelecer, cando a gaita e a música daban a alborada aos veciños, e quixen ve-la fermosura do campo.

Apenas larguei da casa comenzou a chover tan forte que perdín o camiño e púxenme feito unha lástima pois esquencéndome do refrán de que "a folla canto enxoita molla" busquei o abrigo dun castiñeiro.

Cando escampou din coa casa e para me desaunar tiven que agardalo pouco e o moito. Vin outra vez ao meu amigo dálle que lle dás ao lume co abano. Sei que durmiu co el.

VI

Da festa nada vin: choveu sempre: mollouse a procesión: mollouse o baile da salida da función: mollouse a fuliada: molláronse moitos e mollouse todo.

Almorcei tarde; comín máis tarde e cenei inda máis tarde; nin o moito e ben condimentado da comida compensou a espera que lle din ao estómago.

Comprendendo o molesto que era para todos, donos e convidados, por moi contentos que estivésemos uns cos outros o que pasaba e por máis que non virasen mala cara facéndoo todo de corazón, non quixen que por min houbera máis trastornos e pretestando ter unha ocupación din a volta.

Querían que me non fora e non lles din ese disgusto, inda que eles e mais eu aparentásemos senti-lo deixarnos tan axiña. Quedaron eles tan contentos de que me eu largara e comigo os outros convidados, e eu din a volta non menos contento.

E fago xuramento de non aceptar outro convite para unha festa, sinón para época ordinaria por máis que para o ano, se Dios me dá vida, volverei a pasa-las mesmas molestias se me convidan pois terei gusto en sufrir eses malos ratos na compaña de tan bos amigos. Eso abóndame.

A MELLOR CENA[1]
(CONTO DE NADAL)

Pois non, que non. Non iba pouco a se regalar aquela noite. Dende que acordaba ir rolando polo mundo, endexamais poidera axuntar tanto diñeiro. Non che digo nada. ¡Oito reás nunha peza! ¡E todos, todos eran del, del soliño! Era para tolear.

Por lle levar un pequeno mandado, déralle tal propina un señor. Cando lla deu, o rapaciño coidou que se trabucara. Volveulla, e non foi pulo o que el deu cando, ríndose o señor, díxolle. —Non é equívoco; é toda pra ti. ¡Qué Dios llo pague!

Non, el non era coma outros dos seus compañeiros. Tiña, inda que non moitos anos —iba pra os 14— xuicio abondo. Lembrábase dos consellos da nai —pai no conocera— e non viña día ao mundo que non sintira molládo-los ollos polas bágoas ao acordo da que lle dera vida. Os tempos eran malos: el moi neno, pero non se guiaba por malos exempros; non lle salía de dentro, ¡vaia! Mal que ben, el iba sacando para o pan. Pedir, non pedía, sinón traballo e gracias a Dios íbao atopando. Se os outros rapaces do seu tempo tiñan barro a man e andaban a cotío de riola, mellor ou peor, alá eles. El fuxía das tabernas e quería ter sin lixos a concencia para ao se deitar non lle viñeran malos soños.

—

Mercou turrón do duro, pra ter que rilar máis tempo. ¿A qué sabería? Non se esquenceu dos figos pasos que tanto lle sabían, nin de medio neto de viño e unha libreta. Pan fresco e viño, dúas lambetadas ¡qué gusto! Sobráranlle inda algunhas perras e así tiña xa seguro o xantar de mañán. Para se regalar máis, aínda facía mentres de se ir á misa do galo, cenar despois e se non erguer tan cedo como de cote. ¡Un día é un día! e despois de todo ben podía se dar ese luxo: era rico.

---

[1] Conto publicado co pseudónimo Xan do Martinete no número 20 de *A Nosa Terra*, o 28 de decembro de 1907.

—

Preto da casa, atopou un pobre vello que andaba a pedir. As xentes ou por se non desabrigaren —vaia se xiaba aquela noite— ou por lles non petar, non lle facían caso ou lle non daban creto. Doeuse o rapaz do desagarimo das xentes para o vello e deulle as sobras da súa compra, para que poidera cenar aquela noite tan siñalada.

Subiu ao guardillón onde tiña o rapaz a súa pobreza. Preparou a mesa e bailou de contento ao ver tanta maxeza. O turrón e os figos no medio: o viño nun canto e a xerra da agua —o viño que máis presta aos pobres— no outro: a libreta, doradiña e fresca..... vamos, se daba xenio velo. Costáballe traballo deixa-la súa casiña, onde tanta fartura tiña aquela noite; máis o tempo fuxía, era xa hora, e tapándose ben, saliu para a misa.

—

¡Con que devoción rezou! Como pedía polos seus pais e porque Dios lle axudase na súa traballosa vida para ser sempre home de ben. Tampouco esquenceuse de pedir polo señor que tanta felicidade dáballe aquela noite tan sonada.

Saliu da misa, cheo de esperanza e confiando en Dios. ¡Canto xiaba! Aprésa, camiño da casa íbase xa relamendo pensando na fartura que nela lle agardaba, cando sintiu ao chegar ás portas os choros dun neno. Acurrunchada no marco estaba unha pobre muller. Un pequerrecho, apegado a ela, que non daba amostras de vida, choraba sin acougo, aturado coa friaxe. Colleuno no seu colo o rapaz, aloumiñouno e o neno entremedias de saloucos e coa súa media fala, díxolle que non tendo que comer, saliran a pedir; que a nai dormírase e lle non daba fala, que el tiña moita, moitísima fame...

Dun brinco o rapaz subiu á casa. Botou man ao turrón, figos, pan e viño e de paso á única manta que tiña no leito, e baixou. Acochando o mellor que pudo á nai, e facéndolle tragar, ben que mal, unhas pingueiras de viño, fixo que acordara. Deulle á pobre muller, esmorecida coa fame, o que baixara, e despois de bicar outra vez ao cativeiro, cubriunos ben coa manta, e largou sin atende-las gracias da agradecida nai.

Xa na casa o rapaz mirou tristeiramente a mesa, denantes tan chea, baleira agora. Os poucos anos trouxéronlle —por un momento na máis—

o trasacordo de que non tiña cena; mailos bos sentimentos mandaron nel e alegrouse do que viña de facer: O feito, ben feito está, díxose.

Pillou alegremente unha codia máis dura que un pedrolo e pareceulle que rilaba no turrón. Botou un grolo de auga fresca e súpolle máis que o mellor viño. Aquela pobre cena prestáballe máis que a que coidara ter: tiña a salsa de unha boa acción.

—

Matou a luz e deitouse.¡Brrr! que friaxe sentiu ao se espir; pareceulle que lle estalaban tódalas cordas do corazón. Colábase a xiada por entre das tellas que era un gusto. Non tendo unha manta con que se acochar, botou enriba da saba toda a súa roupa; nin por esas quencía máis. Unha mala noite logo pasa, díxose o rapaz, e púxose á rezar tódalas súas oraciós.

Non sabía o que lle pasaba: non podía pecha-los ollos e o sono non o tomaba; a xiada entráballe nos ósos e lle entalaba todo o corpo: pareceulle que o cuarto enchíase de resprandores, quixo erguerse e non pudo: caeu na cama coma morto e soñou...

.....

Soñou que el era un dos pastores de Belén: que el corría como os máis cando o Ánxel anuncioulles o nacimento de Dios. Que cando iba a axionllarse diante do neno-rei, este, somellante ao neno que el bicara, erguéndose nas pallas onde estaba deitado, tendeulle os braciños e sonríndolle, díxolle:

—Eu son aquel neno que aloumiñaches e que por el quedaches sin cena: son o pobre vello a quen lle díche-lo que gardabas para mañán; son o Dios dos pobres, dos humildes, dos sin agarimo, dos caritativos, dos nenos, coma ti, sin pais, dos honrados e sanos de corazón: ti, pobre rapaz, partiches comigo a túa pobreza: ti pobre rapaz, quedaches sin abrigo e sin cena por me socorrer: ti, fixéche-lo ben polo ben mesmo, e solo por meu amor, sin agarda de recompensa: eu quérote premiar: ¡mira!

Mirou o rapaz e veu unha escada toda resprandecente de luz que desde o establo perdíase no alto: Ánxeles e serafíns louvaban nas súas cántigas a Dios e pola escada baixaban o pai e a nai do rapaz, cheos de

alegría, botándolle amorosiños bicos. Correu o rapaz a eles e entromedio de bicos e apretas dos pais, o rapaz subiu ao Ceo.

.....

Estrelece: polas regandixas do tellado entra morna unha raiola que cal nimbo glorioso cingue a cabeza do rapaz, que cos brazos cruzados sober do peito e a plácida calma dos escollidos tíñase dormido para sempre…

O PREMIO[1]

(CONTO DO DIA DE REISES)

Para FUCO DE TABEAYO[2] no seu pazo de SERGUDE

I

Valente víspora de Reises, aquel. Os vellos máis vellos, endexamais acordaran outra somellante. Dende ben cedo comenzaran á cae-las folerpas. A reo, sin pararen, foran cubrindo a terra coa súa brancura. Viña a noite: a nordesía limpara de nubarrós o Ceo: a Lúa, no devalo, máis que alumear enchía todo de sombras medoñentas: xiaba.

No camiño real de Santiago, pasada Altamira, pola revolta, costa arriba, vai traballosamente camiñando un home, por se espetar na neve. Ó ve-lo xeito que leva de lle non importa-lo mal tempo, de non arroparar onde pon os pés, e de se parar, ás veces caviloso, outras falando solo e con carraxe, fai maxinar coidados moi graves ós que a tal hora e con día tan cru, puxérono en viaxe.

A tristeza de que dá mostras e o encarnado dos seus ollos —sinal de bágoas— din que as coitas deben bater máis duro no corazón daquel home, que baten as ondas do mar os días de mareira, nas penas do Orzán.

II

Cando iba a botar polo camiño vello que pola izquierda pilla pra Sergude, arroparou nun vulto deitado no foxo da carretera e cuase que cuberto pola neve. Un pouco máis lonxe, ao abrigo dun valo e medio tumbado no chan, viu unha caballería. Cheo de cursidade arrechegouse ao vulto: pareceulle ser de persona: comenzou a soparárlle a neve: era un home: sigueu na labor e conoceu ao Vinculeiro de Cañás.

---

[1] Publicado o 4 de xaneiro de 1908 en *A Nosa Terra* (nº 21).

[2] Trátase do escritor e familiar de Carré Francisco Tettamancy Gastón. No número de Vida Gallega correspondente ó 20 de maio de 1916 dedícalle tamén unha composición poética titulada "Saudades". Entre parénteses e ó lado de Fuco de Tabeo lese "Francisco Tettamancy Gastón no seu pazo de Sergude".

Coidouno morto ao ver que, malia de sacudilo a modiño e arrechegalo e medio sentalo na beira da carretera, non daba siñales de vivo. Polo si ou polo non, como non tiña conta a man para lle valer, correu ás alforxas da besta por se nelas atopaba algo para facelo rexurdir. O primeiro que tirou a fóra, foi un saquete que polo seu peso e son conoceu era diñeiro.

Veulle daquela un mal pensamento. Fitou ao seu arredor: estaba solo: ninguén o vía: alí, na súa man, tiña, podía[3] dar, para libra-lo fillo do servicio do Rei. Alá, o deixara, ¡malpocado! na Cruña, de onde el viña, no cuartel. Por máis que buscara, cansando a us e a outros ninguén lle prestaba os seis mil reás. De nada val a honradez en de sendo pobre. O prazo de novo para redimir iba xa cuase que de romate. E o pior era que tocáralle en sorte ¡vaia unha sorte! ir a Cuba: alí había guerra: os homes morrían e morrían máis polo mal, que de feridas. E despois de todo ¿que lles iba ou que lles viña aos pobres nesa guerra? morrer e nada máis. Os ricos eran os que deberían ir... xa se vería daquela que axiña a arromataban. Poucos dos que iban, viñan de volta: alá quedaban... os que veñen ¡Dios mo perdone! –pensou– era máis millor que non o fixeran, ao fin veñen todos esmirrados, cal se neles zugaran as meigas, para se morreren no mar, nos hospitales, nos camiños, nas súas casas...

¿E por que se non había de afacer co aqueles cartos? Seu fillo, primeiro que nada. O Vinculeiro estaba morto: non tiña herdeiros..... mais ¿e se estaba inda vivo.....? Se o estaba pouco tardaría en se morrer: pouca era a perda: non desfacía casa..... ¿por que non deixar a xiada arrematalo comenzado pola neve? Conforme chegara el naquel momento, poidera non chegar, ou non velo, ou solo roparar no cabalo..... e daquela..... O piquer era que ninguén vira.....

¡Arrenégote, demo! —dixo facendo o siñal da cruz— fóra tentaciós: ninguén me ve ¡é certo! máis véxome eu: veme Dios —e deixando o bolso onde o atopara, buscou e deu cunha botelliña de augardente. Foi cabo do Vinculeiro e comenzou a lle dar fretas nas siens e nos pulsos: logo, despechoulle coa navalla os dentes e coloulle un bon trago pola gorxa. Escomenzou a acorda-lo Vinculeiro e con voz tomada, así que acordou de todo, dixo: que vindo da vila, onde tivera que ir por forza,

[3] No texto lese "poida dar" pero semella ser un erro.

cando iba botar para Sergude, espantoulle a besta un can que saliu oubeando de entre us matos: el, medio entalado pola friaxe non poidera ser ter de a cabalo: derrubouno e foise bater de cabeza no marco: sinteu unha gran dolor, varréuselle o sentido e non soupo máis. Deulle as gracias ao home polo haber librado dunha morte certa, e coa axuda daquel, púdose erguer, inda que con traballo e se moito laiando.

Preguntoulle o home de se se podería ter a cabalo. Respondeulle que vería de facelo, que lle parecía que si. Fixo aquel ergue-la besta e tróuxolla. Axudou a montalo e logo tomando o ramal da caballería, botaron a andar pasiño a paso, congostra abaixo.

Foi o home lle falando ao Vinculeiro de que debería se quedar aquela noite a facerlle compaña na súa casa, alí preto, no Balvís, pois non era cousa de segui-lo viaxe, daquel xeito, sendo tan tarde como era, coas corredoiras malas de andar polo mor das rilleiras cubertas de neve, e polo pouco que alumeaba o luar, xiando cal xiaba e faltando un bon cacho de mal camiño para Cañás.

III

Chegaron ao Balvís, xa noite pecha. Petou o home á porta dunha pobre bodega: preguntaron de dentro se era Chinto quen chamara, e abriron.

Entre Chinto e a súa muller, Xela, que foi quen abriu, e a quen de paso contou como dera co Vinculeiro, axudárono a se abaixar. Levárono garimosamente, pois inda se laiaba, á lareira, sentárono modosiñamente no chete e, mentramentres Chinto desaparellaba o cabalo no alpendre, a súa muller fixo unha boa larada para se quentar o Vinculeiro e despois puxo ao lume un pucheiro con leite.

Trouxo Chinto as alforxas que deixou a carón do Vinculeiro; este facendo coma quen se recosta, apalpounas e sintindo nelas os cartos, acougou.

Fixéronlle tomar para quencer unha cunca de leite, cuasi que fervendo, e logo dixéronlle que debía de se deitar, a ver se dormexaba na cama deles, soparada solamentes da lareira por un caneiro, pois home e muller estaban afeitos a pasalo de calquer modo e abondáballes cun tallo ao pé do lume.

Foise deita-lo Vinculeiro e levou cabo del, as alforxas. Chinto, pisou na pía un pouco toxo para lle dar ao cabalo: botoulle a comida á xuvenca, e fixo outras labores. Xela pendurou da gramalleira o pote do caldo e vendo remexer no berce a súa filliña —Dios quixéralla traer facía pouco, despois de non ter mais familia que o fillo— comenzou a arrolala para deixar descansa-lo Vinculeiro.

Tomado o caldo, marido e muller, el sentado nun tallo a carón de lume, e ela na beira do lar, comenzaron a conversa así que lles pareceu que o Vinculeiro prendera no sono. Contoulle Chinto en voz mui baixa, para non despertalo, as resultas do seu viaxe: todo lle dixo: astra o mal pensamento que lle viñera e do que puidera se librar. Choraba Xela e, entromedias das súas bágoas e acidumes, tivo alentos para louvar seu home e lle dar gracias a Dios por lle non deixar segui-la mala tentación.

Calou Chinto: quedouse maxinativo, ollando sin ver para o lume que iba esmorecendo na lareira. Xela toda chorosa rezou, baixo, moi baixo e sigueu arrolando o berce onde dormía, co sono dos ánxeles, aquela inocente que non se podía dar conta das coitas que magoaban o corazón dos seus pais.

IV

Inda ben no estrelecera, xa estaba en pé o Vinculeiro. Ao sentilo, home e muller aos que o sono, máis piadoso que os homes, librara, coas súas ás invisibres, por curto tempo de penas, erguérense. Quentou Xela outro pouco leite, mentras Chinto arreaba o cabalo. O Vinculeiro tiña présa de se ver na súa casa. Tomou o leite, no que esmiolou unha pouca de broa, e cando iba xa se montar, pideulles, a Chinto termase das arrendas da besta e a Xela que tivera conta da capa, pois el iba a coller unha cousa que lle esquencera riba da cama. Volveu axiña, repetiulles as gracias por todo, díxolles adiós e arreando forte, largou corredoira adiante.

Mirábano camiña-los dous dende a cancela cando sintiuse chora-la pequena. Foi a nai a arrolala e súpeto oíuse un berro. Correu Chinto e viu que a súa muller lle amostraba riba da roupa do berce un bolso e un papel. Colleuno Chinto e leu ademirado:

Para liberta-lo fillo,
O Vinculeiro de Cañás.

O HÓRREO[1]

Pon o teu consello,
e uns diranche que branco
e outros che dirán que negro.

Era Xelo un bon rapaz. Devecíase por facere calquera favor que se lle pidira e non parecía senón que era nel unha obriga o estar decote á devoción dos seus conocidos.

Mais así e todo, inda os seus veciños lle tiñan unha certa aquela de que non era merecente, e os que máis forte marmulaban del, eran os que maormente o cansaban; pero xa é sabido, onde se sementa un favor, o que se colleita é unha ingratitude. De non, os homes non serían humáns, e búscase o máis cativo pretexto para deixar de sere agradecido.

O carácter de Xelo era doce, pouco amigo de rifar polo seu xenio mol e desexoso sempre de quedar ben con todos inda que endexamais o lograra, pois por máis que o procuraba non atinaba a lles dar gusto ou cumplimento aos máis. Indeciso acotío non facía nada sin denantes consultalo, porque así lle parecía máis acertado e lle non abondaba[2] o que el pensaba para deixar a todos compracidos: mais sempre había alguén, pois por non os cansar non se aconsellaba de todos, que dera sinales de xenreira, por quedárese sin lle pedir a el súa opinión.

Vendo que o mal somellaba non ter romedio, deuse a cavilar na traza de que debería se valer para que lle non quentaran máis os miolos cando procuraba algunha cousa, fora no seu proveito, fora no dos alleos, porque a moitos lle non prestaba ben fixera Xelo as cousas sin llas deciren antes.

Despois de moito maxinalo, pois era de natural agudo e despavilado, tendo necesidade de un hórreo novo, pois o que tiña non termaba de si de puro vello, determinou de o facer, mais sin lle pedi-lo parecer a ninguén.

Co gallo de que landreaba un dos muros da súa horta mandou vi-los xornaleiros, e no fondal, onde máis a cuberta estaba da curiosidade das xentes, deu comenzo á obra.

---

[1] Publicado no número 160 de *A Nosa Terra*, o 1 de abril de 1922.

[2] No orixinal rexístrase "abandonaba". Semella unha errata.

Rematada xa, foi chamando aos poucos, hoxe un, mañán outro: a tódolos seus amigos e facéndolles ve-lo hórreo demandáballes consello.

Inda que a obra fora ben feita e acabada, uns poñíanlle este defeito, outros, estoutro; quen atopaba baixas as cepas, quen altas; non faltou o que xulgou pequenas as rateiras contra do que as disputou por grandes. O caso é que todos cantos o vían tiñan algo que lle correxir. Xelo os escoitaba calado e atentamente e ao se despedir deles, a todos lles decía que tería en conta os seus reparos.

Deixou pasar algún tempo e logo, para a mesma hora dunha mesma tarde, deulles a tódolos veciños cita para a súa casa. Antes de pasar a velo hórreo obsequiounos cunha boa merenda e logo foron cabo da obra.

Xa diante do hórreo, Xelo díxolles que os chamara para que poideran ver cómo quedara despois de facer nel as modificacións que lle indicaran. Como ninguén se lembraba xa do que dixera, pois falaran por falar, coidando sere certo os ditos de Xelo por telos afeitos a que así fora, desfixéronse en eloxios do hórreo, e non se ouvían máis excramacións que estas:

—¡Vaia un hórreo, perrazo!

—¡Non hai outro coma el en toda a bisbarra!

—¡Este si que é todo un siñor hórreo!

E non había senón gabanzas para o ben feituco daquel.

Ríase caladamente Xelo. ¡E non se había de rir se lle non puxera man dende que o romatara!

Non foi esta a derradeira xugarreta de Xelo para cos veciños. Adeprendeu e viu que facendo en todo o paripé que co hórreo podería dárselle gusto ás xentes, engaiolándoas como parvos e facendo un a súa santa voluntade; pois as máis das críticas son, na maioría das veces, criticar por criticar e sin fundamento algún. O caso é sabérese burlar dos tales críticos facendo como fixo Xelo, non lles dando creto.

A terra chama

I

Unha leda e xuguetona raiola meteuse estrevida polas regandixas das mal pechadas contras dunha fenestra e, cal se quixera que non tardara en se recrear coa visión do ben que lle agardaba, veu a lle bicar agarimosa nas meixelas espertando do doce sono coa súa morna quentadura.

Medio abérto-los ollos e coma quen de pronto se non dá boa conta do sitio onde se atopa, ollou, cursidoso e coma recordando, a seu redor, inda non vencida de todo a preguiza do sono.

O ledo chiar dos paxariños acabouno de espavilar e tivo daquela o acordo de que non estaba xa a bordo do barco no que retornara das Américas se non que era na vella casona dos seus pais e na pintoresca aldeia de Sergude, o sitio no que pasara a noite.

II

Ergueuse de medio lado no leito, axexou no seu torno e, aos poucos, foron saíndo da penumbra en que estaban envoltas cousas conocidas abondo e que, malia de non habelas visto facía tempo, lle falaban de outros días.

Eisalou un forte salaio de home satisfeito e logo marmulou coma para sí:

—Xa foi longo tempo que o sono me non tomou como esta noite derradoira. Prestoume ben, pois dormina dun solo tirón.

Tendeuse de novo na cama cheo de ledicia e acochouse coma aquel que quere reanudado o sono interrumpido: mais viróuselle o pensamento que lle trouxo novas ideas.

Desbotando o enmolecemento que parecía querer entalalo, púxose dun pulo no chan e encomenzou a se vestir o máis aprésa que puido.

Foi logo cara a unha das ventáns e despechouna de todo. A lus penetrou a torrentes, e o sol, o craro sol do vran de Galicia, encheu de alegría, cos seus dourados refrexos, a amplia estancia.

Púdose ver estonces que quen abrira a fenestra pola que se colaron coa craridade do día os rescentes prefumes dos nosos campos, era un, si ben garrido rapaz, dos que teñen no rostro a esvaída color propia de quen resideu longos anos en terra quente.

Ollou un instante pola aberta fenestra e foi seguidamente a despechalas outras do salón.

Era este un gran aposento deses vellos pazos que lle dan tanto caráuter á nosa terra. Non tiña o sobrado gran altura, mais si abondo: o piso era de anchas táboas da recea madeira de castaño, chamada a caoba galega; o teito, con fortes vigas e pontonaxe da mesma crase, a modo de artesonado e sin cal nin pintura senón co escuro tono propio que lle dera o tempo: cinco ocos había abertos nas brancas paredes, un a cada costado e tres no frente, sendo o do medio rasgado e deixando paso a unha balcoada co balaustre de pedra e que corría ao longo da fachada, tendo nun extremo a escaleira do patín para baixar á horta.

Os muebles robustos e labrados na mesma madeira de castiñeiro, cal o leito, grande e ancho sostido por catro fortes columnas solomónicas e cos testeiros con medallas en cores arrepresentando esceas bíbricas. Pendurados nos muros e facendo xogo co leito e os seus dibuxos, grandes cadros con marcos de talla nos que se encerraban pintados lenzos con episodios da vida dos santos. A cabeceira un gran busto, mais de mediocre escultura, tendía os seus brazos amorosos.

Apenas se o mozo arreparou en todo elo. Corríalle présa olla-los campos nativos aos que non topara outros somellantes con ser tan fermosas as terras que visitara. Debruzouse na balcoada, e mudo e chorando a un tempo, entregouse á máis ardorosa das contempraciós.

Era unha desas prácidas e sereas mañáns que non teñen outras iguales de non seren nos feiticeiros agros galegos: días meigos, soñadores, nos que séntese como a vida xermina e co ela o goce do vivir; días nos que todo sonríe, lus e terra e cos que a nai natureza entoa seu máis grandioso himno de reconocemento a seu Creador polos dons e belezas que acugulou no noso bendito chan.

A lus do sol, como tamizada ao se filtrar por entromedias das follas, pintaba os campos, mentras douraba as outas cumes dos montes, coas máis delicadas cores da súa máxica paleta. Verdexaban os campos e bochaban as froles silvestres. O álito de vida da fecundada terra cos ledos rumores do vran vibraban nos ares que arrandeaban mainiñamente as ponlas das albres e os dos frolecidos campos. Os paxariños dando chíos, voaban trazando frecos de luz no espazo ao ser ferido polo sol irisado do seu plumaxe. Todo era animación e encanto no paisaxe, e todo resoaba cal lira pulsada pola man da nai natureza.

Os ollos do rapaz non acougaban xirando a súa vista dun lado para outro, se non fortando de contempra-la fermosura, regalo do espritu, de canto abranguía naqueles campos de bendición e fartura, dos que estivera alonxado.

Sumido na súa estática contempración, pouco a pouco, un doce enervamento foise apoderando do rapaz e sinteuse tan dominado pola calma e profunda paz daqueles paraxes deleitosos que non puido se tirar da infruencia que o rodeaba e un profundo sentimentro de ben estar invadiu seu espritu, seducido polos atractivos do paisaxe.

No frente por entromedias dos castiñeiros do adro xurdía a espadana da humilde eirexa da parroquia, espadana coroada polo sino da redención que somellaba cal se señalara o camiño do ceo, dos que durmían seu derradeiro sono á súa doce sombra.

Sintiu, naqueles momentos de exquisita e inefable emoción, o que endexamais sentira, unha tan doce sensación de pracer que acougaba o seu espritu e traguíalle á súa mente novos e falangueiros pensamentos.

Xa facía anos que alí non estivera e así e todo a evocación dos seus días de neno, iban acordando nel cal se foran cousas do víspora.

Adentrábaselle se apoderando del a prefunda paz daqueles ridentes paraxes; a atmósfera era tan pura e o silencio tan solemne que sintíanse os estalidos das sementes ao romperen as cápsulas que as pechaban, aos mornos bicos do sol.

No meio da súa apacibre soedade, sedante para as almas acongoxadas, a paisaxe amostrábase con toda a súa dozura e con toda a súa beleza, non prasmada senón cheia de vida, vendo fumega-los caseríos tendidos polo val e casi cubertos polo boscaxe.

Entre dos seus recordos o máis vivo que tiña era o daquel venerabre petrucio, o señor Manuel, ferreiro, que tanto afecto lle mostrara e a quen debía o adeprender a face-los ichós para pilla-los paxaros, as nasas para coller troitas e anguías nos regochos, as gaiolas de vimbios, as bailadeiras e outros mil entretenementos e xogos.

Pero se do vello non se esquencera, inda menos tiña de haberse esquencido da súa filla, unha tenra e doce rapaza, fina e feituquiña e máis bonita que o máis pintado carabel.

Compañeira dos seus xogos de neno era a única filla do vello. Inda que os seus pais eran aldeáns, non estaban carestos de certa educación e como se valían ben polo que tiñan de seu, a máis do oficio, precuraban para a súa nena unha enseñanza que non podía recibir na aldeia, poñéndoa nun colexio de monxas en Santiago. Viña á súa casa nas vacaciós, que era cando el iba a pasa-las súas en Sergude. Conxeniaron ben pronto e non paraban se un non estaba cabo do outro. O porte e as falas da neniña facíana unha moi outra das demais e así fórase estreitando máis e máis o afecto entre un e outro co ir medrando en anos —¡valentes granadeiros! el tiña doce e ela once—, astra se deran palabra de noivos, pois os rapaces non fan senón copia-lo que ven nos maores, e foron noivos si, mais co ese amor inocente e sinxelo dos nenos.

Aquel idilio comenzado nunha noite prácida de luar, ao agarimo dun castiñeiro ao pé do que sentáranse cansos xa dos xogos, foi bruscamente interrumpido.

Unha indisposición da nai obrigou a todos a retornar á vila. Alí agravouse a doenza e en poucos días morreu a que lle dera o ser. Non foi esta sola desventura a que trouxéranlle as malas fadas; non tardou en seguila o seu pai, baixo a pesadume da dor pola perda da súa amante compañeira. Ao se lembrare daqueles días tristeiros sinteu que as bágoas queimábanlle nos ollos.

Veuse así o rapaz, corto en anos, orfo e con mengoada facenda. Os parentes, non vendo nel senón unha carga, largárono para América. Por alí rolou con varia fertuna e longos traballos e de alí acaba de regresar, senón rico de todo, ao menos con que poder pasalo medianamente, mais a costa da saúde, pois viña ben cativo do corpo.

Sendo o tempo axeitado para elo acordou para descanso e ver de recobra-las forzas perdidas, pasa-lo vran na casa petrucial, un dos poucos bens que herdara dos seus pais, e nela estaba dende a víspora.

Sen se dare conta, cada vez máis, iban os seus pensamentos a se pararen no recordo da súa amiguiña. Non, non deixara nin un momento de se lembrar dela nas terras que correra nin topara con outra que a podera facer borrar da súa memoria. Xa facía mentes de que a súa primeira visita tiña de ser para o señor Manuel e a súa filla.

Estes recordos, xa doces, xa amargurados, foron enchendo súa alma de tenra melanconía. Canso da larga e muda contempración do paisaxe e

picando o sol dabondo, acolleuse á sombra do aposento e deixouse caer nun cómodo sillón; cara ao campo, entregándose por enteiro ás fantasías da súa imaxinación, mentras seus ollos, mirando sen ver, parecían abrangue-la visión daqueles prácidos e encantados lugares de égloga.

Viuno a face-lo despertar dos seus ensoños o sentir que alguén subía as escaleiras do patín. Non tardou en se deixar ver no oco da porta a simpática fegura dun home, que se xa vello, inda mostraba nas feituras do seu recho corpo, que garrido debera ser na súa mocedade. Era o Sr. Manuel.

Ergueuse o rapaz e despois de trocada unha forte apreta comenzaron súa amistosa chalra.

Pasadas, as primeiras e afusivas verbas entre dos que facían tanto tempo non se viran, interrogou o mozo ao petrucio sobor da súa familia e especialmente interesoulle noticias acerca da filla:

—Xa estará feita unha real moza, eh ¿non é certo? e añadiu con certo medo que se non acertaba a espricar temendo unha resposta afirmativa:

—Ela xa estará casada ou terá relaciós con algún rapaz.

No meio da impacencia do mozo, tardou algo en lle responder o señor Manuel e ao fin falou así:

—Como boa moza vaia se a é, inda que a min como pai non me compra o decilo. O que si pódoche contar é que non nos ten con certa aquela a min e a miña dona.

—E ¿por que?

—Verbo deso por que xa fai tempo arroparamos nela algo que nos dá moito en que covilar. Non nos espricamos en que manará o que lle pasa a Carmela. Ao revés de tódalas rapazas do seu tempo, que non se arredan do traballo, mais lles prestan tamén as divirticiós e as conversas coa mozarría, Carmela vémola de cote xa fai tempo virada noutra moi distinta. Xa sabes o risoña, cantarina e falangueira que era, pois agora pásase o día sen que fale máis do preciso. A risa morreu nos seus labios e xa non deixa ouvi-las ledas cántigas.

—Déixame pasmado, Sr. Manuel, co que me conta.

—Pois verás máis aínda, se non fora porque non creio, nin se debe crer en certas cousas, diríase que a miña filla está enmeigada e que nela

zugan as meigas chuchonas, pois a súa cara somella cal se fora de cera e non tivera sangue nas veas. Esvaíronse as frescas cores das súas meixelas e os seus ollos, cal se os cubrira un neboeiro de tristura, nas súas olladas refrexan tanta melanconía que dá ganas de chorar. Non sei que coita leva agachada no seu peito que así a pon. Por máis que lle preguntemos nada podemos saber dela, e sempre nos responde que lle non pasa nada, que nada ten, que son aprensiós nosas, mais non nos convence e tennos por eso cheos de preocupaciós.

—E non fai vostede algo para o romediar ¿nin consultaron co médico?

—Consultar, consultámola, e con algún de moita sona, que tan só dixo que eso non era mal de coidado, senón moi aquelado en rapazas novas e que co tempo xa curaría.

—¿E as distraciós non poideron poñela boa?

—Vaia se facer, facemos pola distraer; mais non tiramos proveito algún. Fóra deso ela non se doe de nada nin queixar se queixa; traballar, traballa como a que máis, no precuro da facenda sendo un verdadeiro tesouro para as labores da casa, e sin que poña endexamais mala cara a canto se lle mande.

—É estrano o que me di

—E máis estrano aínda que a unha rapaza dos seus anos lle non dé por romerías nin bailes e que sin saber porque nin por qué non, non quixera facer caso a ningún mozo dos moitos que lle rondaban a porta. Xa por esto, xa por certo respeto que todos lle teñen, malia da súa formalidade, todos lle teñen presentido que ou romatará por se meter monxa ou ten de se morrer solteira.

Non puido menos de se alegrar o rapaz, astra certo punto co que ouvira, e parecéndolle xa tempo de varia-la conversa e levala onde el quería, díxolle ao pai de Carmela:

—Señor Manuel, xa me tarda en ve-la súa filla. ¿Como non veu con vostede?

—Ela vir, viña, as ganas lle non faltaban, mais díxenlle que acougara pois non sabía se ti estarías en disposición de recibir visitas.

—Xa sabe que para vostedes sempre están abertas as portas da miña casa. Vaia, vaia, señor Manuel, por ela e dígalle que xa me tarda o vela e o lle falar.

—¡Bueno! Pois alá vou e non tardaremos.

Saíu o señor Manuel e o rapaz eisalou un salaio de satisfacción. Cheo de impacencia, facéndoselle séculos os minutos, púxose á dar voltas polo salón.

Ao senti-los pasos dos que viñan, non puido resisti-la emoción que de súpeto lle acometeu, sin se acertar a esprica-la causa. Atribuiuna a que inda estaba moi débil e por máis que quixo correr ao balcón para recibilos, non puido dar un paso e todo tremante tivo de se apoiar na táboa para termar do corpo e non dar co el no chan.

Presentáronse na porta pai e filla e o rapaz quedou coma suspenso. O recordo que de Carmela gardaba e que endexamais del se esvaíra, apresentáballa co aquela súa gracia e xentileza tan dela, e en verdade maxinaba que nada había perdido senón moito habería ganado co paso dos anos. Ao vela, no oco da porta, cinguida coas raiolas do sol, comprendeu que non se trabucara.

Era ela, si, a mesma dos días xogoraes, mais na prena frolescencia da vida, e xa toda unha muller sen que por eso as graciosas feituras do seu corpo houbéranse trocado ou perdido. Era a mesma rapaza que el maxinara, delicada e fina pero que de botón douro dos nosos prados, convertírase na espréndida roseira dos nosos xardíns. Alta, ergueita, hierática no seu porte, nin moi recia de corpo, somellábase pola morbidez e as súas doces e suaves curvas a unha das máis soberbas cariátedes gregas. Todo en ela harmónico: o seu rosto un óvalo perfeito; contribuíndo á lle prestar maor encanto certo esvaimento na cor que non poideran contrarresta-las mornas caricias do sol nin os fortes bicos do ar.

O semicírculo das súas negras sobrecellas prestáballe gracioso arco aos seus grandes e rasgados ollos, de mouras pupilas, cuio doce agarimoso ollar, tiña esa melancónica tristura dos polos que suman perdida a súa nacundeidade. O seu nariz recto e fino; a súa boca, de beizos non vermellos senón rosados, ao se entreabir un rictus máis que ledo de tristura, mostraban a brancura de marfil da súa dentadura, a súa barba redonda somellando moldeada pola gracia e a xentileza do seu torneado colo, era a do cisne. Servíalle de marco a tan gracioso conxunto unha cabeleira crecha e negra cal a sudana da que o sol somellaba cal se dela arringara refrexos metálicos ao ferila coas súas raiolas.

Se non vestía o airoso traxe doutro tempo das mozas mariñáns, había sin embargo nela tan natural elegancia e supremo arte no corte e axuste das prendas que, malia da antiestética universalidade dos traxes modernos, facían remarcar sin que ela o pretendese e sin o menor deixe de coquetería as harmónicas proporciós do seu tan garrido corpo.

Ao se veren un cara do outro sentiron ambos a dous o mesmo impulso de correr a se estreitaren entre os seus brazos, como o facían cando nenos. E se ela a costa de grande esforzo, mantívose firme cos ollos baixos e virada en vermella a brancura do seu rosto, el, non acertou a dar un paso, e tendéndolle os brazos, escramou coa máis agarimosa das falas;

—¡Carmela! !Querida Carmela!...

Esta ao ouvi-la voz que así a chamaba, avanzou cal se quixera deixárese caer nos brazos que se lle tendían e con doce e tenra voz que salíalle do corazón respondeulle:

—Xe... —mais parouse e toda trémula e volta de novo á súa pálida cor enmendouse escramando:

—Señorito Xelo...,

Roto o encanto, Xelo reprendeuna solermiñamente pois para ela non sería, non podería ser senón o vello amigo e compañeiro doutras veces, pois aquel día non era senón cal a continuación dos tempos pasados.

Sentáronse na balcoada un cabo do outro e non tendo senón ollos para se miraren e volta á entimidade de nenos, entregáronse ás doces lembranzas dos ridentes días da infancia baixo da máxica invocación do:

—Acórdaste...

II

Logo de arrecadadas algunhas das amistades deixadas de neno, pois faltaban moitos dos seus camaradas da infancia, uns pola morte que non respeta edades, outros pola emigración que non nos estrevemos a decir se é un ben ou un mal, e outros por andaren desperdigados non se sabía porque camiños e sendeiros da vida, foi Xelo encaixando no seu novo xeito de eixistencia.

O moito exercicio das longos camiñatas xa perdéndose polas fondas e sombrosas corredoiras, xa trepando congostra arriba polas pendentes

pillando algún descanso á sombra dos piñeirales, carballos e castiñeiros, para chegar por fin, ao cume da montana e se regalar coa vista da magnificencia dos paisaxes dunha variedade infinita, que non teñen outras terras pola súa monótona uniformidade; os ares puros e sans dos nosos campos; a mantenza das que chaman ao corpo, todo íbano trocándoo nun moi outro do que chegara; as cativas forzas iban tendo o vigor da mozarría; comenzara a se lle colorear e tosta-lo rosto, denantes esvaído; sentía toda a fervor do sangue que se lle renovaba nas veas e todo o seu corpo vibraba ao latexos dunha nova e forte vida.

Vendo nos seus paseos como as xentes labraban amorosamente a terra, e como esta recompensaba prodigamente os seus afáns; como os neniños apastaban o gando nas verdes pradoiras, beira do río, á sombra das albres e en campos que nin pintados para as églogas e os idilios, comprendeu como fortemente tiñan que estar ligados ao seu chan nativo os galegos, que onde queira que foran, polo moi vizosos dos lugares onde se atoparan, tiñan de senti-la feridora espiña da saudade dos eidos patrios. El mesmo sentira esa vaga saudade, no seu alonxamento da terra nai.

Xelo como noutros días iba moitas tardes e tódalas noites á casa do ferreiro, gustándolle conversar coas sinxelas xentes do campo que acudían á forxa, para repara-los instrumentos de traballo. Polas súas conversas adeprendía que ruda e traballosa é a vida do labrador e que escravos son estes homes das terras que labran e o gran amor que os cingue ao chan nativo que recompensa os seus sudores e afáns, pois en canto para os seus direitos de cibdadáns, siguen sendo, na maoría dos casos, os mesmos escravos de pasados séculos, sen outra diferencia que o troque de nome do amo. Compadecíaos e sentía como súas as mágoas e coitas daqueles seres sin ventura aos que se lles eisixen deberes sen que se lles concedan direitos. Eran para el carne da súa carne, cal se fora el mesmo un daqueles servos, non tanto do terruño como da voluntade de outros.

Mais sempre romataba por ire canto máis cedo podía, a se sentar ao pé da lareira da casa e poñérese de agradable conversa coa nai e coa súa filla Carmela, no intre non chegaba do traballo o señor Manuel, en procuro da cena, antes da que, como debera non haber desparecido de moitos fogares tan santo costume, rezaban todos en familia o Santo Rosario.

Moitas noites ao se retirare Xelo para a súa casa, entregábase a fondas meditacións. Sentíase fortemente atraído por Carmela, e se preguntaba qué crase de sentimento era aquel. ¿Amistade? ¿Amor?

Non atinaba a definilo; nas súas correirías polo mundo, os seus intreses por un lado e o recordo de Carmela, de máis forza que aqueles, habíano arredado das mulleres; poidérase dicir que non tivera xuventude nesta fase da vida. Vira, si, moitas xóvenes bonitas, fermosas, atractivas, pero sempre as ollaba indefrente e, casi sin se dare conta, as comparaba con Carmela e ningunha, ningunha era capaz de facerlle esquencer aquel seu doce e tenro recordo.

Cada vez notábase máis aprisoado por aquel desexo que lle facía buscar todo momento e ocasión en que estar a carón daquela que absorbía todo o pensamento e cabo da cal fuxían as horas sin se decatar delas. Un certo aquel interior e ao que casi non se estrevía a dar creto, facíalle creer que a Carmela lle pasaba o propio. Pareceulle, non dunha sola vez senón de moitas, que ao chegar un pouco máis tarde que o de costume a atopaba como inquieta e desacougada, e que ao entrar el, desparecía aquel ar de incomodo cal se desfai ao calor do sol, a brétema da mañán.

Inquirónse máis fondamente e comprendeu "que aquel desasosego que tiña no peito era por estare namorado como un tolo da súa compañeira de neno" .

E ¡cousa estrana! dende que tal se confesou a si propio, abondoulle co esto para que toda a confianza que se tiñan desparecera por parte de Xelo.

Difrentes veces quíxolle contar a Carmela o estado do seu ánimo e saír dunha vez da dúbida, máis cruel moitas veces que a certeza das cousas, pero como o verdadeiro amor é tímido e vergoñoso casi que falaba apenas e non acertaba a seguir unha conversa, deixando que os ollos nas súas mudas pero elocuentes miradas dixeran coa súa estática contempración, os seus sentimentos pola que se adueñara por enteiro do seu corazón.

Correron así varios días deixando o mozo para o seguinte o estreverse a face-la súa decraración; pero o tempo pasaba e Xelo, sempre indeciso, se decía:

—Mañán, será, e ese mañán tiña trazas de non chegar.

Veu nesto a famosa e de tanta sona, romaría de San Benito que se celebra o día de Santiago, na ermita do seu nome na fergresía de Anceis, non moi lonxe de Sergude.

Determinouse por todos, e moi en especial por Xelo ir a ela, porque o rapaz xa facía tempo non vira outras senón o pálido remedo que daquelas fan os galegos en terras de América como relembranza da súa amada e meiga terra.

Alá foron, ben cedo, para camiñar pola fresca e chegar a todo.

Postos de refrescos, doces, roscas, pan, de lodo había sen que faltara o tradicional carro do país co gran pelexo de viño, cuberto por unha lona coa táboa e tallos para descanso dos catadores.

Viron acudi-los moitos romeiros ofrecidos ao santo, avogoso para os bocios, infartos e outros males somellantes. Os uns vestidos cos hábitos máis ou menos caprichosos; os outros con velas de cera tan longos como a súa estatura, e os outros coas ofrendas; algúns entraban de xionllos na ermita e daban dun xeito varias voltas en torno dela denantes de penetrar no recinto. A devoción e recollimento dos que así facían era proba abondo da súa gratitude ao Santo por habelos escoitado da gran esperanza e fe que poñen nosos aldeáns na protección do Ceo, baixo o amparo do que todo o que lles pertenece queda á súa sola garda.

Ouviron a Santa Misa dita a espaldras da capela, en preno campo, tendo por cortinaxe as rodeiras dos castiñeiros e por bóveda a do azul dos ceos. Sendo grandisma a concurrencia non habería sitio para ela no interior da ermita e así en prena natureza un pobo creente tributaba súas oraciós ao supremo facedor de tódalas cousas.

No meio do santo sacrificio o sacristán puxo nas mans do devoto de máis preto a tradicional cestilla de varas para recollel-as esmolas dos fieles, dicindo o tradicional pase de man en man e así deu volta a toda a roda de xente chegando a seu primitivo destino, co diñeiro depositado polos fieles sen que endexamais se dera o caso de que algún estrevido mermara o seu contido.

Ao alzar estouparon nos ares as formidabres bombas de dinamita, mentras a desafinada murga deixaba ouvir algúns compases que parecían relembrar a marcha real, que tamén repenicaba o gaiteiro.

Non deixaron de ir a se poñe-lo santo coas frases de ritual do sacristán cando dá o golpe coa boeta na testa do creente:

Dios che quite a enfermedá
e che dea á sanidá
co poder do Ceo
e da Virxen María.
Un paternoste unha ave María.

Presenciaron a subasta das ofrendas, consistía na súa maoría en pobres hábitos.

Viron como polo burato da parede da eirexa metíase dende o atrio ao interior a xente: nenos, homes e mulleres para se curar ou librar de certas enfermedades, e non se riron pouco cando á viva forza intentaron pasar á unha muller, gorda como un cebón e que se quedou atravesada no medio do burato sin poder ir nin para adiante nin para atrás, asta que case ispida de todo, tiraron tan fortemente dela que logrou saír berrando a máis non poder e toda chea de esfoladuras.

O que non lles gustou foron a maor parte dos bailes pois fóra dun no que o gaiteiro bordaba no punteiro enxelas muiñeiras que pulía cos seus redobres o tamborileiro e ao que facían roda tres ou catro parexas, que punteaban a crásica muiñeira os demais eran ao irto son das músicas ou ao dos antipáticos organillos a cuios ecos entregábase a mozarría aos máis descarados dos agarradiños.

Quitoulles esta saburro, cando ao estare recobrando as forzas beira do río e á sombra dos abeneiros no fondo da suave pendente onde se ergue a ermita entre un poboado souto, arrodeáronos os vellos tocadores de violín que cos seus avispados lazarillos recorrían os grupos, dirixíndolles cántigas para para levar deles ou unhas perras ou algunha cousa do condumio; pero o que máis lles prestou foi a chegada do vello socarrón tañedor da medioeval zanfona que cas súas intencionadas improvisacións fixo vi-los cores a cara á xoven parexa sobor todo á fermosa rapariga.

Xa ao cae-la tarde foise desfacendo a romaría, pois así o mandaban os civiles que asistiran para termar do orden, e os de Sergude deron volta para as súas casas.

Iban diante a xentil parexa dos dous rapaces, cuase que sin se dar fala e entregados ás súas meditacións. O tempo era apacibre e sereo. Morría a

luz do día enchendo todo de vago misterio e da máis meiga melanconía. Rasgaban os ares as copras da mocedade que xa en grupos xa apareados íbanse esfumando cada vez máis nas sombras.

A lúa, cal un gran grobo de roxa cor, xurdiu por enriba do monte e pouco a pouco virándose en faz de prata tocou co seu poético resprandor os campos que somellaron revestidos de máis pompa e maxestade.

Sintiu Xelo un forte pulo do seu proer e de dar solta aos seus pensamentos, mais o que lle decía tan elocuentemente o seu curazón morreu nos labios. Por fin, tirou do varal, no que iban ensartadas, unha das roscas da festa e pasando un dedo polo buxeiro do centro díxolle a Carmela:

—Fai ti o mesmo, e a ver quen se leva a maor parte; o que eso consiga e o que máis quere dos dous. Virouse como a grana Carmela; pero fixo o que lle mandaba Xelo. Ao romperse a rosca, o rapaz foi quen se levou a máis grande porción e daquela, xa roto todo o temor, díxolle:

—Xa ves, Carmela, son eu quen máis quere, ti non me tes tanta lei. Agora vai... e cando decidido a todo iba a lle dar solta á canto lle rolaba no corazón o deixou sen fala un tenro ala-lá, ese canto craro e extenso de ritmo sinxelo, cheo de vaguedade e sentimento que vive e reina na nosa terra, canto melancónico que resoa nas soedades dos nosos campos, cando morre o día.

Entoado por unha voz fresca e xuvenil deixouse ouvi-la seguinte cántiga:

Se raíz do toxo verde
é mala de desprendere
os amoriños primeiros
sonche malos de esquencere

Esta copra, cal se fora unha intencionada alusión aos sentires daqueles dous corazóns, pechoulles os labios, cando máis abertos estaban para se entenderen os dous rapaces.

Non se deron xa outra fala no camiño: mais ao se despedire na porta da casa, Xelo parou a Carmela deixando ir aos seus pais diante e rápido e decidido, como quen non quere ter tempo a se arrepentir, lle dixo:

—¡Carmela! téñoche de falar seriamente esta mesma noite; mais ten de ser de ti para min. Virei a chamar á túa porta como quen vai de tuna.

Dillo aos teus pais para que che den o premitan. ¿Virás? e Carmela toda ruborosa e coa cabeza baixa, respondeulle:

—¡Virei!

E logo fuxiu avergonzada meténdose correndo portas adentro.

III

Cheo dese doce temor co que o amante acode á súa primeira cita, chegou Xelo cabo da casa de Carmela. Tiña medo en chamar, dubidoso entre a esperanza e o desalento. Vacilou longo rato, mais ao fin decideuse e bateu cos cotenos os tres obrigados petos e repinique dos mozos cando van chamar ás portas nas noites de tunar.

Na impacencia que o consumía facíanselle horas os segundos e creía que ninguén lle iba responder.

Disposto á recunca-la siñal, inda como quen di non a acabara de facer, ouviu que dende a cociña viñan as verbas de ritual ditas pola nai da rapaza:

—¿Quen é?

Ás que Xelo, apresurado, respondeu coas consabidas de:

—Quero moza.

Sintiu que alguén se arrechegaba modiñamente á porta e antes de que esta fora despechada, ao notar que descorrían o tarabelo, tivo medo de quen se presentara fora a petrucia para lle ofrece-la ferrada da anga de despedida, cousa que estaba afeita a lles dar aos mozos que nos primeiros tempos viñan para parolar con Carmela.

Mais; un ledo momento inda que, quedo moi quedo, chegoulle o doce acento da por el tan deseada que no tremante da fala deixaba trasparenta-la súa emoción e demandaba, por máis que sabía ben quen era o que chamaba:

—¿Quen esta aí?

—¡Son eu! ¡Xelo!

Desbotada a folla de enriba apareceu no marco a linda visión da xentil figura de Carmela, destacando envolta na roxiza aureola do resprandor da larada do fogar.

Xelo, enmeigado na contempración da ben amada non atinaba a dar fala.

Foi Carmela quen venceu o embarazoso silencio ao lle decir a Xelo, con voz que sonoulle nos ouvidos cal poden soa-las voces dos anxes no ceo.

—¡Aquí estou! ¿Qué me tes que decir que non poideras decir denantes ou na presencia dos pais?

Roto o encanto Xelo desbordouse a falar e foille contando a Carmela todo canto tiña agachado no seu corazón facía tempo.

Recordoulle os tempos de cando neno, tanto se querían; de como, sin sabere o que facían, se deran palabra de noivos e logo añadiu:

—Nas miñas correirías polo mundo endexamais sentín afecto por ningunha outra muller. Levaba teu recordo aceso no meu corazón e cando quería verte non tiña senón de pecha-los ollos. Ti e non outra cousa, inda non mo confesara, foi o que máis me obrigou a vir a estes lugares. Sentía o meu amor sen conocelo; coidaba ser tan somentes amistade a boa lei que che tiña; mais hoxe vexo que eres por enteiro miña dona do meu curazón. Dime ti, leial e sinxelamente se conservas para min a mesma estimación e que é o que debo agardar, se a miña felicidade ou a miña eterna desesperación. Fala.

—Eu ¿que hei de che decir, Xelo? Vouche falar, quizais estrevidamente; mais son filla da natureza e direiche, sin desfiguralo por medias palabras, cales son os meus sentimentos para ti. Outra, unha señorita da vila, diríachas valéndose de frases rebuscadas, mais eu non recelo en decirche a verdade enteira. Dende ben nena ganaches meu afecto. Ao te marchares para a América, cavilando de que quizais non te volvería a ver, sintín que miña alma íbase tras da túa. Fuxiu de min a alegría e consagreime por compreto ao teu recordo e a meu amor.

—¡Carmela! ¡miña Carmela!

—Déixame seguir, se queres que teña azos para romata-lo que me falta. Cando xa moza, víñanme cortexa-los rapaces, sentía unha pena moi fonda; non era Xelo o que viña, e deixábaos que se foran desenganados; se iba aos bailes, ás romerías ou a outras diversiós, medraba a miña tristeza; alí non estaba Xelo. Ninguén se deprecatou da causa das miñas tristuras; todos o xusgaban unha desas raras doenzas das mulleres: non era, Xelo, senón o moito amor que che gardaba…

—¡Ou Carmela! ¡bendita seas por esas doces falas que tanto ben me fan!

—Si Xelo, si, créemo: ti fuches o meu primeiro amor e terás de se-lo derradeiro.

—¡Carmela! ¡Carmeliña! ¿logo queres se-la miña dona por toda a vida

—Eso non, Xelo.

—¿Non? e ¿porque se é verdade tanto cariño como me dis?

—Pois por ese mesmo cariño, porque quero que sea eterno e non se vexa exposto a mengoar ou desaparecer.

—Non che entendo ¿é que ouvín mal?

—Non ouviche mal, non, atende:

Eu son filla destes campos, e ti non podes saber canto mandan en nós. Dende ben pequenos os traballamos e coidamos e eles corresponden aos nosos cariños rindíndonos o froito da semente depositado no seu seo. É como un amor que endexamais desaparece e que arrequece de día en día, amor que nos ha de faltar mentras vivamos. O amor dos homes, por moi namorados que se nos amostren é moi fácil de se quebrar máis cedo ou máis tarde ten o seu devalo...

—Pero, Carmela, eu xúroche...

—Non xures, e sigue escoitando, e verás como ti tes de me da-la razón. Non sintas estraneza porque unha rapaza aldeán che fale deste xeito. Ti ben sabes que a miña educación foi moi outra da que desgraciadamente reciben as demais.

—Seino, si ¿pero a que ven eso agora?

Verás: as mulleres do campo temos sempre dous amores: o da terra que che dixen e o amor de que ti falas; pois verbo deso porque para sermos felices os nacidos, como eu, precisamos deses dous amores, e que sean tan duradeiros un como o outro; eí tés porqué, eu que tanto che quero, quero tamén que o teu cariño sea infinito como o meu.

—Serao eterno, sin fin...

—Eso é para dito no momento dos entusiasmos, mentrasmentres perdure a ilusión...mais despois na realidade da vida, lonxe do campo onde todo é poesía, cando na vila compares á túa muller, tan difrente da máis, educada, si, pero sempre coa rusticidade das aldeáns, chegará aprésa o

desencanto e o que é máis de temer o medo ao ridículo, e esa arma, convencionalismo da envexa, matará en ti o amor, e eu sabes ben, non quero, nin que morra o teu cariño, nin que ao me faltar este, me falte tamén o da terra, alonxada destes lugares.

—Carmela, non o cavilas ben, ti toleas: eu serei sempre teu fiel Xelo…

—Non aventúre-lo que tal vez non poderás cumprir, inda que agora tan firmamente o creas; déixame coa miña coita e co fondo sentimento do che máis non ver; pero déixame co meu gran amor e coa espranza de que o teu ha de perdurar.

Abondarame este tristeiro consolo para que a miña vida de maores acidumes teña unha doce raiola que a faga máis levadeira e que as miñas mágoas teñan o consolo de que te amo, sin ver cumpridas as miñas ansias, en troques hai no mundo unha alma xemela da miña que tamén ama, e que unida á miña polo mesmo sentimento sufre ao par os mesmos feros e as mesmas coitas.

Así poderei conserva-los meus dous quereres: o teu e da miña terra. Por eso os defendo. Non, non pretendas quitarme hoxe un, se mañán me has de deixar sin outro.

—Terás sempre os dous e serás sempre a miña amantísima dona.

—Non, non confío en palabras… mais xa temos falado abondo. Sinto que as forzas me faltan e non podo máis. Non me esquenzas como eu non te hei de esquencer. E agora… se teu querer é tan grande coma o meu, se queres darme a proba de que así é, vaite…vaite lonxe, moi lonxe de aquí e lémbrate de que deixas nestas terras a quen tanto te ama, a quen seu derradeiro pensamento e súas derradeiras verbas han ser para ti…

¡Adiós, Xelo! Adiós, e para sempre.

Botou a porta Carmela mui de présa cal se tivera medo de se volver atrás e desapareceu a meiga visión. Xelo quedouse como aturdido e trastocado, mais volvendo seguidamente en sí, puxo a boca na pechadura e dixo a grandes berros:

—¡Carmela! ¡Miña Carmela! ¡Volve!

Mais tan só lle chegou o sopro dun tenro salaio que como un bico de nai veulle a refresca-los quentes labios, mentras unha voz, que se adiviñaba mollada en bágoas, respondíalle cal un doente eco lexano.

—¡Adiós! ¡Adiós e para sempre!

Á mañán siguiente sóupose con sorpresa en toda a aldea que Xelo habíase largado de súpeto, sin decir onde e sin se despedir de ninguén.

ÉPÍLOGO

Pasaron dez anos. Carmela, que se sentira decaer de ánemo, e á que, chamado o médico que dixo padecía unha desas doenzas que eles terminan en isis o en itis, fora a pasar algún tempo na montaña por consello facultativo, retornara xa á súa casa.

Prestáronlle, ao parecer, os ares das alturas e viña case boa de todo, se ben o pálido da súa cor, aumentárase, polo que ao vela tan branca e co seu a cotío tan serio todos deran en chamarlle a Virxen de cera.

Tomaba parte en tódalas labores da casa, e somentes cando nas máis rudas faenas da labranza, poñía as forzas da súa mocedade, volvíalle por momentos o recordo doutros tempos e parecían esvaírselle as sombras tristeiras que nubraban seu sempre feiticeiro sembrante.

Aquel ano a anada era en tódalas partes unha bendición do Ceo. Xa facía tempo que os campos non rendiran tanto. Precisábanse xornaleiros peros os homes escaseaban, e as mulleres, quen máis e quen menos, todas tiñan abondo por mirar polo seu.

Unha das noites, cando despois do traballo, puxéranse en conto os xornaleiros, romatada a cena, un deles, o máis vello de todos, que chegara aquela mañán despois de cumpli-lo seu compromiso noutro punto, falou dun novo compañeiro que xa facían algún tempo iba dun lado para outro, ofrecendo os seus servicios.

—Non coidedes —decía— que é un de tantos. Polido é ben polido e máis ten traza de caballero que de señor, pero ten boa man e lixeira para a faena e el solo fai a labor que tres de nosoutros e sin se render, sendo sempre el quen gana a cocha.

—A máis non é un peilán coma nós nen fai as cousas por facer e por rutina. É moi sabido e lido e dá tan bos consellos tocante ás cousas da labranza que fai arrequece-lo sementado. Casa onde vai, xente que queda enchouchada. Xa van de facerlle boas proposiciós para que nalgunha delas se quede de parada, máis non quere aceptar trato algún nese xeito. Di que o que el sabe e fai é polo ben de todos e que non un só, senón os demais teñen dereito a elo.

—Home, ouservou o Sr. Manuel, se non foras ti o que o di diríache que eses son contos que van para a feira.

—Pois élle certo e ben certo.

—¡E de donde é e como se chama!.

—¿Quen o sabe? A ninguén llo dixo: el di que é de todas partes e de ningures e que non ten nome, así é que véndoo tan finiño chámanlle O siñorito, alcume que acepta de bon xeito.

E a propósito, Sr. Manuel, xa que vostede lle fai falta xente ¿por que non vai cabo do Señorito, para ver se quer vir traballar na súa casa? Casualmente mañán termina o trato na casa de onde eu vin hoxe.

—Tes razón, e non me parece mal. ¿el está en S. Vicenzo de Vigo na casa de Barbeito? ¿Non é así?

—Así é.

—Pois ben, mañán irei falar co el.

Así o fixo e inda non rompera o día xa estaba de viaxe o señor Manuel, non sen antes lle decir á patrona que estaría de volta para o xantar do meodía…

Con farta estraneza de todos non o fixo así senón que chegou xa noite pecha e cando se iba á comenza-la cena.

Arropararon nel unha certa aquela e certo desacougo como quen está cheo de preocupaciós. As veces parescía que algo lle incirraba a falar máis contentábase con rosmar polo baixo e ollando de xeito especial para a súa dona e sobre todo para súa filla. Os mal pensados coidaban sere efecto dalgún grolo botado demais no seu viaxe.

Preguntáronlle se quedara en algo co xornaleiro que fora buscar e dixo que si: que xa quedaran arreglados e que viría á mañán seguinte, indo en dereitura para a leira en que traballaban, ganando así tempo.

Logo, dirixíndose a nai e filla, previulle que tiñan de celebrar cunha media festa o ter conseguido tan boa axuda e polo tanto que a comida das doce a levara a criada pois a filla Carmela, que era a que moitas veces a levaba para despois tomar parte nos traballos, non podía deixa-la casa porque tiña de axudar á súa casa para precurar teren todo, do xeito que lles indicou, amañando para a noite.

Así o fixo e a cousa daba xenio vela. Cubría a artesa, que facía as veces de táboa, branco mantel de liño de Padrón; a talaveira e o vidro brilaban, limpos como unha patena. Os tallos todos estaban arranxados ó redor da táboa, no medio da que, como o rei no seu trono, locía un gran xerro que, a xulgar polo que se tiña intresado había de estar chea do bon viño da colleita do Ferreiro, que tan só se cataba nas grandes festas. A carón do xerro un gran molete de cocedoiro daquela mañán, mostraba a súa dourada cortiza, sustituíndo á broa de cotío.

A cociña non estaba envolta nas sucias sombras das outras veces. A morticina lus do candil, aceso tódalas noites, estaba morta aquela.

Fixéralle canto ao rebiricocado quinqué de petróleo que nas grandes solemnidades alumeaba colgado dun reviragancho sobre do centro da mesa. Prestáballe máis craridade á cociña a labarada da lareira. Case que parecía ser día craro, dixo un dos xornaleiros.

Xa facía un bon rato que estrelecera cando ouviuse vi-la xente. Viñan entoando ledas copras e xa cerca da casa unha voz crara e doce, lanzou aos ventos a de

Se a raíz do toxo verde
é mala de desprendere
os amoriños primeiros
son máis malos de esquencere.

Ao escoitala Carmela deulle un brinco o curazón e pareceulle o eco dunha voz querida que lle traguía o recordo da triste noite no que se decidiu o seu porvir. Rompeu en quentes saloucos e asomáronselle as bágoas aos ollos que escaldaron as súas páledas meixelas.

Para desemula-la súa emoción púxose a remexer, co longo cullerón de pau, no pote do caldo, pendurado da gramalleira, ás caricias do lume do lar e logo a cuidar da xugosa tortilla de patacas con tropezós de chourizos que se pasaba na tixola.

Entraron os xornaleiros precedidos do señor Manuel e dempois de da-las boas noites e se descubriren sentáronse en torno á táboa e somentes quedou no canto da porta da cociña o novo xornaleiro.

O dono da casa dirixiuse a súa filla que máis estaba entregada aos seus pensamentos que ao cuidado cena, e díxolle:

—Carmela: a ti, como máis nova da casa, tócache face-los honores da casa. Invita, como é costume, ao novo xornaleiro para que veña a se sentar cabo de nós.

A rapaza, como quen volve dun soño, obedeceu as ordes do pai e foi cumpli-lo mandado do petrucio. Inda ben non reparou no que iba a convidar, cando deu un forte berro de sorpresa, restregouse os ollos como quen non ve as cousas ben craras, e trémula coa alegría escramou, en médeo da estupefacción de todos menos do pai que socarronamente sorría.

—¡Xesús!¡Xelo!...

E pareceu querer dun brinco e no primeiro impulso, se botar ao colo do rapaz; mais axiña repúxose do seu intento quedouse parada, baixa a cabeza e coa cara feita unha brasa pola vergonza do seu arrebato.

—Si, o mesmo, —respondeulle este adiantándose— Ti non quixeche se-la miña muller polo temor da perda dos teus dous amores. Fixécheme así comprender cal debía se-lo meu deber. Eu xa amaba a miña terra pero non estaba tan unida a ela coma ti; ao labrala vexo como nos fai tan seus como nós a facemos nosa; tiñas razón: na vida hai dous grandes cariños, o do chan onde nascimos e no que traballamos e o do fogar, que non é compreto senón vai parexo co da terra. Teño xa os dous mesmos amores que ti, amores que non han de morrer endexamais. E dito esto ¿quéresme agora polo teu marido?

Quedouse suspensa Carmela: dirixiu ollada a Xelo na que iba envolta toda a súa alma, e logo, baixo, moi baixo, toda tremante pola inesperada dita, vida así de improviso e cando menos podía a esperar, non acertou senón a balbucir:

—¿Eu? eu...farei o que os meus pais dispoñan.

—Daquela o señor Manuel, grave e solemne, falou así:

—Sodes un dino do outro. Esta é a festa dos vosos conceitos. Recibide as bendiciós dos vosos pais. Ti, Xelo, dálle unha aperta á que vai se-la túa muller. Ti, Xela, déixate abrazar do que vai se-lo teu home. E certo que a terra chama por nós, pero inda hai outra forza moito máis podente que manda máis e que é lei universal e reguladora do mundo: o amor, e se vos ordena que seades felices. Sédeo.

ISBN 84-453-3000-4

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Política Lingüística